



CONCELLO DE TEO

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL



TOMO I




Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña
E-mail opsa @ odepsa.com
Telf. 981 27 21 51 - 27 24 02
Fax 981 14 56 29

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA C.M.A.T.I.

ABRIL 2010



Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña
E-mail: opsa@odepsa.com
Telf. 981 27 21 51 - 27 24 02
Fax: 981 14 56 29

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 27-01-10 DA C.M.A.T.I.

ABRIL 2010

EQUIPO REDACTOR

Dirección de Proxecto e Coordinación:

José Díaz Sotelo. Arquitecto.

Luis Suárez-Carreño Lueje. Arquitecto.

Anxel Viña Carregal. Economista.

Consultoría de Dirección:

Juan Luis Dalda Escudero. Dr. Arquitecto.

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.

Equipo Técnico:

José Díaz Sotelo. Arquitecto.

Miguel Díaz Varela. Biólogo.

Alberto Forján Roibal. Arquitecto.

Olga Fra Gálvez. Arquitecta.

M. Mar García García. Arquitecta.

Dolores Gómez Míguez.

Ana Marquina Torres.

Luis Suárez-Carreño Lueje. Arquitecto.

Anxel Viña Carregal. Economista.

Colaboradores:

Roi Feijóo Rey.

Roberto Fernández Ordóñez.

Estela Freire Pérez.

Concepción García García.

Diego García Mejuto.

Elisa Martínez de Ubago Algarra.

Ignacio Mendizábal Herrero.

ÍNDICE

TOMO I

1.	SITUACIÓN E PERSPECTIVAS NA COMARCA	1
1.1.	ENCADRE REXIONAL E COMARCAL	1
1.2.	MAGNITUDES DE DESENVOLVEMENTO E ACTIVIDADE	4
1.2.1.	<u>A poboación</u>	4
1.2.2.	<u>A vivenda no marco comarcal</u>	8
1.2.3.	<u>Actividade económica</u>	13
1.3.	SITUACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO NOS MUNICIPIOS LÍMITROFES E DO ORDENAMENTO TERRITORIAL OU SECTORIAL	24
2.	A POBOACIÓN MUNICIPAL	26
2.1.	EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL	26
2.2.	COMPOSICIÓN E ESTRUTURA	43
2.3.	COMPOÑENTES DO CRECEMENTO DEMOGRÁFICO	47
3.	VIVENDA	50
3.1.	EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DO CRECEMENTO INMOBILIARIO	50
3.2.	CARACTERÍSTICAS DO PARQUE DE VIVENDAS	56
4.	A ACTIVIDADE ECONÓMICA. POBOACIÓN ACTIVA	58
4.1.	POBOACIÓN E ACTIVIDADE ECONÓMICA	58
4.2.	ESTRUTURA EMPRESARIAL	62
5.	ESTRUTURA TERRITORIAL E USOS DO SOLO	67
5.1	SISTEMA DE ASENTAMENTOS	67
5.1.1.	<u>Caracterización e distribución dos núcleos</u>	67
5.1.2.	<u>Ámbitos territoriais: as parroquias</u>	71
5.1.3.	<u>Dinámica territorial en desenvolvemento do planeamento vixente</u>	84
5.1.4.	<u>Interrelación e xerarquía dos núcleos</u>	86
5.2.	USOS DO SOLO	88
5.2.1.	<u>Produción, usos naturais e potencialidades</u>	90
5.2.2.	<u>Usos urbanos e industriais no territorio</u>	94
5.2.3.	<u>Equipamentos e dotacións</u>	95
5.2.4.	<u>Usos singulares e afeccións</u>	96
5.3.	ANÁLISE DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN	97
5.3.1.	<u>Morfoloxía</u>	97
5.3.2.	<u>Tipos de asentamentos</u>	98
5.3.3.	<u>Calidade ambiental dos núcleos rurais</u>	100
5.3.4.	<u>Distorsión da estrutura de asentamentos e territorial</u>	101
6.	VALORACIÓN DO MEDIO NATURAL E DO PATRIMONIO CULTURAL	103
6.1.	PATRIMONIO NATURAL E PAISAXÍSTICO	103
6.1.1.	<u>Espazos Naturais: Ríos Ulla, Santa Lucía e Pereiro</u>	107
6.2.	O PATRIMONIO CULTURAL VINCULADO AO TERRITORIO	109

6.2.1.	<u>Depósitos arqueolóxicos e castros</u>	111
6.2.2.	<u>Arquitectura Relixiosa</u>	114
6.2.3.	<u>Arquitectura Civil</u>	116

TOMO II

7.	AGREGADOS URBANOS	122
7.1.	CARACTERIZACIÓN DA ESTRUCTURA URBANA	122
7.2.	TIPOLOXÍA EDIFICATORIA E CONSOLIDACIÓN	123
7.3.	DESENVOLVEMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS	125
8.	AS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS	126
8.1.	ABASTECIMENTO DE AUGA	126
8.1.1.	<u>Rede de Servizo</u>	126
8.1.2.	<u>Nivel de servizo e consumo</u>	127
8.1.3.	<u>Ámbito de servizo e previsións</u>	128
8.1.4.	<u>Diagnose do servizo de abastecemento</u>	133
8.2.	SANEAMENTO	134
8.2.1.	<u>Sistema de Saneamento</u>	134
8.2.2.	<u>Ámbito de servizo e previsións</u>	135
8.2.3.	<u>Nivel de servizo e diagnose do Sistema de Saneamento</u>	139
9.	AS INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN, TRÁFICO E TRANSPORTE	141
9.1.	A REDE DE TRANSPORTE COMARCAL E AS AUTOESTRADAS	141
9.2.	AS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NA ARTICULACIÓN DO TERRITORIO	142
9.3.	REDE VIARIA PRINCIPAL DO MUNICIPIO DE TEO	143
9.4.	TRAZADO E FUNCIONALIDADE DA REDE DE ESTRADAS	144
9.5.	AS ACTUACIÓNS PREVISTAS DE MELLORA DA REDE DE ACCESIBILIDADE MUNICIPAL	149
9.6.	O TRANSPORTE PÚBLICO	151
10.	OS EQUIPAMENTOS	153
11.	DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO	165
11.1.	O MODELO DE ORDENACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE 1996	165
11.1.1.	<u>Obxectivos xerais de ordenación das Normas Subsidiarias de 1996</u>	165
11.1.2.	<u>Criterios e solucións de Ordenación das Normas Subsidiarias de 1996</u>	167
11.1.3.	<u>Modelo Territorial proposto nas Normas Subsidiarias de 1996</u>	169
11.2.	O PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO	170
12.	DIAGNOSE CONCLUSIVA	177

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO

SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA

MARZO 2007

ÍNDICE DE PLANOS

	ESCALA	Nº FOLLAS
1. SISTEMA DE ASENTAMENTOS E ESTRUCTURA PARROQUIAL	1/20.000	6
2. ESTADO ACTUAL DOS AGREGADOS URBANOS	1/2.000	62
3. USOS DO SOLO	1/10.000	15
4. ESTRUCTURA CATASTRAL	1/10.000	15
5. SISTEMA VIARIO	1/20.000	6
6. INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS ABASTECIMIENTO	1/20.000	6
7. INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS SANEAMIENTO	1/20.000	6
8. LOCALIZACIÓN DE INCENDIOS	1/20.000	6

1. SITUACIÓN E PERSPECTIVAS NA COMARCA

1.1. ENCADRE REXIONAL E COMARCAL

A comarca de Santiago, que é unha comarca interior da provincia da Coruña, presentou unha evolución demográfica ao longo do Século XX similar á do conxunto galego.

No pasado século, a poboación galega tense caracterizado polo cambio de signo da súa traxectoria. O crecemento experimentado ata 1950 freouse nesa década dando lugar a un estancamento demográfico que se converteu en regresión nos anos 60. Esta traxectoria recuperouse converténdose en positiva entre mediados dos 70 e dos 80 e vólvese a entrar nunha regresión demográfica nos últimos anos 80.

En conxunto, o crecemento da poboación de Galicia foi notablemente inferior ao do conxunto da poboación española ata a actualidade.

Entre 1950 e 1991, a poboación española aumentou un 22% fronte ao 3,5% do incremento experimentado pola poboación galega. Esta diferenza explícase observando as diferencias no ritmo de crecemento. A taxa anual media de incremento demográfico entre 1950-1991 foi do 0,08% en Galicia e do 0,98% para a poboación española no mesmo período. Na década 91-01, e tomando como base a poboación de dereito, Galicia perdía 24.565 Hab (0,9%), mentres que a española seguiu medrando un 3,5%.

O resultado destes dispares procesos traducíuse nunha perda constante de peso relativo da poboación galega no conxunto demográfico español. A participación porcentual de Galicia no stock demográfico español pasou de supoñer o 10,6% en 1900 ao 7,3% en 1981 e ao 6,6% no 2001 (este último tendo en conta as poboacións de dereito).

Dentro de Galicia deuse un comportamento ben diferenciado entre as provincias da Coruña e Pontevedra e as de Lugo e Ourense. Mentres as dúas últimas provincias inician unha traxectoria demográfica regresiva nos anos 50-60 debido á evolución do fenómeno migratorio, A Coruña e Pontevedra experimentaban saldos demográficos positivos, se ben non foron suficientes para evitar a redución da poboación galega no seu conxunto a partir de 1950. Esta tendencia mantívose ata a década dos 70 en que comezou unha lenta recuperación de poboación ante o freo e retorno da emigración, pero esta etapa rematou nos primeiros anos 80 e, a partir de mediados dos 80, a traxectoria demográfica galega volve a ser negativa. En 1991, Galicia reduciu a súa poboación nun 2% respecto de 1981, e un 2,1% no 2001. Todas as provincias experimentaron un retroceso demográfico desde mediados dos 80 que resulta moi

significativo no caso de Ourense, que diminuíu a súa poboación nun 17,7% entre 1981 e 2001 e na provincia de Lugo que diminúe nun 10,4% a súa poboación no mesmo período. As provincias da Coruña e Pontevedra seguen experimentando certos incrementos demográficos desde 1981 ata a actualidade pero non poden paliar a redución do conxunto galego.

Neste marco demográfico, a provincia de A Coruña presentou un crecemento sostido ao longo do século, incrementando a súa participación relativa na poboación galega, pasando de supoñer o 33,0% da mesma en 1900 ao 36,7% en 1950, o 40,4% en 1991 e o 40,6% no ano 2001.

A densidade de poboamento de Galicia sempre foi máis elevada que a media española, se ben, nos últimos anos dáse un proceso de acercamento paulatino co estancamento da densidade galega como resultado do despoboamento dalgunhas das súas provincias. No marco galego, a provincia de A Coruña presenta unha densidade de poboación superior no 50% á densidade media galega. A densidade provincial elevouse de forma ininterrompida ao longo deste século, pasando de 82 Hab/Km² en 1900 a 138 Hab/Km² no 2001.

Outra característica da poboación galega é a súa desigual distribución espacial. No ámbito das provincias dáse un proceso de concentración do crecemento nas comarcas litorais en detrimento das interiores e, dentro destas últimas, no contorno das áreas urbanas, proceso ao que non é alleo o municipio de Teo.

**CADRO Nº 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE FEITO. ÍNDICES DE CRECEMENTO.
GALICIA 1900-2001**

Áreas Xeográficas	1900	1950	1960	1970	1981	1991	2001 (*)
A CORUÑA	653.556	955.752	991.729	1.004.880	1.083.415	1.089.896	1.096.027
I.C.	100	146	152	154	168	167	168
LUGO	465.386	508.916	479.530	415.057	399.185	379.092	357.648
I.C.	100	109	103	89	86	81	77
OURENSE	404.311	457.903	451.474	413.733	411.339	347.538	338.446
I.C.	100	118	112	102	102	86	84
PONTEVEDRA	457.262	671.609	680.229	750.701	859.897	879.872	903.759
I.C.	100	147	149	164	188	192	198
GALICIA	1.980.517	2.604.200	2.607.962	2.583.674	2.753.836	2.696.398	2.695.880
I.C.	100	131	131	130	139	136	136
ESPAÑA	18.616.630	28.117.873	30.582.936	33.956.047	37.746.260	39.433.942	40.847.371
I.C.	100	151	164	182	293	211	219

(*) Poboación de dereito.

Fte.: INE/IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 2. PARTICIPACIÓN PORCENTUAL DAS POBOACIÓNS PROVINCIAIS DE FEITO EN GALICIA E DE GALICIA EN ESPAÑA

DATAS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
	% GALICIA	% GALICIA	% GALICIA	% GALICIA	% ESPAÑA
1900	33,0	23,5	20,4	23,1	10,6
1950	36,7	19,5	18,0	25,8	8,3
1960	38,1	18,4	17,4	26,1	8,5
1970	38,9	16,1	16,0	29,0	7,8
1975	38,9	15,0	15,3	30,8	7,5
1981	39,3	14,5	14,0	31,7	7,3
1991	40,4	14,0	12,9	32,6	6,8
2001 (*)	40,6	13,3	12,6	33,5	6,6

(*) Poboación de dereito.

Fte.: INE. IGE Censos de Poboación. Elaboración propia.

1.2. MAGNITUDES DE DESENVOLVEMENTO E ACTIVIDADE

1.2.1. A poboación

Centrándonos na Comarca de Santiago de Compostela, indicar que, cunha extensión de 689,80 Km², enmárcase entre dúas cuncas hidrográficas: a do Tambre no norte e a do Ulla no sur.

Sobre este territorio natural produciuse ao longo do Século XX un proceso de urbanización coa cidade de Santiago de Compostela como centro focalizador que, favorecido pola estrutura radial do viario, con centro na cidade, foi englobando en fases sucesivas as áreas de contorno. Nunha destas fases produciuse a integración de Teo, cunha clara función residencial, e, onde a expansión da capital modificou as vinculacións territoriais preexistentes e a estrutura da rede urbana.

Esta comarca está formada por sete termos municipais dos que tres, polas súas íntimas relacións funcionais, están integrando o que denominamos a área urbana da cidade: Santiago, Teo e Ames. Os outros catro son Boqueixón, Brión, Val do Dubra e Vedra.

En termos relativos, no contexto das outras áreas urbanas galegas, Santiago caracterízase por un crecente dinamismo nos tres últimos decenios. De tal modo que o seu peso demográfico no conxunto das áreas urbanas das 7 cidades galegas, que diminuíra entre 1950 e 1970 (do 11,0% ao 9,6%), tende a elevarse continuamente -e a un ritmo crecente- no período 1970-2001 (pasando do 9,6% ao 11,6%). Noutras palabras: nas tres últimas décadas a poboación medrou aquí a taxas sempre superiores á media das outras cidades, de feito nos anos 80 e primeira metade dos 90 é a cidade cun maior crecemento demográfico; o que posibilitou que Compostela fora reforzando progresivamente o seu peso dentro da Galicia urbana, e concretamente no Eixe Urbano Atlántico.

Desde a década dos 80, ademais, o dinamismo xerado pola cidade de Santiago non se limita ao termo municipal, senón que se foi desbordando gradualmente cara os espazos colindantes, expandíndose sobre as estradas radiais do Sur levando á progresiva consolidación dunha área urbana da que hoxe formarían parte, xa, pezas significativas dos municipios de Ames, Teo e, recentemente, en parte Brión. O proceso de expansión urbana supramunicipal, producido en décadas anteriores nas cidades costeiras galegas -primeiro Ferrol (Fene-Narón-Neda), despois A Coruña (Oleiros-Culleredo-Cambre-Arteixo), Vigo (Redondela-Porriño-Teo) e Pontevedra (Marín-Poio)- chega tardiamente a Santiago nos anos 80, pero consolídase cunha gran forza nos 90.

Así, nos dous últimos decenios, en concreto no período 1981-2001, considerando estritamente como área urbana de Santiago os dous municipios limítrofes (Santiago, Ames, Teo) incrementou a súa poboación de dereito nuns 21.445 habitantes dos cales, 7.785 corresponderon ao municipio central e os restantes aos municipios limítrofes. Indicar que se esta análise se fai con poboacións de feito, o crecemento da cidade central sería acorde co dos restantes concellos, posto que en Santiago de Compostela, é moi subliñable a poboación flotante cun longo tempo de residencia na cidade. Dita poboación xorde da atracción que xera fundamentalmente a universidade. En número absoluto é no período 80-96 cando o crecemento é maior, tendendo á estabilidade na actualidade. Dous son os feitos a destacar neste sentido: Santiago mantén nestas décadas, ao contrario doutras cidades galegas como A Coruña e Ferrol, unha expansión demográfica continuada; se ben o crecemento en termos relativos -de acordo co que é a tendencia xeral en Galicia- foi maior nos municipios limítrofes. Concretamente, mentres en Santiago a poboación aumentou nesas dúas décadas nun 9,5%, en Ames fíxoo nun 97%, e en Teo nun 39,8%. Sendo de salientar, ademais, a espectacular aceleración do crecemento demográfico que se constata nestes municipios periurbanos no último decenio.

CADRO Nº 3. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE DEREITO DA COMARCA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. 1981-2001.

MUNICIPIOS				VARIACIÓN %		TAXAS DE VARIACIÓN ACUMULATIVA ANUAL	
	1981	1991	2001	1981-1991	1991-2001	1981-1991	1991-2001
TEO	11.071	12.607	15.476	13,87	22,76	1,31	2,07
AMES	9.527	10.011	18.782	5,08	87,61	0,50	6,49
SANTIAGO	82.403	87.807	90.188	6,56	2,71	0,64	0,27
TOTAL A.U.	103.001	110.425	124.446	7,21	12,70	0,70	1,20
BOQUEIXÓN	5.511	4.230	4.267	-23,24	0,87	-2,61	0,09
BRIÓN	6.790	6.375	6.233	-6,11	-2,23	-0,63	-0,23
VAL DO DUBRA	6.554	5.351	4.765	-18,36	-10,95	-2,01	-1,15
VEDRA	5.791	5.051	5.031	-12,78	-0,40	-1,36	-0,04
TOTAL COMARCA	127.647	131.432	144.742	2,97	10,13	0,29	0,97

Fte.: INE. Censos de Poboación 1981, 1991, 2001. Elaboración propia.

A análise da poboación de feito na área urbana permítenos observar que na década 81-91 a porcentaxe de crecemento na cidade de Santiago é do 12,97%, e no primeiro quinquenio dos 90 (92-96) chega ata o 9,79%; polo tanto no período 81-96 o crecemento de Santiago (24,03%) aproxímase moito o crecemento total da área urbana (26,13%), o que amosa a importancia da poboación flotante na cidade, e como resumo na área urbana, xa comentado anteriormente.

Nos restantes municipios que integran a comarca (Boqueixón, Brión, Val do Dubra e Vedra) o proceso de suburbanización orixinado pola cidade alcanzou polo momento unha intensidade moito menor, facendo que o seu volume de poboación seguira diminuindo. Non obstante, os datos mostran tamén para todos eles unha nidia inflexión na década dos 90, período no que o número de habitantes –coa única excepción de Val do Dubra- tende a estabilizarse, fronte á importante caída rexistrada no decenio anterior.

O Censo de 2001 non incorpora o dato da poboación de feito. Os datos cos que contamos indican que neste decenio acelerouse notablemente o dinamismo demográfico da cidade e de toda a súa comarca. En concreto:

- Diminúe o crecemento da poboación de dereito da cidade (0,27% acumulativo anual no período 1991-2001, fronte ao 0,64% anual do decenio 1981-1991).
- Iso acompañouse dunha aceleración moito maior da expansión nos municipios limítrofes, particularmente en Ames; de tal modo que no conxunto da área urbana a taxa de crecemento da poboación case que se duplicou (1,2% anual, fronte a 0,70% anual na década dos 80). Como consecuencia, nos anos 90, de forma aínda moito máis clara que no decenio precedente, aparece como a área urbana máis dinámica demograficamente do Eixe Atlántico galego, con taxas de crecemento que máis que duplican as das áreas da Coruña e Pontevedra e máis que triplican a de Vigo. Expresado noutro dato, que pode resultar máis gráfico: a pesar da súa dimensión moito menor, a área urbana de Santiago rexistrou na década dos 90 un incremento absoluto do número de habitantes -de dereito- (ó redor de 16.700) próxima á área da Coruña (18.300) e superior á de Vigo (13.400). Esta situación sería máis patente se a análise da evolución se realizase coa poboación de feito, toda vez que esta é moi significativa en Santiago e na súa área urbana, fronte ás outras nas que a poboación flotante ten menos peso.

No plano da evolución interna da área urbana, hai que salientar que é nesta última década cando se dispara o aumento da poboación nos municipios limítrofes, ata superar amplamente as taxas de incremento rexistradas pola propia cidade, mostrando así a consolidación do proceso de metropolización iniciado nos 80.

Plasmado nunha cifra: se na década dos 80 o ritmo de crecemento da área urbana foi similar ao da cidade (0,70% da A.U. fronte a 0,64%), nos anos 90 a multiplica (1,42% da A.U. e 0,27%, respectivamente). Novamente recordar que se a análise se fai sobre a poboación de dereito as diferencias diminúen sensiblemente, posto que o peso da poboación flotante na comarca de Santiago é moi importante con localización maioritaria na súa área urbana. Ademais as características da poboación

flotante de Santiago fan que sexa un conxunto de residencia longa na cidade, e de aproveitamento dos seus servizos. Está formada por estudantes ou traballadores que pasan en Santiago máis de dous tercios do ano. Parte desta poboación remata fixando a súa residencia no municipio ou na súa área urbana, pasando a engrosar a poboación estable.

- Finalmente, os datos mostran que o dinamismo xerado pola cidade de Santiago tende a desbordar progresivamente non só os límites do municipio central, senón tamén os límites da área urbana antes delimitada, difundíndose aos restantes municipios da comarca (Boqueixón, Brión, Val do Dubra e Vedra). Isto é o que cabe deducir da mellora relativa que experimenta a dinámica demográfica de todos eses municipios, que no seu caso se traduciu polo momento nunha estabilización aproximada da poboación nos anos 90 en contraste co significativo descenso dos decenios precedentes.

Na pasada década, esta tendencia xeral comarcal mantense, estabilizándose a caída da poboación nos municipios da comarca.

A cidade de Santiago, como focalizador da comarca, presenta gran dinamismo que se proxecta nos municipios limítrofes, de tal modo que no conxunto da área urbana a taxa de crecemento de poboación multiplicouse por 2 con respecto á década anterior (1,42% na década dos 90 fronte ao 0,70% na dos oitenta).

A densidade media da Comarca de Santiago de Compostela é en 1991 de 190,5 Hab/Km², aproximadamente vez e media a media provincial o que vén corresponder cun territorio profusamente ocupado. Se nos referimos só á área urbana, esta densidade medra ata os 237 Hab/Km² (case que o dobre da media provincial).

Dentro da Comarca, o municipio de Teo presenta unha densidade en 1991 inferior á media, 164 Hab/Km², cunha poboación de dereito que supón o 9,6% da poboación comarcal, sobre un 13,6% do solo comarcal. Pero esta densidade sofre un incremento continuado, estando no ano 2001 en 204 Hab/Km² para Teo fronte aos 210 Hab/Km² comarcais, aumentando o seu peso demográfico no conxunto da comarca ata o 10,7%.

Estes indicadores achégannos ao crecemento demográfico de Teo dentro da súa comarca.

1.2.2. A vivenda no marco comarcal

O último dato censual dispoñible é o que aporta o Censo de 2001. Segundo esta fonte o parque de vivendas da comarca ascendía a 68.882. O 18,85% das vivendas provinciais, mentres a poboación nesa mesma data supón o 13,47% da provincial.

Durante as dúas décadas anteriores, o crecemento do parque de vivenda na comarca compostelá foi do 93,8%. Entre 1991 e 2001 o número de vivendas da comarca incrementábase un 28,8%, porcentaxe inferior ao sufrido na década 81-91 en que o número de vivendas incrementábase nun 17%. Na década 70-81 este incremento foi moi alto supoñendo o 48%.

Neste período a área urbana de Santiago é quen leva a maior porcentaxe do crecemento absoluto das vivendas, que pasarían de representar o 86,07% do total comarcal en 1981 ao 89,07% no ano 2001.

É dentro da área urbana, na que se localizan os municipios de Teo, Ames e Santiago, onde o crecemento do número de vivendas é maior, sendo o de Teo e sobre todo o de Ames os máis subliñables na última década. O municipio de Santiago, acolle o 44,3% do crecemento da área urbana.

Por porcentaxes, se o incremento de Santiago era o máis importante da comarca na década 81-91 co 66,81%, este diminúe a 41,72% na década 91-01. Pola contra o de Ames medra espectacularmente ata representar o 38,73% do crecemento fronte ao 12,81% do 81-91, e o de Teo mantén un ritmo de crecemento residencial establece nas últimas dúas décadas supoñendo aproximadamente o 14% do incremento do número de vivendas da comarca.

Entre os restantes municipios da comarca cabe facer mención ao caso de Brión, que na última década incrementa o seu parque edificado en 635 (71,2% de incremento) pasando de supoñer o 1,67% do incremento comarcal na década dos 80 a representar o 4,12% na década dos 90.

CADRO Nº 4. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DE SANTIAGO. 1981-2001

							INCREMENTO			
	1981		1991		2001		1981-1991		1991-2001	
MUNICIPIOS	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%
TEO	2.870	6,66	4.320	8,08	6.435	9,34	1.450	13,98	2.115	13,72
SANTIAGO	31.525	73,17	38.486	72,00	44.919	65,22	6.961	67,13	6.433	41,72
AMES	2.694	6,25	4.022	7,52	9.995	14,51	1.328	12,81	5.973	38,73
TOTAL A.U.	37.089	86,08	46.828	87,60	61.349	89,07	9.739	93,92	14.521	94,17
BOQUEIXÓN	1.150	2,67	1.246	2,33	1.421	2,06	96	0,93	175	1,13
BRIÓN	1.674	3,88	1.847	3,45	2.482	3,60	173	1,67	635	4,12
VAL DO DUBRA	1.674	3,88	1.920	3,59	1.883	2,73	246	2,37	-37	-0,24
VEDRA	1.505	3,49	1.620	3,03	1.747	2,54	115	1,11	127	0,82
TOTAL COMARCA	43.092	100,00	53.461	100,00	68.882	100,00	10.369	100,00	15.421	100,00

Fte.: INE. Censos de Vivendas. Elaboración propia.

Considerando o crecemento de vivendas na última década, o incremento do número de vivendas en Ames sería dun 148,5%, mentres a súa poboación increméntase nun 87,6%. Estes mesmos indicadores supoñen para Teo un incremento residencial de 49,0% fronte ao 22,76% de incremento demográfico. Para Santiago o crecemento do número de vivendas é do 16,7% e o demográfico -tendo en conta só a poboación de dereito- sería do 2,71%, se o crecemento demográfico se analizase sobre a poboación de feito, a porcentaxe achegaría máis ao crecemento residencial.

Observamos que o crecemento das vivendas así analizadas mantén unha evolución que amplía significativamente a da demografía. No conxunto comarcal a situación é similar, o número de vivendas medra un 59,9% no período 1981-01 e a poboación tan só un 10,13%.

En canto ao parque ocupado de vivendas analizando as dúas últimas décadas 81-01, vemos que en municipios comarcais que sufriron o maior crecemento, coma Ames ou Teo, a porcentaxe de vivendas ocupadas descende significativamente. En Teo este descenso decenal na ocupación representou 2,4 puntos porcentuais nos 80 e 2,9 nos 90. Esta disparidade débese á desproporción detectada entre o crecemento residencial e o crecemento demográfico, así como na propia expansión da construción de vivenda nova que determina o aumento do parque de vivenda en oferta.

No conxunto comarcal, a porcentaxe de vivendas ocupadas increméntase en 1,5 puntos nos 80 e 3,0 nos 90. Para o total da área urbana este incremento na ocupación está en 3,3 puntos nos 80 e 2,8 nos 90, o que vén determinado polo importante crecemento da ocupación en Santiago, en parte afectado polo criterio de exclusión censual en 1981 de parte do parque de vivenda en aluguer de temporada estudiantil.

**CADRO Nº 5. EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS OCUPADAS EN TEO E A COMARCA DE SANTIAGO.
1981-2001**

							INCREMENTO			
	1981		1991		2001		1981-1991		1991-2001	
MUNICIPIOS	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%
TEO	2.490	7,38	3.640	8,42	5.234	9,07	1.150	12,17	1.594	10,99
AMES	2.337	6,92	2.828	6,54	7.832	13,57	491	5,20	5.004	34,50
SANTIAGO	23.742	70,33	31.106	72,01	37.910	65,69	7.364	77,92	6.804	46,91
TOTAL A.U.	28.569	84,63	37.574	86,97	50.976	88,33	9.005	95,29	13.402	92,40
BOQUEIXÓN	988	2,93	1.151	2,66	1.339	2,32	163	1,72	188	1,30
BRIÓN	1.500	4,44	1.657	3,83	2.103	3,64	157	1,66	446	3,08
VAL DO DUBRA	1.422	4,21	1.505	3,48	1.672	2,90	83	0,88	167	1,15
VEDRA	1.280	3,79	1.323	3,06	1.623	2,81	43	0,45	300	2,07
TOTAL COMARCA	33.759	100,00	43.210	100,00	57.713	100,00	9.451	100,00	14.503	100,00

Fte.: INE. Censos de Vivendas. Elaboración propia.

**CADRO Nº 6. EVOLUCIÓN NA OCUPACIÓN DAS VIVENDAS EN TEO E A COMARCA DE SANTIAGO
EN %**

MUNICIPIOS	1981	1991	2001
TEO	86,8	84,4	81,3
AMES	86,7	70,3	78,4
SANTIAGO	75,3	80,8	84,4
TOTAL A.U.	77,0	80,3	83,1
BOQUEIXÓN	85,9	88,8	94,2
BRIÓN	89,6	89,7	84,7
VAL DO DUBRA	84,9	78,2	88,8
VEDRA	85,0	81,7	92,90
TOTAL COMARCA	78,3	80,8	83,8
PROVINCIA	79,7	80,3	82,2

Fte.: INE. Censos de vivendas. Elaboración propia.

Polo tipo de ocupación as vivendas principais no ano 91 supoñen o 67,26% do total das da comarca, un valor inferior á porcentaxe provincial en 3,20 puntos. As secundarias, sen embargo, superan nun 3,67% a porcentaxe provincial e as baleiras supoñen un 0,5 % máis. Para a área urbana a porcentaxe de vivendas principais é un punto inferior ao da comarca, sendo superior o peso das secundarias e baleiras. No ano 2001, as vivendas principais seguen supoñendo unha porcentaxe inferior ás provinciais (66,52% fronte a 70,20%) cunha diferenza semellante. As secundarias, sen embargo, superan en máis de 5 puntos á media provincial acadando unha porcentaxe do 17,27%. As vivendas baleiras na comarca descenden porcentualmente, situándose un punto e

medio por debaixo da media provincial, na estudiantil e o menor tamaño das agrupacións que residen nunha vivenda xustifican estes parámetros de incremento das vivendas secundarias en detrimento das baleiras.

No ano 91, por municipios, a maior porcentaxe de vivendas baleiras situábase en Ames, seguido do Val do Dubra e Santiago, Ames e Santiago expresión do grande crecemento do parque de vivenda, Val do Dubra da crise rural na comarca. Para as vivendas secundarias son as de Santiago as que ocupan o primeiro lugar dando conta do fenómeno da vivenda para estudantes xeneralizada seguido das de Boqueixón e Val do Dubra, que aportarán expresión do fenómeno emigratorio rural.

No caso de Teo amósase unha alta porcentaxe de vivendas principais, por riba das medias comarcal e provincial; a ocupación das urbanizacións dos Tilos e Montouto explicarían esta situación.

No ano 2001, a maior porcentaxe de vivendas baleiras segue en Ames, seguido de Teo, Santiago e Brión. Para as secundarias, no ano 2001, seguen sendo as de Santiago as que ocupan o primeiro lugar, debido á ocupación maioritaria de estudantes seguido de Vedra, Ames e Boqueixón, como situación preferente de vivendas de segunda residencia e fin de semana.

A porcentaxe de vivendas principais de Teo no ano 2001 segue estando por riba das medias comarcal e provincial, aínda que o descenso sufrido na última década aproxímaa máis ás citadas medias.

A análise do peso relativo das vivendas comarcais na provincia presentaba os seguintes resultados no ano 91: as vivendas principais da comarca supoñían o 11,49% do total provincial; as baleiras o 11,75%, sendo as secundarias cun 16,54% as que presentaban o maior peso no conxunto provincial. Amósase así a extraordinaria importancia que acadou en Santiago un tipo de vivenda secundaria, a vivenda estudiantil de aluguer por temporada que constitúe unha singularidade tal que destaca estatisticamente fronte aos fenómenos de segunda residencia provinciais convencionais relacionados coa segunda vivenda e moi especialmente coa vivenda en municipios do litoral.

Este fenómeno mantense na última década. Así, as vivendas secundarias da comarca incrementan o seu peso e supoñen o 19,10% do total provincial. Tamén se incrementan as principais e baleiras pero dun xeito máis moderado ata acadar o 12,54% e o 12,04% respectivamente.

CADRO Nº 7. PARQUE DE VIVENDAS SEGUNDO DESTINO NA COMARCA DE SANTIAGO. 1991.

MUNICIPIOS	OCUPADAS				BALEIRAS E OUTRAS		OCUPADAS		BALEIRAS E OUTRAS	TOTAL
	PRINCIPAIS		SECUNDARIAS				PRINCIPAIS	SECUNDARIAS		
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%	% TOTAL	% TOTAL	% TOTAIS	
TEO	3.254	9,04	390	5,40	676	6,56	75,32	9,03	15,65	100,00
AMES	2.637	7,33	191	2,65	1.194	11,59	65,56	4,75	29,69	100,00
SANTIAGO	25.082	69,68	6.024	83,45	7.380	71,66	65,17	15,65	19,18	100,00
TOTAL A.U.	30.973	86,05	6.605	91,50	9.250	89,81	66,15	14,10	19,75	100,00
BOQUEIXÓN	1.014	2,82	137	1,90	145	1,41	78,24	10,57	11,19	100,00
BRIÓN	1.492	4,15	165	2,29	190	1,84	80,78	8,93	10,29	100,00
VAL DO DUBRA	1.326	3,68	176	2,44	418	4,06	69,06	9,17	21,77	100,00
VEDRA	1.188	3,30	135	1,87	297	2,88	73,34	8,33	18,33	100,00
TOTAL COMARCA	35.993	100,00	7.218	100,00	10.300	100,00	67,26	13,49	19,25	100,00
PROVINCIA	313.354	-	43.648	-	87.686	-	70,46	9,82	19,72	100,00
COMARCA/PROVINCIA	11,49		16,54		11,75					

Fte.: INE. Censos de Vivendas. Elaboración propia.

CADRO Nº 8. PARQUE DE VIVENDAS SEGUNDO DESTINO NA COMARCA DE SANTIAGO. 2001

MUNICIPIOS	OCUPADAS				BALEIRAS E OUTRAS		OCUPADAS		BALEIRAS E OUTRAS	TOTAL
	PRINCIPAIS		SECUNDARIAS				PRINCIPAIS	SECUNDARIAS		
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%			% TOTAIS	
TEO	4.682	10,22	552	4,64	1.201	10,75	72,76	8,58	18,66	100,00
AMES	6.473	14,13	1.359	11,43	2.163	19,37	64,76	13,60	21,64	100,00
SANTIAGO	28.828	62,91	9.082	76,37	7.009	62,76	64,18	20,22	15,60	100,00
TOTAL A.U.	39.983	87,26	10.993	92,44	10.373	92,88	65,17	17,92	16,91	100,00
BOQUEIXÓN	1.153	2,52	186	1,56	82	0,73	81,14	13,09	5,77	100,00
BRIÓN	1.852	4,04	251	2,11	379	3,39	74,62	10,11	15,27	100,00
VAL DO DUBRA	1.447	3,16	225	1,89	211	1,89	76,84	11,95	11,21	100,00
VEDRA	1.385	3,02	238	2,00	124	1,11	79,28	13,62	7,10	100,00
TOTAL COMARCA	45.820	100,00	11.893	100,00	11.169	100,00	66,52	17,27	16,21	100,00
PROVINCIA	365.271	-	62.259	-	92.768	-	70,20	11,97	17,83	100,00
COMARCA/PROVINCIA	12,54		19,10		12,04		41,58			

Fte.: Censo de Vivendas. Elaboración propia.

1.2.3. Actividade económica

Actividade, ocupación, paro.

No aspecto económico, a comarca de Santiago amosa diferente comportamento segundo se analice a área urbana ou os restantes municipios.

En canto á poboación activa, e tomando como referencia os datos dos últimos Censos de Poboación vemos que a taxa de actividade comarcal en 1991 estaba por riba das medias provincial e galega, sendo bastante homoxénea nos concellos da área urbana que presentan unha conxunta do 52,49%. A taxa de actividade máis baixa na área urbana era a de Teo, medio punto por debaixo da media (51,92%), sendo, no conxunto da comarca, o Concello de Val do Dubra o que tiña a taxa máis baixa (42,69%). No ano 2001 esta situación refórzase, elevándose a taxa de actividade comarcal 4,3 puntos porcentuais sobre a provincial, e 5,6 puntos sobre a autonómica. Teo mantén a taxa de actividade máis baixa da área urbana (55,0%) e Val do Dubra a da comarca (46,1%).

En canto á taxa de actividade por sexos é de destacar a incorporación ao traballo das mulleres, na que as taxas da área urbana e da comarca superaban as medias provincial e galega. Os casos máis destacables eran Boqueixón (42,56%) e Santiago (40,28%) sendo o Val do Dubra o que presentaba a taxa de actividade feminina máis baixa de toda a comarca (17,19%). Teo ocupaba no comezo da década unha taxa de actividade feminina inferior ás medias. No ano 2001 mantense esta tendencia sendo a taxa de actividade feminina na área urbana e na comarca, moi superior á galega.

No caso da actividade masculina vemos que as porcentaxes seméllanse sensiblemente entre si superándose as medias provincial e galega tanto no caso da comarca como da área urbana. No ano 91, é de destacar o caso de Teo que presenta a maior taxa de activos masculinos da comarca, cun valor que supera en tres puntos a media comarcal. No ano 2001 é o Concello de Ames o que supera en máis de seis puntos a media comarcal de activos masculinos.

CADRO Nº 9. TAXAS DE ACTIVIDADE 1991-2001 (%)

	TAXA ACTIVIDADE		TAXA HOMES		TAXA MULLERES	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001
TEO	51,9	55,4	73,1	68,8	32,8	42,9
AMES	52,3	61,9	70,9	73,0	35,6	51,6
SANTIAGO	53,8	55,1	69,4	65,0	40,3	46,6
BOQUEIXÓN	55,5	54,2	69,3	64,2	42,6	44,7
BRIÓN	48,2	52,0	70,2	63,3	28,4	41,8
VAL DO DUBRA	42,7	46,1	69,6	56,6	17,2	36,2
VEDRA	48,9	49,2	66,6	63,7	33,3	36,1
TOTAL ÁREA URBANA	53,3	56,2	70,0	66,9	38,7	46,7
TOTAL COMARCA	52,6	55,3	69,8	66,0	37,5	45,8
PROVINCIA	49,1	51,0	67,0	62,4	33,0	40,7
GALICIA	49,2	49,7	66,4	61,3	33,6	39,1

Fte.: IGE. Censo de Poboación 1991-2001. Elaboración propia.

Na década dos 80 a poboación dedicada ao sector primario, foi perdendo peso en todos os concellos, en favor basicamente do sector terciario. Os tres municipios da área urbana están por riba das medias provincial e galega no que ao peso da ocupación nos servizos se refire para o ano 1991. Isto deixa ver que o efecto de capitalidade converteu a esta área urbana nun centro especializado de servizos, producíndose un grande incremento na década dos 80, sobre todo no municipio cabeceira de Santiago. Esta tendencia refórzase na dos 90.

Este proceso fora impulsado, especialmente, pola institucionalización da capitalidade administrativa, se ben exprésase en outros moitos subsectores dos servizos que se desenvolveron extraordinariamente no conxunto das cidades galega. De todos modos había sectores dentro do terciario que tiñan aínda no comezo da década dos 90 un cociente de localización por debaixo da media, o que suxería unha potencialidade non desenvolvida fronte ás vantaxes que supuña a capitalidade administrativa. Os datos do Censo de 2001 veñen a confirmar que a década dos 90 afianzou a presenza de diversos subsectores dos servizos, con crecente importancia do sector privado. Este dato é patente na porcentaxe de poboación ocupada no sector servizos que no ano 2001 acadou o 76,3% na área urbana, moi por riba das medias provincial e galega (59,9% e 57,9% respectivamente).

Estas actividades de servizos como as da industria e mesmo a construción local fanse sobre todo en Santiago, nutrindo crecentemente con traballadores que residen ou pasan a residir nas localidades limítrofes. Unha proba evidente do que se comenta é que nas estatísticas de localización de emprego por conta allea, o municipio de Santiago de Compostela concentra unha porcentaxe relativamente alta sobre o total da súa

poboación fronte a existente noutros municipios coma Ames ou Teo, o que avala a percepción de que estas zonas son residenciais de persoas que traballan en Santiago.

A pesar da especialización terciaria, non se debe ignorar a presenza da actividade industrial, aínda que relativamente inferior á doutras cidades galegas. Se se compara a área de Santiago-Teo-Ames coa área metropolitana da Coruña obsérvase que, considerando a poboación, existe unha densidade similar no emprego total por conta allea ou no número de establecementos, pero esta densidade é significativamente inferior no sector industrial. Esta menor especialización reflíctese no Índice industrial elaborado por “La Caixa” para o ano 1999, cando Santiago se situaba no valor 94, superado na provincia da Coruña pola capital provincial (714), Arteixo (218), As Pontes (189) e Ferrol (97). No resto de Galicia alcanzan valores superiores os municipios de Vigo (682), Ourense (163), Lugo (143), Pontevedra (132) e Porriño (114). De ser veraz esta información, Santiago ocuparía o décimo lugar entre os municipios galegos en canto á súa presenza industrial.

Dentro do conxunto de empresas que configuran a base industrial da comarca, sobresaen, pola súa facturación, as pertencentes ao sector da madeira e ao de material electrónico. No municipio de Santiago existe unha gran empresa industrial, Financeira Maderera, S.A., que lidera xunto coa portuguesa Sonae o sector en España e, ademais, un importante complexo en alta tecnoloxía formado por Televés-Intelsis. Das restantes empresas, de menor dimensión, cabe sinalar o desenvolvemento da industria da fabricación de vehículos nun segmento onde non é posible a produción en masa coma por exemplo nos vehículos especiais, ou o das artes gráficas.

Os últimos anos sobresaen pola escasa creación de novos establecementos industriais por debaixo das expectativas da zona, sen embargo, o investimento dos novos establecementos está por riba da media polo que se trata de empresas cun tamaño algo superior ao doutras zonas galegas, máis intensivas en capital e cun maior investimento por emprego xerado.

Se se toma a información dos proxectos industriais que recibiron subvencións da Administración Central ou Autonómica, destacan os investimentos no sector da madeira, que se presenta como un dos máis dinámicos da comarca de Santiago e do municipio de Teo.

Aínda que cun peso decrecente dentro da estrutura económica do municipio, non poden deixar de mencionarse as actividades relacionadas co ámbito agroalimentario, tanto as referidas á produción coma as ligadas á comercialización. No primeiro aspecto a elevada extensión da comarca (689,8 Km²) fai que, a pesar da importancia dos procesos

de urbanización subsista unha actividade agraria, e especialmente gandeira e cuns recursos e potencialidades non desprezables.

Nos municipios comarcais exteriores á área urbana, o sector primario seguía a ser dominante no 91 en dous deles (Boqueixón e Val do Dubra), presentando nos casos de Brión e Vedra, por influencia afastada da cidade central, un reparto máis equilibrado entre os tres sectores. No ano 2001, e dada a proximidade de Boqueixón á cidade central, gaña peso o sector servizos en detrimento do primario, aínda que segue mantendo unha porcentaxe por riba das medias provincial e galega; igual que os restantes municipios de fóra da área urbana.

No ano 91, a comarca no seu conxunto presentaba tamén unha porcentaxe de poboación ocupada no sector terciario (61,7%) por riba das medias provinciais e galega (48,0% e 45% respectivamente) sendo o sector primario o que acada valores máis afastados das citadas medias. Esta proporción incrementábase no ano 2001 chegando na comarca ao 73,5% no sector terciario, fronte ao 59,9% e 57,9% da provincia e Galicia.

CADRO Nº 10. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA DA ÁREA URBANA POR SECTORES (%)

	PRIMARIO			SECUNDARIO			TERCIARIO		
	1981	1991	2001	1981	1991	2001	1981	1991	2001
TEO	30,8	14,3	2,8	36,3	33,4	28,2	32,8	52,3	69,0
AMES	34,9	18,4	2,5	32,9	34,9	22,7	32,3	46,7	74,8
SANTIAGO	6,2	4,0	2,0	25,0	24,0	18,9	68,8	72,0	79,1
TOTAL ÁREA URBANA	11,9	6,4	2,5	27,0	26,1	21,2	61,1	67,5	76,3
PROVINCIA	30,4	19,1	9,6	30,2	32,9	30,5	39,4	48,0	59,9
GALICIA	39,3	23,8	11,1	27,7	31,2	31,0	33,0	45,0	57,9

Fte.: Galicia en Cifras. Censos de Poboación. IGE. Elaboración propia.

CADRO Nº 11. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NO RESTO DA COMARCA POR SECTORES (%). 1991.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		TERCIARIO	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001
BOQUEIXÓN	44,1	17,9	22,1	26,3	28,1	45,8
BRIÓN	32,4	14,6	32,6	29,3	35,0	56,1
VAL DO DUBRA	42,1	26,8	27,9	30,6	30,0	42,6
VEDRA	35,0	13,1	31,8	32,7	33,2	54,2
TOTAL COMARCA	11,6	4,3	26,7	22,2	61,7	73,5

Fte.: IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

Segundo a mesma fonte, Censo de Poboación, en 1991 a taxa de paro do municipio de Teo era do 13,57%, inferior a todas as outras (área urbana 17,02%; comarca 15,90%;

Provincia 16,61%; Galicia 16,30%), o que suxire o feito de que a nova poboación que atrae este concello, está ocupada nunha porcentaxe elevada. Os datos do ano 2001 amosan que a taxa de paro en Teo segue a ser a máis baixa da comarca, diminuíndo nun 31,2% respecto á do 91.

CADRO Nº 12. TAXAS DE DESEMPREGO.

TAXA DE PARO	TEO		ÁREA URBANA		COMARCA		PROVINCIA		GALICIA	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001
HOMES	12,9	7,1	14,1	9,2	13,4	9,2	14,2	9,9	14,3	9,9
MULLERES	14,9	12,9	21,6	14,9	20,0	14,2	21,1	16,2	20,1	16,1
TOTAL	13,58	9,5	17,0	11,8	15,9	11,4	16,6	12,5	16,3	12,5

Fte.: IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

A dinámica recente da actividade económica na comarca de Santiago en termos de emprego pode ser estudada desde a análise da taxa de desemprego. O desemprego rexistrado na comarca de Santiago na última década sofre un incremento do 47,8% no primeiro quinquenio (1991-1996), variando a tendencia no seguinte cuadrenio (1996-2002) cunha diminución do 26,9%. Para o caso concreto do municipio de Teo vemos que se no primeiro período o incremento do paro é do 58,2%, no seguinte período prodúcese unha diminución do 17,6%.

**CADRO Nº 13 . EVOLUCIÓN DO DESEMPREGO REXISTRADO NA COMARCA DE SANTIAGO.
1991-2002. (*)**

	1991	1996	2002	VARIACIÓN (EN %)	
				1991-1996	1996-2002
Teo	561	888	731	+ 58,3	-17,5
Ames	554	1.086	1.059	+ 96,0	-2,5
Santiago de Compostela	5.789	7.703	5.867	+ 33,1	-23,8
Total área urbana	6.904	9.677	7.657	+ 40,2	-20,9
Boqueixón	142	292	185	+ 105,6	-36,6
Brión	227	381	332	+ 67,8	-12,9
Val do Dubra	206	285	249	+ 38,3	-12,6
Vedra	205	334	224	+ 62,9	-32,9
Total comarca	7.684	10.969	8.647	+ 42,8	-26,9
Galicia	181.094	188.643	145.330	+ 4,2	-23,0

(*) Desemprego rexistrado a 31 de marzo de cada ano.

Fte.: INEM. SGC. Elaboración propia.

Estrutura empresarial.

O estudo das principais empresas comarcais axúdanos a perfilar tanto a estrutura tradicional de economía local, como as novas tendencias.

Utilizamos a base de datos Ardan, elaborada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, no que se ofrece información sobre as 10.000 empresas de maior facturación de Galicia no ano 2001 a través das contas depositadas nos correspondentes Rexistros Mercantís. Exclúense da mostra, polo tanto, as empresas de baixa facturación e tamén aquelas que, pola súa forma societaria, non teñen a obriga de presentar a súa documentación nestes Rexistros.

Se analizamos as principais empresas radicadas na comarca, observamos que o municipio que alberga o maior número de empresas e empregados é Santiago, o que se entende desde o seu propio papel de centro focalizador da comarca e que concentra moi boa parte do emprego da poboación que alimenta o crecemento demográfico dos municipios limítrofes.

CADRO Nº 14. DATOS BÁSICOS DA ECONOMÍA DA COMARCA DE SANTIAGO

	1995			2001		
	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN Miles € 2001	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN Miles € 2001
TEO	31	472	101.780	49	768	113.197
COMARCA	507	9.801	1.508.849	641	14.307	2.557.320
GALICIA	7.500	164.406	23.398.342	8.500	257.140	43.473.470

Fte.: ARDAN 1997-2003. Elaboración propia.

CADRO Nº 15. PESO RELATIVO DE TEO NA SÚA COMARCA

	1995			2001		
	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN
TEO COMARCA	6,1	4,8	8,0	7,6	5,4	4,4
SANTIAGO COMARCA	81,1	87,6	85,8	77,0	82,4	88,4
COMARCA GALICIA	6,8	6,0	6,5	7,5	5,6	5,9

Fte.: ARDAN 1997-2003. Elaboración propia.

A actividade económica do municipio de Santiago ten un enorme peso no conxunto da comarca, como podemos ver no cadro nº 15. En Santiago concéntranse o 75,5% das empresas da comarca, o 82,4% dos empregos, o 88,4% da facturación. E todo iso cando a poboación compostelá de feito é o 64% do total comarcal. Queda evidenciado que o peso económico de Santiago na súa comarca supera con moito o seu peso demográfico, ou dito doutra maneira, a descentralización residencial cara os municipios limítrofes non está acompañada pola deslocalización da actividade económica.

A análise do caso de Teo dentro da súa comarca é tamén de certa importancia. En número de empresas e empregados o seu peso relativo rolda o 6%-8%. Cunha poboación que supera o 10% da comarcal, unha parte significativa de dita poboación desprázase a outros municipios, especialmente a Santiago para desenvolver o seu traballo, o que se corresponde coa especialización residencial do crecemento recente do municipio de Teo.

En canto ao peso de Teo na comarca vemos que este se incrementou en emprego e número de empresas, reducíndose sensiblemente a facturación.

Se analizamos o conxunto da comarca tomando como referencia as 20 empresas con maior facturación no ano 2001, vemos que se localizan case que todas en Santiago, salvo Mahía, unha inmobiliaria en Ames. A primeira en Teo está na posición 38.

Se analizamos as empresas por número de empregados observamos que as 20 primeiras da comarca albergan 4.930 empregados, o que supón o 34,5% do total comarcal. Case todas as empresas están radicadas no Concello de Santiago. Sen embargo, a que ocupa a posición 19 está radicada en Ames.

Outra fonte de análise máis rigorosa para a análise do número de traballadores por conta allea é a relación dos inscritos no rexistro da Seguridade Social do ano 2001. O número total de traballadores na comarca é de 47.081 dos que o 87,2% traballan en centros radicados no municipio cabeceira de Santiago de Compostela.

En canto ao número de centros de traballo alcanzan un total de 6.763, situándose a maior parte no territorio do municipio de Santiago (78,29%).

Na seguinte táboa faise un desglose por sectores dos Centros de traballo e o número de traballadores no ano 2001. Nel compáranse o municipio cabeceira, o de Teo e a comarca.

**CADRO Nº 16. DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES POR CONTA ALLEA INSCRITOS NA S.S.
(XUÑO 2001)**

	TEO		SANTIAGO		COMARCA	
	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.
AGRICULTURA, SILVICULTURA E NON CLASIFICADOS	107	114	749	976	953	1.200
EXTRACCIÓN DE MINERAIS NON METÁLICOS NIN ENERXÉTICOS			3	20	5	112
INDUSTRIA DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	9	50	56	528	89	653
INDUSTRIA TÉXTIL	1	2	4	13	6	27
INDUSTRIA DA CONFECCIÓN E DA PELETERÍA	4	78	37	278	78	692
PREPARACIÓN CURTIDO E ACABADO DO COIRO. FAB. ART. MARROQUINERÍA.			2	6	2	6
INDUSTRIA DA MADEIRA E DA CORTIZA, EXCEP MOBLES, CESTERÍA	16	63	27	652	65	825
INDUSTRIA DO PAPEL	1	5	1	66	3	80
EDICIÓN ARTES GRÁFICAS E REPRODUCCIÓN DE SOPORTES GRAVADOS	3	11	79	619	86	645
INDUSTRIA QUÍMICA	2	13	18	53	21	75
FABRICACIÓN DE OUTROS PRODUCTOS MINERAIS NON METÁLICOS	10	122	20	108	44	280
FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS EXC MAQUINARIA E EQUIPOS	5	15	50	440	83	633
INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO MECÁNICO			11	77	14	91
FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO ELÉCTRICO			7	124	10	132
FABRICACIÓN MATERIAL ELECTRÓNICO, DE APARATOS DE TV E RADIO	1	29	4	350	5	379
FABR. DE INSTRUMENTOS MÉDICO CIRÚRXCOS, PRECI., ÓPTICA	1	5	11	91	12	96
FABR. DE VEHÍCULOS DE MOTOR, REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES			8	582	8	582
FABR. DE MOBLES E OUTRAS IND. MANUFACTUREIRAS	6	33	39	152	72	439
RECICLAXE			2	8	2	8
PRODUC. E DISTRIB. DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AUGA QUENTE			16	38	17	39
CONSTRUCCIÓN	102	442	451	3.882	769	5.451
VENDA, MANTEMENTO E REPAR. DE VEHÍCULOS A MOTOR, VENDA MENOR COMBUS.	33	172	149	1.080	224	1.358
COMERCIO POR MAIOR E INTERMEDIARIOS DO COMERCIO, EXCEP. VEHÍCULOS A MOTOR.	34	251	260	2.052	337	2.463
COMERCIO POR MENOR, EXCEP. VEHÍCULOS A MOTOR, REPAR. EFECT. PERS.	43	102	899	3.236	1.075	3.634
HOSTALARÍA	40	130	575	2.490	695	2.768
TRANSPORTE TERRESTRE, TRANSPORTE POR TUBERIAS	19	67	206	1.234	263	1.394
ACTIVIDADES ANEXAS AOS TRANSPORTES, AXENCIAS DE VIAXES	1	4	62	505	65	514

	TEO		SANTIAGO		COMARCA	
	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.
CORREOS E TELECOMUNICACIÓNS			16	71	16	71
INTERMED. FINANCEIROS, EXCEP. SEGUROS E PLANS DE PENSÍONS			9	113	17	143
SEGUROS E PLANS DE PENSÍONS, EXCEP. SEGUROS SOCIAIS OBRIGATORIOS			42	78	47	87
ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	5	45	81	226	99	326
ALUGAMENTO DE MÁQUINAS E EQUIPOS SEN OPERARIO, DE EFEC. PERS.			21	134	30	168
ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	2	2	37	331	43	360
OUTRAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS	16	51	378	2.594	416	2.719
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	4	21	140	4.058	158	4.433
EDUCACIÓN	9	44	171	4.052	194	4.253
ACTIVIDADES SANITARIAS E VETERINARIAS, SERVIZOS SOCIAIS	10	40	229	6.326	254	6.385
ACTIVIDADES ASOCIATIVAS	1	4	158	1.337	162	1.360
ACTIVIDADES RECREATIVAS, CULTURAIS E DEPORTIVAS	6	13	115	1.666	134	1.715
ACTIVIDADES DIVERSAS DE SERVIZOS PERSOAIS	8	14	152	417	190	485
TOTAL	499	1.942	5.295	41.063	6.763	47.081

Fte: Rexistro da Seguridade social. Elaboración propia.

Na comarca é o municipio cabeceira o que ten o peso máis significativo en canto a nº de empresas e traballadores. Así os sectores de Reciclaxe, Correos, Preparación e Acabado do coiro e fabricación de vehículos de motor remolques e semirremolques só se localizan en Santiago.

Tamén teñen un peso porcentual elevado na comarca as Administracións Públicas, as actividades anexas ao transporte, as actividades recreativas e socioculturais, as sanitarias, e educación en todos os sectores que en definitiva son propias dun concello cabeceira de comarca a e máis no caso de Santiago pola capitalidade galega.

No caso de Teo, se comparamos os datos cos de Santiago, vemos que sectores como a fabricación doutros produtos minerais non metálicos, agrupan unha proporción significativa de traballadores.

Outros sectores, o das actividades inmobiliarias (en número de traballadores) e o de construción (en número de empresas) presentan porcentaxes importantes en relación a Santiago, o que constata a forte actividade inmobiliaria a que está sendo sometido o territorio municipal.

CADRO Nº 17. PESO PORCENTUAL POLO Nº DE EMPRESAS E TRABALLADORES POR CONTA ALLEA INSCRITOS NA S.S. (XUÑO 2001)

	% TEO/SANTIAGO		% SANTIAGO/COMARCA	
	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.
AGRICULTURA, SILVICULTURA E NON CLASIFICADOS	14,29	11,68	78,59	81,33
EXTRACCIÓN DE MINERAIS NON METÁLICOS NIN ENERXÉTICOS			60,00	17,86
INDUSTRIA DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	16,07	9,47	62,92	80,86
INDUSTRIA TÉXTIL	25,00	15,38	66,67	48,15
INDUSTRIA DA CONFECCIÓN E DA PELETERÍA	10,81	28,06	47,44	40,17
PREPARACIÓN CURTIDO E ACABADO DO COIRO. FAB. ART. MARROQ.			100,00	100,00
INDUSTRIA DA MADEIRA E DA CORTIZA, EXCEP MOBLES, CESTERÍA	59,26	9,66	41,54	79,03
INDUSTRIA DO PAPEL	100,00	7,58	33,33	82,50
EDICIÓN ARTES GRÁFICAS E REPRODUCCIÓN DE SOPORTES GRAVADOS	3,80	1,78	91,86	95,97
INDUSTRIA QUÍMICA	11,11	24,53	85,71	70,67
FABRICACIÓN DE OUTROS PRODUCTOS MINERAIS NON METÁLICOS	50,00	112,96	45,45	38,57
FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS EXC MAQUINARIA E EQUIPOS	10,00	3,41	60,24	69,51
INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO MECÁNICO			78,57	84,62
FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO ELÉCTRICO			70,00	93,94
FABRICACIÓN MATERIAL ELECTRÓNICO, DE APARATOS DE TV E RADIO	25,00	8,29	80,00	92,35
FABR. DE INSTRUMENTOS MÉDICO CIRÚRXCOS, PRECI., ÓPTICA	9,09	5,49	91,67	94,79
FABR. DE VEHÍCULOS DE MOTOR, REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES			100,00	100,00
FABR. DE MOBLES E OUTRAS IND. MANUFACTUREIRAS	15,38	21,71	54,17	34,62
RECICLAXE			100,00	100,00
PRODUC. E DISTRIB. DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AUGA QUENTE			94,12	97,44
CONSTRUCCIÓN	22,62	11,39	58,65	71,22
VENDA, MANTEMENTO E REPAR. DE VEHÍCULOS A MOTOR, VENDA MENOR COMBUS.	22,15	15,93	66,52	79,53
COMERCIO PO MAIOR E INTERMEDIARIOS DO COMERCIO, EXCEP. VEHÍCULOS A MOTOR	13,08	12,23	77,15	83,31
COMERCIO POR MENOR, EXCEP VEHÍCULOS A MOTOR, REPAR EFECT. PERS.	4,78	3,15	83,63	89,05
HOSTALARÍA	6,96	5,22	82,73	89,96
TRANSPORTE TERRESTRE, TRANSPORTE POR TUBERÍAS	9,22	5,43	78,33	88,52
ACTIVIDADES ANEXAS AOS TRANSPORTES, AXENCIAS DE VIAXES	1,61	0,79	95,38	98,25
CORREOS E TELECOMUNICACIÓNS			100,00	100,00
INTERMED. FINANCEIROS, EXCEP. SEGUROS E PLANS DE PENSÍONS			52,94	79,02
SEGUROS E PLANS DE PENSÍONS, EXCEP. SEGUROS SOCIAIS OBRIGATORIOS			89,36	89,66
ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	6,17	19,91	81,82	69,33
ALQUILER DE MÁQUINAS E EQUIPOS SEN OPERARIO, DE EFEC. PERS.			70,00	79,76
ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	5,41	0,60	86,05	91,94
OUTRAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS	4,23	1,97	90,87	95,40
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	2,86	0,52	88,61	91,54
EDUCACIÓN	5,26	1,09	88,14	95,27
ACTIVIDADES SANITARIAS E VETERINARIAS, SERVIZOS SOCIAIS	4,37	0,63	90,16	99,08

	% TEO/SANTIAGO		% SANTIAGO/COMARCA	
	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.
ACTIVIDADES ASOCIATIVAS	0,63	0,30	97,53	98,31
ACTIVIDADES RECREATIVAS, CULTURAIS E DEPORTIVAS	5,22	0,78	85,82	97,14
ACTIVIDADES DIVERSAS DE SERVIZOS PERSOAIS	5,26	3,36	80,00	85,98
TOTAL	9,42	4,73	78,29	87,22

Fte: Rexistro da Seguridade Social. Elaboración propia

1.3. SITUACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO NOS MUNICIPIOS LIMÍTROFES E DO ORDENAMENTO TERRITORIAL OU SECTORIAL

Dentro da análise comarcal ten especial interese o estudio do planeamento urbanístico nos municipios limítrofes co de Teo, así como do planeamento provincial ou autonómico e demais determinacións de alcance territorial relacionadas coas competencias das administracións que lle afecten, para os efectos da coordinación das liñas básicas planteadas.

A tal efecto cómpre mencionar, en primeiro lugar, a declaración como Espazos Naturais en réxime de protección xeral das zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000. Nesta Orde do 7 de xuño de 2001 recóllese, entre outras zonas, o sistema fluvial Ulla-Deza, que con carácter supramunicipal abrangue os territorios fluviais dos ríos do mesmo nome, que discorren polos concellos de Catoira, A Estrada, Pontecesuras, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro e Vedra. En relación ao noso municipio, tal determinación afecta ao treito do río Ulla que discorre polo límite sur do termo municipal e ao treito baixo do río Santa Lucía, afluente do anterior.

En canto ao planeamento municipal dos concellos limítrofes o seguinte cadro permite observar o estado actual.

CADRO Nº 18. ESTADO DE PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES DE TEO

MUNICIPIO	FIGURA DE PLANEAMENTO EN VIGOR	DATA		OBSERVACIÓNS
		APROBACIÓN DEFINITIVA	PUBLICACIÓN	
SANTIAGO DE COMPOSTELA	P.X.O.U.	16-12-89	BOP 23-12-89	Revisión P.X.O.U. En fase de tramitación.
AMES	P.X.O.U.	28-6-02	BOP 30-9-93	
VEDRA	N.S.M.P.	25-1-95	BOP 22-2-95	Plan Xeral en tramitación.
BRIÓN	P.X.O.U.	26-6-03	BOP 8-7-03	
ROIS	P.X.O.U.	21-1-02	BOP 1-2-02	
PADRÓN	P.X.O.U.	27-7-94	BOP 9-9-94	
A ESTRADA	N.S.M.P.	14-11-78	BOP 29-11-78	Iniciándose redacción Plan Xeral.

En Santiago de Compostela, está vixente o Plan Xeral aprobado en 1989, do que se fixo unha Adaptación aos criterios de ordenación das Normas Subsidiarias Provinciais aprobada definitivamente o 28-7-94 (BOP 15-10-94). A revisión deste Plan atópase en fase de tramitación. No contacto entre ámbolos dous termos municipais, o Plan de Santiago establece unha clasificación de solo non urbanizable protexido, excepto no contorno dos núcleos de Curuxeira, O Outeiro e Urceira, que están envoltos por unha

ordenanza de solo non urbanizable, en réxime común, producíndose o contacto ben coa cualificación de núcleo rural, ben coa de solo non urbanizable.

O municipio de Ames está ordenado mediante un Plan Xeral aprobado no 26-08-02. No citado Plan establécese para o perímetro de contacto unha clasificación de solo rústico apto para urbanizar e urbanizable entre o núcleo urbano de Milladoiro e os núcleos rurais próximos á N-550. O resto do territorio de contacto ordénase con solos rústicos protexidos.

No municipio de Vedra, estase a tramitar un Plan Xeral. Na actualidade están en vigor unhas Normas Subsidiarias do ano 1995. Para o extenso perímetro de contacto co municipio de Teo, as citadas Normas establecen unha banda de solo non urbanizable de protección agrícola soamente interrompida pola protección fluvial das canles e a histórica das mámoas de Panzas e o castro das Penansas. No sudoeste aparece o núcleo de Vilarpiñeiro que chega a contactar co límite entre os dous municipios.

Brión ordénase cun Plan Xeral aprobado definitivamente no 26-6-2003. Para o contacto co municipio de Brión establece unha cualificación de solo rústico forestal.

Rois ten vixente un Plan Xeral de recente aprobación. Neste documento establécese para a zona de contacto co municipio de Teo, unha banda de solo rústico protexido forestal e de canles excepto no perímetro do núcleo rural de Faramello.

O territorio do municipio de Padrón está regulado por un Plan Xeral que establece para o longo perímetro de contacto con Teo, unha clasificación maioritaria de solo non urbanizable de protección agás no contacto cos núcleos de Outeiro, Curuxeiras de Abaixo e Sande. No sueste do territorio municipal, en contacto co contorno do río Ulla, establécese unha reserva para un parque público.

O termo municipal da Estrada está regulado por unhas Normas Subsidiarias moi antigas que para a zona de contacto co municipio de Teo establece unha ordenanza de protección de canles. Non esquezamos que o límite entre os concellos de Teo e A Estrada, que tamén é límite provincial, constitúeo o río Ulla (declarado Espazo Natural en réxime de Protección Xeral como consecuencia da proposición para a súa incorporación á Rede Natura 2000). Na actualidade tense contratado a redacción dun Plan Xeral, tras varios intentos infructuosos ao longo da década dos 90.

2. A POBOACIÓN MUNICIPAL

2.1. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

O Termo Municipal de Teo, cunha superficie oficial segundo INE (Censo de Poboación e Vivendas 2001) de 79,3 Km², está dividido en 12 parroquias, (13 desde 1996 trala segregación da parroquia de Os Tilos), con superficies que oscilan entre o 1,39 Km² de Vilariño e os 15,17 Km² de Calo. A análise demográfica permitíranos descubrir as parroquias de maior peso e presión demográficas.

No pasado século, Teo medra demograficamente cunha traxectoria de ritmo continuado ata os anos 70, (pasando de 7.036 habitantes a 11.179 habitantes).

Na década dos 70 sofre un lixeiro descenso poboacional para volver a acelerarse a súa dinámica demográfica a partir de 1981, acadando os 13.066 habitantes de feito en 1991 e os 16.428 habitantes en 2001 (dato este último de poboación de dereito).

Despois dunha década de estancamento e lixeiro descenso poboacional (193 habitantes entre 1971 e 1981), na década 81-91 prodúcese un forte crecemento de 2.080 habitantes, o que supón un 19% de incremento sobre a poboación existente en 1981, porcentaxe que se incrementa ata o 20% sobre a poboación de 1991, na última década 91-01, producíndose un incremento neto de 3.362 habitantes. Este proceso incrementa a densidade de poboación de feito desde 138,54 Hab/Km² en 1981 ata 164,77 Hab/Km² en 1991 e 207,0 Hab/Km² no ano 2001 (poboación de dereito).

CADRO Nº 19. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL DE FEITO. 1900-2002

	1900	1970	1981	1991	2001 (*)
Poboación de Feito	7.036	11.179	10.986	13.066	16.428
Índice de crecemento	100	159	156	186	233

(*) Poboación de dereito.

Fte.: Censos de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 20. TAXAS DE INCREMENTO ANUAL MEDIO DA POBOACIÓN DE FEITO. 1970-2001.

	1970-81	1981-91	1991-2001 (*)
TCAM Teo	- 0,17	+ 1,89	+ 1,81
TCAM A.U. Santiago	+ 2,17	+ 1,32	+ 1,52

(*) Poboación de dereito.

Fte.: Censo. Elaboración propia.

Observando as taxas de crecemento confírmase que ata os anos 80 Teo permaneceu ao marxe do proceso de crecemento demográfico da cidade de Santiago. Na década dos 80 Teo incorpórase á área de recepción poboacional de Santiago e a súa comarca, e alcanza unhas taxas de crecemento que foron maiores que as da área urbana nas décadas 81-91 e 86-96. (Taxas de incremento anual medio no período intercensal 81-91: Área Urbana 1,32%, Teo 1,89%; taxas de incremento no período interpadroal 86-96: A.U. + 1,29% Teo 2,63%). Na última década 91-01, a taxa de crecemento, estimada descendeu ao 1,81% en Teo mentres a da área urbana recupérase ata o 1,52%.

A distribución por parroquias da poboación de Teo, segundo Padrón de 2003, indica a importancia das parroquias de Cacheiras -Os Tilos (41,3%) e Calo (24,7% da poboación municipal). Estas dúas parroquias concentran o 66% de toda a poboación municipal, dato importante se temos en conta que das dez restantes parroquias ningunha acada o 10% da poboación municipal.

Tamén é significativa a proporción de habitantes que ten a parroquia de Cacheiras-Os Tilos, sendo a de Os Tilos de recente aparición (Padrón 1996), onde se ten localizada unha parte importante do crecemento poboacional do termo municipal. A actual parroquia de Os Tilos aparece por deslinde da de Cacheiras agrupando as urbanizacións de Parque Montouto e Os Tilos.

Na década 1981-1991 as parroquias que incrementaron a súa poboación son as de Cacheiras (que nesa década incluía aos Tilos), onde se produce un crecemento próximo aos 2.900 habitantes, superior ao crecemento de todo o municipio e que significou multiplicar por 2,6 a poboación inicial da parroquia, e, de modo moi moderado, as de Calo e Oza. As nove parroquias restantes perderon poboación destacando a de Rarís que sufriu un descenso do 10,7%.

Na última década (1991 ata o Padrón actualizado ao 2003) prodúcese a situación inversa, crecendo a poboación en case que todas as parroquias debido ás melloras infraestruturais e a continuación da atracción residencial, soamente diminúe a poboación nas parroquias de Lampai e Teo, pero nunha proporción moi baixa que non supera o 1% en ningunha das tres (entre as dúas perden 33 habitantes).

O importante crecemento demográfico habido nos últimos 20 anos concentrouse significativamente na parroquia de Cacheiras-Os Tilos, (que máis que triplica no ano 2003 a poboación de 1981), sendo ademais a de maior crecemento absoluto no período 81-03 con 4.818 habitantes, máis do 95% do crecemento de todo o municipio neste período. Séguelle, a moita distancia, Calo (cun incremento da súa poboación de dereito

de 382 habitantes no período 81-01), e Oza con 296 habitantes máis. Estas parroquias mencionadas concentraron o crecemento do período 81-01. O resto das parroquias tamén incrementan a súa poboación dun xeito máis moderado, excepto Lampai, Teo e Bamonde que entre o 81 e o 2001 perderon o 24% da súa poboación.

En conclusión podemos falar dos seguintes puntos destacables trala análise dos datos demográficos.

- 1º. Na década 81-91 prodúcese un forte crecemento demográfico debido basicamente, á colonización das urbanizacións de tipo urbano de Os Tilos e do Parque de Montouto. As outras dúas parroquias que amosan valores positivos de crecemento son Calo pola súa boa accesibilidade e Oza pola aparición da urbanización Os Verxeles.
- 2º. No período 1991-1996 as parroquias con maior crecemento son novamente Cacheiras e Calo pola súa proximidade a Santiago. Na primeira segue o aumento demográfico de Os Tilos, aínda que dun xeito máis moderado que na década anterior (supón o 40% do crecemento parroquial).
- 3º. Desde o 96 ata hoxe, tamén se ten producido un forte incremento demográfico, localizado maioritariamente na parroquia de Cacheiras-Os Tilos cun aumento poboacional de 1.595 habitantes coincidindo co forte desenvolvemento do solo urbano sobre a estrada AC-841. O resto do crecemento repártese polo resto das parroquias sendo as de maior crecemento Oza (200 habitantes) e Calo (148 habitantes). Este período expresa basicamente os efectos das Normas Subsidiarias actuais.

Todos estes feitos fanse patentes a través dos estudos de densidades parroquiais. En 1981 superaban a media municipal as parroquias de Calo con 228,15 Hab/Km² e Cacheiras e Lucí con valores máis próximos á citada media (138,54 Hab/Km²).

En 1991 medra considerablemente a densidade de Cacheiras pola aparición das urbanizacións mencionadas. Trala colmatación dos ámbitos das urbanizacións, segue medrando a un ritmo acelerado na década, sobre todo nos núcleos a carón das estradas, o que deixa percibir tendencias de crecemento urbano nestes lugares. En Calo a situación evoluciona dun xeito máis moderado.

No ano 2003 a densidade de poboación de dereito de Cacheiras acada os 532,5 Hab/Km² e a de Calo chega aos 261,17 Hab/Km², ámbalas dúas parroquias por enriba da media municipal (202,12 Hab/Km²).

Indicar que a denominación dos núcleos e parroquias utilizada neste documento responde ao Nomenclátor Oficial para a provincia da Coruña aprobado mediante o Decreto 189/2003 (DOGA 25-03-2003).

CADRO Nº 21. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS

CÓDIGO	PARROQUIAS	POBOACIÓN DE FEITO						POBOACIÓN DE DEREITO					
		1970		1981		1991		1991		1996 (*)		2003 (*)	
		VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%
1508201	CACHEIRAS	1.830	16,4	1.805	16,4	4.692	35,9	4.235	33,6	5.028	36,1	6.623	41,3
1508213	OS TILOS												
1508202	CALO	3.225	28,8	3.461	31,5	3.578	27,4	3.580	28,4	3.814	27,4	3.962	24,7
1508203	LAMPAI	368	3,3	381	3,5	296	2,3	296	2,3	300	2,2	291	1,8
1508204	LUCÍ	501	4,5	474	4,3	425	3,3	425	3,4	433	3,1	603	3,8
1508205	LUOU	950	8,5	999	9,1	822	6,3	825	6,5	897	6,3	860	5,4
1508206	OZA	716	6,4	638	5,8	682	5,2	678	5,4	774	5,6	974	6,1
1508207	RARÍS	870	7,8	789	7,2	567	4,3	568	4,5	581	4,2	594	3,7
1508208	RECESENDE	437	3,9	452	4,1	392	3,0	392	3,1	457	3,3	507	3,2
1508209	REIS	1.108	9,9	901	8,2	746	5,7	742	5,9	781	5,6	765	4,8
1508210	TEO	631	5,6	572	5,2	453	3,4	453	3,6	442	3,2	425	2,6
1508211	BAMONDE	368	3,3	317	2,9	246	1,9	246	2,0	245	1,8	248	1,5
1508212	VILARIÑO	175	1,6	197	1,8	167	1,3	167	1,3	163	1,2	176	1,1
	TOTAL	11.179	100,0	10.986	100,0	13.066	100,0	12.607	100,0	13.915	100,0	16.028	100,0

(*) Padrón municipal.

Fte.: Censos Municipais. Padrón Municipal. Elaboración propia.

CADRO Nº 22. INCREMENTO DAS POBOACIÓNS PARROQUIAIS E CONCENTRACIÓN DO CRECEMENTO

CÓDIGO	PARROQUIAS	DECENAL					
		1970-81		1981-91		1991-03 (*)	
		VA	%	VA	%	VA	%
1508201	CACHEIRAS	-25	-13,0	2.887	138,8	2.388	69,8
1508213	OS TILOS						
1508202	CALO	236	122,3	117	5,6	382	11,2
1508203	LAMPAI	13	6,7	-85	-4,1	-5	-0,2
1508204	LUCÍ	-27	-14,0	-49	-2,4	178	5,2
1508205	LUOU	49	25,4	-177	-8,5	35	1,0
1508206	OZA	-78	-40,4	44	2,2	296	8,6
1508207	RARÍS	-81	-42,0	-222	-10,7	26	0,8
1508208	RECESENDE	15	7,8	-60	-2,9	115	3,4
1508209	REIS	-207	-107,3	-155	-7,5	23	0,7
1508210	TEO	-59	-30,6	-119	-5,7	-28	-0,8
1508211	BAMONDE	-51	-26,3	-71	-3,4	2	-0,2
1508212	VILARIÑO	22	11,4	-30	-1,4	9	0,3
	TOTAL	-193	-100	2.080	100	3.421	100,0

(*) Poboación de dereito.

Fte.: Censos Municipais. Padrón Municipal. Elaboración propia.

CADRO Nº 23. TAXAS DE CRECEMENTO POR PARROQUIAS EN %

CÓDIGO	PARROQUIAS	DECENAL		
		1970-81	1981-91	1991-01 (*)
1508201	CACHEIRAS	-1,4	159,9	56,4
1508213	OS TILOS			
1508202	CALO	7,3	3,4	10,7
1508203	LAMPAI	3,5	-22,3	-1,7
1508204	LUCÍ	-5,4	-10,3	41,9
1508205	LUOU	5,2	-17,7	4,2
1508206	OZA	-10,9	6,9	43,6
1508207	RARIS	-9,3	-28,1	4,6
1508208	RECESENDE	3,4	-13,3	29,3
1508209	REIS	-18,7	-17,2	3,1
1508210	TEO	-9,4	-20,8	-6,2
1508211	BAMONDE	-13,9	-22,4	0,1
1508212	VILARIÑO	12,6	-15,2	5,4
	TOTAL	-1,7	18,9	27,1

(*): Poboación de dereito.

Fte.: Censos Municipais. Padrón Municipal. Elaboración propia.

CADRO Nº 24. DENSIDADE DE POBOACIÓN DAS PARROQUIAS Hab/Km²

CÓDIGO	PARROQUIAS	SUPERFICIE	DENS. POB.	DENS. POB.	DENS POB.	DENS. POB.
		Km²	FEITO 1981	FEITO 1991	DER. 1996	DER. 2003 (*)
1508201	CACHEIRAS	12,44	145,10	377,17	404,18	532,48
1508213	OS TILOS					
1508202	CALO	15,17	228,15	235,86	251,42	262,8
1508203	LAMPAI	6,34	60,09	46,69	47,32	45,4
1508204	LUCÍ	3,4	139,41	125,00	127,35	177,1
1508205	LUOU	8,67	115,22	94,81	103,46	99,3
1508206	OZA	5,82	109,62	117,18	132,99	166,2
1508207	RARIS	7,21	109,43	78,64	80,58	81,6
1508208	RECESENDE	3,39	133,33	115,63	134,81	149,4
1508209	REIS	8,24	109,34	90,53	94,78	91,2
1508210	TEO	4,56	125,44	99,34	96,93	91,7
1508211	BAMONDE	2,67	118,73	92,13	91,76	92,0
1508212	VILARIÑO	1,39	141,73	120,14	117,27	126,7
	TOTAL	79,3	138,54	164,77	175,47	201,2

(*) Padrón municipal 2003.

Fte.: Censos Municipais. Padrón Municipal. Elaboración propia.

Na Información Urbanística das Normas Subsidiarias vixentes, analizábase a evolución dos lugares censuais no período 50-81. Comparando agora os datos censuais de poboación de 1991, 2001 e Padrón do 2003, conclúense as seguintes tendencias:

- Parroquia de Cacheiras-Os Tilos:

A densidade de poboación da parroquia é de 538,4 Hab/Km², moi por riba da municipal.

Das 25 entidades recoñecidas no ámbito de Cacheiras, mailas dúas urbanizacións de Os Tilos e Parque Montouto, o lugar con maior poboación no 2003 é Cacheiras (33,6%), posto que sufriu o maior crecemento con 1.047 habitantes na década analizada. Moi por debaixo e superando os 150 habitantes están Osebe (201 habitantes), A Póboa (192 habitantes), Feros (185 habitantes) e Covas (171 habitantes), todos eles supoñen o 19,5% da poboación parroquial no 2003. As entidades cunha poboación entre 100 e 150 habitantes son A Torre (150), Penelas (133), O Sisto (103) e Ribeira (102). Mención á parte merecen os núcleos de recente formación de San Sadurniño con 490 habitantes, Parque Montouto con 454 habitantes e Os Tilos con 2.327 hab. Entre os tres recollen o 85% do crecemento parroquial desde 1981 ata hoxe. De feito, xa no Padrón de 1996 sepáranse as urbanizacións de Parque Montouto e Os Tilos conformando unha nova parroquia, a de Os Tilos.

O núcleo cun incremento de poboación maior no período 1991-2003 é Cacheiras, cun 41,1% do crecemento.

A boa accesibilidade da parroquia por medio da vía autonómica AC-841, así como a súa proximidade á cidade central de Santiago son os factores determinantes do forte crecemento poboacional sufrido na última década por esta parroquia apoiado pola urbanización xurdida nos bordos daquela estrada. Analizando a evolución demográfica, vese que desde 1950 prodúcese un crecemento continuado de poboación nesta parroquia excepto na década 70-81 na que sofre un lixeiro retroceso, para remontalo espectacularmente nos últimos 20 anos.

A densidade parroquial é de 532,48 Hab/Km² moi por riba da densidade municipal (201,2 Hab/Km²).

- **Parroquia de Calo:**

Esta é a outra parroquia con bos accesos e maior proximidade á cidade de Santiago de Compostela e mesmo ao denso núcleo de O Milladoiro xurdido no veciño municipio de Ames. A N-550 supón un nexo viario de unión indiscutible que xustifica o forte crecemento poboacional experimentado por esta parroquia; crecemento que foi máis destacable no período 1950-1981 cun incremento de 802 habitantes e que se modera nos últimos 20 anos (500 habitantes) pero sen deixar de medrar.

Dos 26 núcleos que se atopan no seu ámbito os de maior peso demográfico no 2003 son os de Balcaide (323 habitantes-8,15%), Solláns (298 habitantes-7,5%), Vilares de Rúa de Francos (292 habitantes-7,4%), Ameneiro (274 habitantes-6,5%), As Galanas (256 habitantes-6,5%), A Casalonga (244 habitantes-6,1%), Fixó (240 habitantes-6,0%), O Vilar de Calo (237 habitantes-6,0%), Osebe (224 habitantes-5,6%). Un sistema de núcleos equilibrado que suman entre eles o 60% da poboación parroquial.

Por enriba de 100 habitantes están os núcleos de Carballal, Cesar, Cornide, Folgueiras, Mouromorto, A Pedreira, San Domingo e Texexe cunha poboación que supón o 27,1% do total parroquial.

Os núcleos que presentan o crecemento maior dende 1981 son Ameneiro, As Galanas e O Vilar de Calo, concentrando un crecemento de 339 habitantes, que supón un 68,3% do incremento parroquial. Os tres son núcleos que superan os douscentos habitantes na actualidade.

A densidade parroquial no 2003 acada unha cifra de 262,8 Hab/Km², tamén superior á densidade municipal media.

- **Parroquia de Lampai:**

A parroquia de Lampai presenta un crecemento moderado no período 1950-1981, ano no que se inverte a situación aparecendo un descenso demográfico subliñable na década 81-91, manténdose a tendencia de descenso, se ben máis moderada, na década 1991-2001. Esta situación explícase desde a posición que ocupa esta parroquia, máis afastada dos eixes viarios e cunhas condicións topográficas máis abruptas.

Cunha superficie de 6,34 Km² acada unha densidade no ano 2003 de 45,4 Hab/Km², moi por debaixo da media municipal (201,2 Hab/Km²).

No seu ámbito focalízanse 5 núcleos sendo o de A Silva con 98 habitantes o de maior poboación. Os únicos núcleos que amosan un repunte demográfico na última década son, o de A Agrela que incrementa a súa poboación en 11 habitantes e Vilar do Bispo.

- **Parroquia de Lucí:**

Esta parroquia cunha superficie de 3,40 Km² presenta unha densidade de 177,1 Hab/Km² no 2003, máis próxima á municipal aínda que por debaixo dela.

Durante o período 1950-1970 incrementou de modo continuo a súa poboación. No período 70-91 invértese a tendencia pasando a sufrir un descenso poboacional (-7,7% de habitantes). Pero na última década recupera novamente a súa tendencia de crecemento (medra o 26,4%) superando nos dez anos o descenso sufrido anteriormente.

No seu ámbito localízanse 5 núcleos, sendo A Ramallosa (Sé da Casa Consistorial, 333 habitantes, 55,2% da poboación parroquial) o de maior peso demográfico, ademais de ser o que concentra o maior crecemento demográfico na última década. A súa posición no contorno da estrada AC-841 favoreceu o seu desenvolvemento, así como a localización dos servizos centrais municipais.

Por enriba de 100 habitantes temos o núcleo de Pite con 128, que segue perdendo poboación aínda que dun xeito leve.

Paredes, Chaves e Lucí teñen menos de 100 habitantes.

- **Parroquia de Luou:**

Esta parroquia, que ocupa unha posición central no municipio, presenta un crecemento continuado desde a década dos 50 ata a dos 70.

Na década 1981-91 prodúcese un descenso poboacional destacable, para recuperar o crecemento na década 91-01.

A densidade parroquial no 2003 acada 99,3 Hab/Km², por debaixo da media municipal.

Dos trece núcleos recollidos no Nomenclátor só tres superan os 100 habitantes. Regoufe (125 habitantes), Espasande (127 habitantes) e Bustelo (125 habitantes).

Entre os tres suman o 43,8% da poboación parroquial. Os douss últimos crecen durante a última década, sendo Bustelo o que recibe máis habitantes en valor absoluto, supoñendo o 40% do incremento demográfico parroquial.

Entre os restantes núcleos o que máis medra é o de O Aído que, na última década, incrementa a súa poboación nunha porcentaxe do 20,8%.

- Parroquia de Oza:

Ocupa unha posición este e centrada no municipio. Esta parroquia presenta un ritmo descontinuo de crecemento. Entre 1950 e 1970 prodúcese un ascenso poboacional sostido.

Na década dos 70 vese sometida a un descenso poboacional, recuperándose na dos 80 cun crecemento moderado, para sufrir un crecemento subliñable na última década.

A súa poboación no período 1991-2003 increméntase un 43,7%. A súa densidade actual é de 166,2 Hab/Km².

Dos trece núcleos incluídos no seu ámbito, un supera os douscentos habitantes. Trátase dun núcleo de formación recente tralo implante da nova urbanización “Os Verxeles” onde se localiza a maior parte do crecemento da última década (o 85,7% do incremento total).

Outros dous núcleos teñen máis de 100 habitantes, Ribas (104 habitantes) e Agoso (106 habitantes).

Entre os tres albergan o 50% da poboación parroquial.

Na última década Ribas incrementa lixeiramente a súa poboación pero Agoso sofre un descenso.

Entre o resto dos núcleos destaca o crecemento que se produce no de Castres, que incrementa a súa poboación un 38,5%, acercándose ao umbral dos 100 habitantes.

- Parroquia de Rarís:

Ocupando unha posición central no municipio esta parroquia vese sometida a un descenso demográfico subliñable no período 1970-1991, variando a situación na

última década na que recupera o crecemento que xa se producira nas décadas do 50 e 60.

O incremento da última década representa o 4,1% do total municipal.

A densidade de poboación actual é de 81,6 Hab/Km², sendo a segunda parroquia de menor densidade detrás da de Lampai.

Dos 9 núcleos incluídos no seu ámbito dous deles albergan ao 42,4% da poboación parroquial, superando os 100 habitantes. Son os de Fornelos (152 habitantes) e Rarís (107 habitantes). Ámbolos dous incrementan a súa poboación na última década sendo máis significativa ao de Rarís (65,4% do incremento total).

Do resto dos núcleos destaca polo seu crecemento o de Bouñou, incrementando a súa poboación de 1991 nun 63,2%.

- Parroquia de Recesende:

A parroquia de Recesende, situada á carón da de Cacheiras, é atravesada de norte a sur pola AC-841.

Presenta un movemento demográfico descontinuo. Inicia o seu crecemento dun xeito moderado nas décadas dos 60 e 70. Esta tendencia invértese na década dos 80 para recuperar un ritmo subliñable de crecemento no período recente 1991-2003. A súa densidade é de 149,4 Hab/Km² no ano 2003.

Dos 6 núcleos que se localizan no seu ámbito dous superan os 100 habitantes no 2003; A Pedra (147 habitantes) e Vilanova (121 habitantes) albergan o 52,8% da poboación parroquial.

Todos os núcleos da parroquia, excepto O Casal, incrementan a súa poboación na última década, provocando un incremento da poboación parroquial do 29,3%.

- Parroquia de Reis:

Situada ao sur do municipio as súas principais conexións son a AC-841 e a AC-242.

Esta parroquia presenta un descenso poboacional desde os anos 50 ata 1991 excepto na década dos 60 no que se produciu un crecemento subliñable.

Na última década incrementa lixeiramente a súa poboación acadando o 4,9% do total municipal.

A densidade no ano 2003 é de 91,2 Hab/Km².

Entre os 17 núcleos identificados no seu ámbito dous superan os 100 habitantes, Pontevea (126 habitantes) e A Ribeira (106 habitantes). Ámbolos dous albergan aproximadamente o 30% da poboación parroquial, e foron os que experimentaron o maior crecemento na última década. Se comparamos co resto dos núcleos vemos que varios perden poboación, sendo por tanto subliñable o crecemento daqueles, engadido ao de O Ferreiriño e Pazos que incrementan as súas escasas poboacións case un 50% na última década.

- Parroquia de Teo:

Esta parroquia, que ocupa a posición máis sudoriental do termo, no val do río Ulla, presenta un crecemento demográfico desde os anos 50 aos 70, producíndose a partir desa década un descenso continuo da poboación. Indicar que este descenso é moito menor na última década, na que perde o 6,2% da súa poboación.

Dos sete núcleos identificados no seu ámbito, soamente un supera os 100 habitantes albergando o 28,3% da poboación parroquial. Trátase do núcleo de Campos que perde poboación na última década.

Os núcleos que amosan un lixeiro crecemento demográfico na última década, son os de Agromaior, Mallos e Noceda que albergan o 37,4% da poboación parroquial no ano 2003. A explicación a este fenómeno atopámola no seu propio emprazamento así como nas características agropaisaxísticas de inclusión no val mencionado.

A súa densidade no 2003 é de 91,7 Hab/Km².

- Parroquia de Bamonde:

De pequena dimensión, está situada ao este do termo municipal.

Esta parroquia presenta unha tendencia demográfica de descenso de poboación, continua desde os anos 50 ata hoxe, coa excepción dunha leve recuperación na década dos 60. A súa poboación no ano 2003 supón o 1,5% do total municipal sendo a densidade no mesmo ano de 92,0 Hab/Km².

Dos sete núcleos incluídos no seu ámbito ningún supera os 100 habitantes. Os de maior poboación son Tribaldes (88 habitantes) e Lamas (77 habitantes).

- **Parroquia de Vilariño:**

Esta parroquia de pequena superficie, que ocupa unha posición este no termo municipal, sofre un crecemento continuo desde a década dos 60 ata os anos 81 en que inverte a tendencia perdendo poboación, para recuperarse levemente na década recente 1991-2001.

No ano 2003 a súa poboación supón o 1,1% do total municipal, sendo a densidade no mesmo ano de 126,7 Hab/Km².

Esta parroquia só ten dous núcleos. O de Vilariño é o de maior peso demográfico (58,5% do total parroquial) manténdose a súa poboación case constante desde 1981. O de Cerdeira sofre maiores cambios demográficos incrementando a súa poboación nun 21,6% na última década.

Con estes datos, no ano 2003 podemos concluír que:

- Aproximadamente un tercio dos núcleos teñen máis de cen habitantes concentrándose a maioría deles nas parroquias do norte. Estas parroquias son as máis dinámicas, por estar próximas á cidade central e pola súa boa accesibilidade, presentando núcleos urbanos que son os que máis medran, destacando o seu peso no total parroquial. Este crecemento é selectivo nestas parroquias, posto que dentro dos seus ámbitos aparecen núcleos que perden poboación.
- No resto das parroquias non afectas ao fenómeno urbano, o proceso de crecemento é máis selectivo posto que se concentra nuns poucos núcleos, sendo moitos os que perden poboación.

A continuación no cadro 25 preséntase a evolución demográfica pormenorizada por núcleos onde se observa que o 33% das 141 entidades perden poboación na última década.

CADRO Nº 25. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	P. FEITO 1981	P. DEREITO 1981	P. DEREITO 1991	P. DEREITO 2003	VARIAC. POB. DER. 1981-1991	VARIAC. POB. DER. 1991-2003	VARIAC. POB. 1981-03	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2003	% Variac. 1981-03
0820101	A BARCIA	23	23	14	31,00	-9	17	8	-39,1%	121,4%	34,78
0820102	CACHEIRAS	283	284	246	1.293	-38	1.047	1.009	-13,4%	425,6%	355,28
0820103	COVAS	108	108	115	171	7	56	63	6,5%	48,7%	58,33
0820104	COSTENLA	39	40	36	27	-4	-9	-13	-10,0%	-25,0%	-32,50
0820105	AS CRUCES	3	3	7	12	4	5	9	133,3%	71,4%	300,00
0820106	A DEVESA	25	25	26	32	1	6	7	4,0%	23,1%	28,00
0820107	FEROS	77	77	101	185	24	84	108	31,2%	83,2%	140,26
0820108	GULDRÍS	47	47	45	60	-2	15	13	-4,3%	33,3%	27,66
0820109	A IGREXA	86	86	76	95	-10	19	9	-11,6%	25,0%	10,47
0820110	LAMAS	52	52	71	93	19	22	41	36,5%	31,0%	78,85
0820111	MONTE	47	48	47	81	-1	34	33	-2,1%	72,3%	68,75
0820112	NOENLLES	30	30	17	13	-13	-4	-17	-43,3%	-23,5%	-56,67
0820113	PEDROUSO	78	78	75	96	-3	21	18	-3,8%	28,0%	23,08
0820114	PENELAS	111	111	127	133	16	6	22	14,4%	4,7%	19,82
0820115	A PÓBOA	87	87	111	192	24	81	105	27,6%	73,0%	120,69
0820116	PROCELAS	71	71	52	57	-19	5	-14	-26,8%	9,6%	-19,72
0820117	RAXÓ	80	80	62	89	-18	27	9	-22,5%	43,5%	11,25
0820118	REQUIÁN	52	52	42	47	-10	5	-5	-19,2%	11,9%	-9,62
0820119	A RIBEIRA	89	89	78	102	-11	24	13	-12,4%	30,8%	14,61
0820120	SEBE	136	136	167	201	31	34	65	22,8%	20,4%	47,79
0820121	O SISTO	83	84	69	103	-15	34	19	-17,9%	49,3%	22,62
0820122	A TORRE	98	98	89	150	-9	61	52	-9,2%	68,5%	53,06
0820123	TRAS DO EXO	25	25	29	13	4	-16	-12	16,0%	-55,2%	-48,00
0820124	VILAR	75	76	74	76	-2	2	0	-2,6%	2,7%	0,00
0820126	SAN SADURNIÑO	-	0	0	490	0	490	490			
0820100	CACHEIRAS (SAN SIMÓN DE ONS)		1.810	1.776	3.842	-34	2.066	2.032	-1,9%	116,3%	112,27
0820201	ADRÁN	35	35	34	39	-1	5	4	-2,9%	14,7%	11,43
0820202	AMENEIRO	155	155	181	274	26	93	119	16,8%	51,4%	76,77
0820203	BALCAIDE	323	323	321	302	-2	-19	-21	-0,6%	-5,9%	-6,50
0820204	CABOVILA	79	82	82	88	0	6	6	0,0%	7,3%	7,32
0820205	CARBALLAL	123	123	136	165	13	29	42	10,6%	21,3%	34,15
0820206	O CASAL	10	10	13	24	3	11	14	30,0%	84,6%	140,00
0820207	A CASALONGA	272	272	271	244	-1	-27	-28	-0,4%	-10,0%	-10,29
0820208	CESAR	97	100	99	102	-1	3	2	-1,0%	3,0%	2,00
0820209	CORNIDE	159	162	126	130	-36	4	-32	-22,2%	3,2%	-19,75
0820210	O FARMELLO	25	25	17	18	-8	1	-7	-32,0%	5,9%	-28,00
0820211	FIXÓ	245	245	251	240	6	-11	-5	2,4%	-4,4%	-2,04
0820212	FOLGUEIRAS	80	80	98	119	18	21	39	22,5%	21,4%	48,75
0820213	AS GALANAS	118	118	181	256	63	75	138	53,4%	41,4%	116,95
0820214	A IGREXA	84	84	84	92	0	8	8	0,0%	9,5%	9,52
0820215	MAZAS	88	92	68	90	-24	22	-2	-26,1%	32,4%	-2,17

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	P. FEITO 1981	P. DEREITO 1981	P. DEREITO 1991	P. DEREITO 2003	VARIAC. POB. DER. 1981-1991	VARIAC. POB. DER. 1991-2003	VARIAC. POB. 1981-03	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2003	% Variac. 1981-03
0820216	MOUROMORTO	147	149	135	141	-14	6	-8	-9,4%	4,4%	-5,37
0820217	OSEBE	213	216	211	224	-5	13	8	-2,3%	6,2%	3,70
0820218	A PEDREIRA	111	112	109	129	-3	20	17	-2,7%	18,3%	15,18
0820219	RIOTINTO	20	20	20	22	0	2	2	0,0%	10,0%	10,00
0820221	SAN DOMINGO	82	82	98	138	16	40	56	19,5%	40,8%	68,29
0820222	SOCASTRO	44	44	24	42	-20	18	-2	-45,5%	75,0%	-4,55
0820223	SOLLÁNS	230	233	256	298	23	42	65	9,9%	16,4%	27,90
0820224	TEXEXE	133	133	137	151	4	14	18	3,0%	10,2%	13,53
0820225	VILA VERDE	61	62	71	66	9	-5	4	14,5%	-7,0%	6,45
0820228	VILAR DE CALO	144	144	200	237	56	37	93	38,9%	18,5%	64,58
0820231	VILARES DE RÚA DE FRANCOS	350	351	320	39	-31	-281	-312	-8,8%	-87,8%	-88,89
0820230	A XESTA	33	33	37	292	4	255	259	12,1%	689,2%	784,85
0820200	CALO (SAN JUAN)		3.485	3.580	3.962	95	382	477	2,7%	10,7%	13,69
0820301	VEITUREIRA	41	41	23	20	-18	-3	-21	-43,9%	-13,0%	-51,22
0820302	A AGRELA	105	105	81	92	-24	11	-13	-22,9%	13,6%	-12,38
0820303	MOSTEIRO	67	67	55	53	-12	-2	-14	-17,9%	-3,6%	-20,90
0820304	A SILVA	141	141	113	98	-28	-15	-43	-19,9%	-13,3%	-30,50
0820305	VILAR DO BISPO	27	27	24	28	-3	4	1	-11,1%	16,7%	3,70
0820300	LAMPAL (SANTA MARIA)		381	296	291	-85	-5	-90	-22,3%	-1,7%	-23,62
0820401	CHAVES	68	68	37	32	-31	-5	-36	-45,6%	-13,5%	-52,94
0820402	LUCÍ	33	33	34	38	1	4	5	3,0%	11,8%	15,15
0820403	PAREDES	65	65	61	72	-4	11	7	-6,2%	18,0%	10,77
0820404	PITE	132	132	124	128	-8	4	-4	-6,1%	3,2%	-3,03
0820405	A RAMALLOSA	176	177	169	333	-8	164	156	-4,5%	97,0%	88,14
0820400	LUCI (SANTA MARÍA)		475	425	603	-50	178	128	-10,5%	41,9%	26,95
0820501	O AÍDO	53	53	38	48	-15	10	-5	-28,3%	26,3%	-9,43
0820502	BUSTELO	136	136	111	125	-25	14	-11	-18,4%	12,6%	-8,09
0820503	CANTOÑA	22	22	14	15	-8	1	-7	-36,4%	7,1%	-31,82
0820504	CAXADE	29	29	28	28	-1	0	-1	-3,4%	0,0%	-3,45
0820505	ESPASANDE	151	152	120	127	-32	7	-25	-21,1%	5,8%	-16,45
0820506	A IGREXA	101	105	82	70	-23	-12	-35	-21,9%	-14,6%	-33,33
0820507	A INSUA	67	71	66	79	-5	13	8	-7,0%	19,7%	11,27
0820508	LOUREIRO	71	72	50	44	-22	-6	-28	-30,6%	-12,0%	-38,89
0820509	NESPEREIRA	71	73	77	88	4	11	15	5,5%	14,3%	20,55
0820510	PARAXÓ	54	55	56	55	1	-1	0	1,8%	-1,8%	0,00
0820511	QUINTÁNS	43	44	30	29	-14	-1	-15	-31,8%	-3,3%	-34,09
0820512	REGOUFE	172	176	133	125	-43	-8	-51	-24,4%	-6,0%	-28,98
0820513	TRASELLAS	29	29	20	27	-9	7	-2	-31,0%	35,0%	-6,90
0820500	LUOU (SANTA MARIA)		1.017	825	860	-192	35	-157	-18,9%	4,2%	-15,44
0820601	AGOSO	110	111	117	106	6	-11	-5	5,4%	-9,4%	-4,50
0820602	CACHÓNS	61	65	43	42	-22	-1	-23	-33,8%	-2,3%	-35,38
0820603	CASTRES	51	51	70	97	19	27	46	37,3%	38,6%	90,20
0820604	CEPEDA	52	52	55	58	3	3	6	5,8%	5,5%	11,54
0820605	EIO DOS FERREIROS	62	62	63	57	1	-6	-5	1,6%	-9,5%	-8,06
0820606	EIO DOS MENECOS	38	39	40	32	1	-8	-7	2,6%	-20,0%	-17,95

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	P. FEITO 1981	P. DEREITO 1981	P. DEREITO 1991	P. DEREITO 2003	VARIAC. POB. DER. 1981-1991	VARIAC. POB. DER. 1991-2003	VARIAC. POB. 1981-03	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2003	% Variac. 1981-03
0820607	GONDELLE	9	9	0		-9	0	#¡VALOR!	-100,0%	-	
0820608	A ERMIDA	23	23	85	79	62	-6	56	269,6%	-7,1%	243,48
0820609	LAÑA	2	2	5	4	3	-1	2	150,0%	-20,0%	100,00
0820610	O OUTEIRO	47	47	34	38	-13	4	-9	-27,7%	11,8%	-19,15
0820611	O PIRO	43	43	35	37	-8	2	-6	-18,6%	5,7%	-13,95
0820612	RIBAS	91	92	82	104	-10	22	12	-10,9%	26,8%	13,04
0820614	OS VERXELES	0	0	10	38	10	28	38	-	280,0%	
0820613	VILANOVA	49	53	39	282	-14	243	229	-26,4%	623,1%	432,08
0820600	OZA (SANTA EULALIA)		649	678	974	29	296	325	4,5%	43,7%	50,08
0820701	BOUÑO	82	82	55	87	-27	32	5	-32,9%	58,2%	6,10
0820702	O CASAL DE REIS	81	85	61	55	-24	-6	-30	-28,2%	-9,8%	-35,29
0820703	A FLORIDA	66	67	43	39	-24	-4	-28	-35,8%	-9,3%	-41,79
0820704	FORNELOS	161	167	153	152	-14	-1	-15	-8,4%	-0,7%	-8,98
0820705	RARÍS	138	144	91	108	-53	17	-36	-36,8%	18,7%	-25,00
0820706	RIAL DO MATO	23	23	21	21	-2	0	-2	-8,7%	0,0%	-8,70
0820707	SESTELO	138	138	83	70	-55	-13	-68	-39,9%	-15,7%	-49,28
0820708	VILELA	61	65	42	38	-23	-4	-27	-35,4%	-9,5%	-41,54
0820709	BUELA	39	39	19	24	-20	5	-15	-51,3%	26,3%	-38,46
0820700	RARIS (SAN MIGUEL)		810	568	594	-242	26	-216	-29,9%	4,6%	-26,67
0820801	O CASAL	31	31	30	24	-1	-6	-7	-3,2%	-20,0%	-22,58
0820802	CASALDOMIRO	40	40	26	81	-14	55	41	-35,0%	211,5%	102,50
0820803	A PEDRA	135	135	113	147	-22	34	12	-16,3%	30,1%	8,89
0820804	SEOANE	63	63	55	59	-8	4	-4	-12,7%	7,3%	-6,35
0820805	TARRÍO	71	72	62	75	-10	13	3	-13,9%	21,0%	4,17
0820806	VILANOVA	112	112	106	121	-6	15	9	-5,4%	14,2%	8,04
0820800	RECESENDE (SAN JUAN)		453	392	507	-61	115	54	-13,5%	29,3%	11,92
0820901	COIRA	88	88	53	54	-35	1	-34	-39,8%	1,9%	-38,64
0820902	CHAO DO RIO	29	30	29	27	-1	-2	-3	-3,3%	-6,9%	-10,00
0820903	O FERREIRIÑO	18	18	26	39	8	13	21	44,4%	50,0%	116,67
0820904	A FREIRÍA	13	13	11	11	-2	0	-2	-15,4%	0,0%	-15,38
0820905	FREIXEIRO	67	67	55	41	-12	-14	-26	-17,9%	-25,5%	-38,81
0820906	A IGREXA	65	65	47	47	-18	0	-18	-27,7%	0,0%	-27,69
0820907	MONTECELO	40	40	36	33	-4	-3	-7	-10,0%	-8,3%	-17,50
0820908	OLIVEIRA	85	85	79	56	-6	-23	-29	-7,1%	-29,1%	-34,12
0820909	O OUTEIRO	41	41	40	42	-1	2	1	-2,4%	5,0%	2,44
0820910	PAZOS	26	26	21	34	-5	13	8	-19,2%	61,9%	30,77
0820911	O PIÑEIRO	12	12	10	9	-2	-1	-3	-16,7%	-10,0%	-25,00
0820912	PONTEVEA	89	89	99	126	10	27	37	11,2%	27,3%	41,57
0820913	A RIBEIRA	130	131	92	106	-39	14	-25	-29,8%	15,2%	-19,08
0820914	SAMAR	41	41	29	29	-12	0	-12	-29,3%	0,0%	-29,27
0820915	VALIÑAS	67	67	50	44	-17	-6	-23	-25,4%	-12,0%	-34,33
0820916	VIEIRO	13	13	12	9	-1	-3	-4	-7,7%	-25,0%	-30,77
0820917	XERMEADE	77	77	53	58	-24	5	-19	-31,2%	9,4%	-24,68
0820900	REIS (SAN CRISTOBO)		903	742	765	-161	23	-138	-17,8%	3,1%	-15,28

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	P. FEITO 1981	P. DEREITO 1981	P. DEREITO 1991	P. DEREITO 2003	VARIAC. POB. DER. 1981-1991	VARIAC. POB. DER. 1991-2003	VARIAC. POB. 1981-03	% Variac. 1981-1991	% Variac. 1991-2003	% Variac. 1981-03
0821001	AGROMAIOR	64	64	31	36	-33	5	-28	-51,6%	16,1%	-43,75
0821002	CAMPOS	124	124	125	120	1	-5	-4	0,8%	-4,0%	-3,23
0821003	FONTENLO	90	91	76	71	-15	-5	-20	-16,5%	-6,6%	-21,98
0821004	MALLOS	100	100	77	80	-23	3	-20	-23,0%	3,9%	-20,00
0821005	NOCEDA	39	39	39	43	0	4	4	0,0%	10,3%	10,26
0821006	VILACHAÍÑO	36	36	21	18	-15	-3	-18	-41,7%	-14,3%	-50,00
0821007	VILAR	119	119	84	57	-35	-27	-62	-29,4%	-32,1%	-52,10
0821000	TEO (SANTA MARIA)		573	453	425	-120	-28	-148	-20,9%	-6,2%	-25,83
0821101	O COTO	24	24	23	20	-1	-3	-4	-4,2%	-13,0%	-16,67
0821102	A IGREXA	11	11	13	22	2	9	11	18,2%	69,2%	100,00
0821103	LAMAS	101	101	82	77	-19	-5	-24	-18,8%	-6,1%	-23,76
0821104	MALFURADO	11	11	7	9	-4	2	-2	-36,4%	28,6%	-18,18
0821105	AS QUINTÁNS	9	9	9	7	0	-2	-2	0,0%	-22,2%	-22,22
0821106	REBOREDO	34	34	22	25	-12	3	-9	-35,3%	13,6%	-26,47
0821107	TRIBALDES	127	128	90	88	-38	-2	-40	-29,7%	-2,2%	-31,25
0821100	VAAMONDE (SANTA MARIA)		318	246	248	-72	2	-70	-22,6%	0,8%	-22,01
0821201	CERDEIRA	92	92	60	73	-32	13	-19	-34,8%	21,7%	-20,65
0821202	VILARIÑO	105	105	107	103	2	-4	-2	1,9%	-3,7%	-1,90
0821200	VILARIÑO (SANTO TOME)		197	167	176	-30	9	-21	-15,2%	5,4%	-10,66
0821301	PARQUE MONTOUTO	0	0	347	454	347	103	454		29,7%	
0821302	OS TILOS	0	0	2.112	2.327	2.112	294	2.327		13,9%	
0821300	TILOS (OS) (SAN FRANCISCO DE ASIS)		0	2.459	2.781	2.112	294	2.781		12,0%	

Fte.: INE. IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

Desde o punto de vista da distribución da poboación, os 16.028 habitantes de dereito empadroados no 2003, están repartidos nas trece parroquias que agrupan 141 entidades de poboación.

Das trece parroquias sempre consideramos a de Os Tilos agregada á súa de orixe, Cacheiras, aínda que na análise por núcleos separámola como se recolle no último Padrón. Nos últimos 20 anos pasouse dunha dimensión media dos asentamentos de 88 Hab/entidade en 1981 a 111 Hab/entidade no 2001.

A relación dos núcleos con máis habitantes mantense practicamente e aumenta o número de lugares con máis de 100 habitantes pasando de 32 a 42.

Por parroquias téñense as seguintes dimensións medias dos asentamentos de poboación:

Os Tilos 1.390 Hab/entidade, Cacheiras 153,7 Hab/entidade, Calo 146,7 Hab/entidade, Lampai 58,2 Hab/entidade, Lucí 120,6 Hab/entidade, Luou 66,2 Hab/entidade, Oza 69,6

Hab/entidade, Rarís 66,0 Hab/entidade, Recesende 84,5 Hab/entidade, Reis 45,0
Hab/entidade, Teo 60,7 Hab/entidade, Bamonde 35,4 Hab/entidade, Vilariño 88,0
Hab/entidade.

En 1950 só 2 entidades superaban os 200 habitantes supoñendo o 4,9% de poboación municipal. En 1981 o nº destas entidades sube a 7 significando o 17,4% da poboación municipal. Estas cifras chegan no 2003 a 16 entidades que supoñen un 48,33% de poboación municipal.

As entidades entre 100 e 200 habitantes concentraban o 36,6% da poboación do municipio en 1950, en 1981 o 37,9% e no 2003 o 25,5%.

As entidades con menos de 100 habitantes pasaron de significar o 58,5% en 1950 ao 44,7% en 1981. No 2003 as entidades con menos de 100 habitantes concentran o 26,17% de poboación.

2.2. COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA

Se analizamos os últimos datos censuais dispoñibles do ano 1991 observamos que contrariamente ao que se produce de forma xeneralizada en Galicia, que se resume nun envellecemento progresivo da poboación, Teo rexuenece relativamente a súa nos anos 80. Este feito coincide coa masiva ocupación das urbanizacións de Os Tilos e Parque Montouto por poboación máis nova que a media municipal.

Non obstante, a poboación municipal de Teo seguía presentando unha estrutura madura na que o peso maior da poboación acaparaba a idade intermedia, aínda que a poboación menor de 14 anos supuña o 22,98% e o grupo de idades avanzadas cun 11,79% acaparaba unha porcentaxe so lixeiramente por debaixo da media galega (12%).

CADRO Nº 26. COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN DE TEO POR RANGO DE IDADE E SEXO. 1991.

INTERVALO DE IDADES	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	VA	%	VA	%	VA	%
0 - 14	1.503	24,55	1.392	21,49	2.895	22,98
15 - 64	4.069	66,4	4.150	64,07	8.219	65,23
Máis de 65	550	8,98	935	14,44	1.485	11,79
TOTAL	6.122	100,0	6.477	100,0	12.599	100,00

Fte.: Censo de Poboación 1991. Elaboración propia.

A relación entre sexos ao comezo da década dos 90 era de 94 homes por cada 100 mulleres. No 2001 esta relación acércase máis sendo de 96 homes cada 100 mulleres, o que fala do equilibrio logrado entre sexos en época recente, debido ao rexueneceamento relativo da poboación.

Comparando os datos do 91 cos máis recentes da poboación do ano 2001, vemos que se ten producido un envellecemento relativo da poboación de Teo gañando peso aos grupos de idades media e avanzada en detrimento da poboación menor de 14 anos que caen do 23% a pouco máis do 14%. Por sexos esta situación é máis patente no sexo feminino cun 16,7% de mulleres de máis de 65 anos.

CADRO Nº 27. COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN DE TEO POR RANGO DE IDADE E SEXO. 2003.

INTERVALO DE IDADES	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	VA	%	VA	%	VA	%
0 - 14	1.248	15,9	1.108	13,6	2.356	14,7
15 - 64	5.783	73,5	5.721	70,1	11.504	71,8
Máis de 65	833	10,6	1.335	16,3	2.168	13,5
TOTAL	7.864	100,0	8.164	100,0	16.028	100,00

Fte.: Datos padronais 2003. Elaboración propia.

CADRO Nº 28. COMPOSICIÓN POR SEXOS DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS. 2003.

CÓDIGO	PARROQUIAS	HOMES		MULLERES		RAZÓN
		VA	%	VA	%	H/M
1508201	CACHEIRAS	3.283	41,7	3.340	40,9	98
13	OS TILOS					
1508202	CALO	1.940	24,7	2.022	24,8	96
1508203	LAMPAI	144	1,8	147	1,8	98
1508204	LUCÍ	308	3,9	295	3,6	104
1508205	LUOU	419	5,3	441	5,4	95
1508206	OZA	463	5,9	511	6,2	91
1508207	RARÍS	292	3,7	302	3,7	97
1508208	RECESENDE	241	3,1	266	3,3	91
1508209	REIS	375	4,8	390	4,8	96
1508210	TEO	191	2,4	234	2,9	81
1508211	BAMONDE	124	1,6	124	1,5	100
1508212	VILARIÑO	84	1,1	92	1,1	91
	TOTAL	7.864	100,0	8.164	100,0	100,0

Fte.: Nomenclátor Provincia de A Coruña. Elaboración propia.

Por parroquias soamente en Lucí-Os Tilos resultan maioritarios os homes. As parroquias onde o predominio das mulleres é maior son Teo, Vilariño, Oza e Recesende con 81, 91, 91 e 91 homes cada 100 mulleres, respectivamente, o que responderá ao seu maior índice de envellecemento.

As parroquias máis equilibradas son Rarís, Lampai, Calo, Reis e Bamonde con proporcións de entre 96 e 100 homes por cada 100 mulleres.

A estrutura de idades amosa así unha poboación con tendencia clara ao envellecemento aínda a pesares da inxección de poboación nova que fixa a súa residencia no municipio.


A pirámide de poboación é ancha no centro e estreita na parte alta, sobre todo no sexo masculino, mantendo unha estrutura de poboación máis madura no sexo feminino. As idades medias entre 20 e 45 anos teñen as porcentaxes máis elevadas.

CADRO Nº 29. PIRÁMIDE DE POBOACIÓN. 2003.

IDADE	POBOACIÓN	%	HOMES	%	MULLERES	%
0 – 4	709	4,4	380	4,8	329	4,0
5 – 9	755	4,7	391	5,0	364	4,5
10 – 14	892	5,6	477	6,1	415	5,1
15 – 19	1.004	6,3	508	6,5	496	6,1
20 – 24	1.337	8,3	702	8,9	635	7,8
25 – 29	1.318	8,2	662	8,4	656	8,1
30 – 34	1.282	8,0	651	8,3	631	7,7
35 – 39	1.181	7,4	567	7,2	614	7,5
40 – 44	1.382	8,6	660	8,4	722	8,8
45 – 49	1.338	8,4	680	8,7	658	8,1
50 – 54	1.144	7,1	592	7,5	552	6,8
55 – 59	879	5,5	444	5,6	435	5,3
60 – 64	639	4,0	317	4,0	322	3,9
65 e máis	2.168	13,5	833	10,6	1.335	16,3
TOTAL	16.028	100,0	7.864	100,0	8.164	100,0

Fte.: Padrón municipal de Poboación 2003.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 2003



Fte.: Padrón municipal de poboación 2003.

Respecto ao nivel de instrución e observando os datos comparativos cos da Comarca, coa área urbana de Santiago de Compostela e cos de Galicia, vemos que a porcentaxe de analfabetos está por debaixo da media galega se ben por riba da media comarcal e significativamente por riba do conxunto da área urbana compostelá. A proporción da poboación con estudos superiores está por riba da media galega, que é inferior á media comarcal e da área urbana.

CADRO Nº 30. NIVEIS DE ESTUDIOS DA POBOACIÓN DE 10 E MAIS ANOS

	COMARCA		AREA URBANA		TEO		GALICIA
	VA	%	VA	%	VA	%	%
ANALFABETOS	2.313	2,1	1.712	1,8	259	2,4	3,06
SEN ESTUDIOS	23.730	21,1	17.182	18,2	3.311	30,7	28,13
1º GRAO	37.853	33,6	30.987	32,9	3.286	30,5	34,06
2º GRAO	36.337	32,3	32.263	34,3	3.021	28,0	29,61
3º GRAO	12.413	11,0	12.004	12,8	902	8,4	5,14
TOTAL	112.646	100,0	94.148	100,0	10.779	100,0	100,00

Fte.: Censo de poboación 1991. Elaboración propia

É destacable que a nivel comarcal se supera a media galega na poboación con estudos superiores e medios, descendendo por debaixo da media galega as porcentaxes de poboación sen estudos e analfabeta.

2.3. COMPOÑENTES DO CRECEMENTO DEMOGRÁFICO

Seguindo a tendencia xeral observada en toda Galicia (incluídas as súas áreas urbanas) desde a segunda metade da década dos 70, a área urbana de Santiago, que inclúe ao Concello de Teo, iniciou unha pronunciada caída da natalidade que foi recortando progresivamente o crecemento vexetativo da poboación, situación que chega ata os últimos anos con saldos moi baixos case cero (0,13% no ano 1998).

Sobre esa base, a evolución da poboación do municipio de Teo estivo marcada de forma decisiva polos fluxos migratorios e polas oscilacións que estes experimentaron.

Vemos que esta evolución é máis forte no período 96-00, no que a media anual do saldo migratorio é de 193, fronte a 166,2 que é a media do primeiro quinquenio da década.

Esta realidade coincide co descenso do saldo migratorio da cidade central que é negativo nos últimos anos da década (perde 314 Hab/ano de media no último quinquenio) o que se explica polo traslado de habitantes a municipios da área urbana, entre eles Teo.

Interesa destacar que o crecemento migratorio de Teo aliméntase dun saldo migratorio positivo de conxunto da área urbana, que a pesares de terse reducido na segunda metade da década, segue sendo importante.

Entre 1991 e 1996, o crecemento demográfico municipal débese en boa medida ao saldo migratorio pero participa del aínda o saldo vexetativo; así, do total do crecemento demográfico, o saldo migratorio supuxo un 57,4%. Sen embargo, no período 96-01 o saldo migratorio elévase significativamente ao 98,7% do crecemento poboacional; é o saldo migratorio o que produce en exclusiva os ascensos demográficos municipais.

Moito deste saldo migratorio ten como cidade de orixe a cidade de Santiago.

En conclusión, o crecemento demográfico de Teo aliméntase pola atracción de residentes dos municipios da área urbana, especialmente de Santiago, mostrando ao saldo vexetativo a caída espectacular da natalidade e a debilidade dos procesos demográficos internos para soste o crecemento municipal.

CADRO Nº 31. CRECEMENTO VEXETATIVO E SALDOS MIGRATORIOS DO MUNICIPIO DE TEO

	1991-1995	1996-2000	MEDIA ANUAL 1991-1995	MEDIA ANUAL 1996-2000
CRECEMENTO VEXETATIVO	477 (42,6%)	+ 12 (1,2%)	+ 95,4	+ 2,4
SALDOS MIGRATORIOS	831 (57,4%)	967 (98,7%)	+ 166,2	+ 193,4
TOTAL INCREMENTO DEMOGRÁFICO	1.308 (100%)	979 (100%)	+ 261,6	+ 195,8

Fte.: IGE. Estatística de Variacións Residenciais. Elaboración propia.

No ámbito comarcal vemos como dentro da área urbana Teo gaña poboación polo saldo migratorio durante toda a década, o mesmo que Ames. Este saldo é máis subliñable no segundo quinquenio.

Santiago, en cambio, perde poboación dun xeito xeneralizado nos últimos anos da década.

CADRO Nº 32. SALDO MIGRATORIO NA COMARCA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (*) 1990-2000

	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Teo	237	53	143	56	68	157	21	108	128	285	425
Ames	197	181	397	427	582	455	395	848	995	1065	1056
Santiago de Compostela	237	311	216	559	53	912	187	77	- 463	- 827	- 542
Total área urbana	665	545	756	1042	703	1524	603	1033	660	523	939
Boqueixón	1	3	3	10	5	-2	-4	-3	24	61	-1
Brión	-1	0	9	10	20	15	-27	5	24	110	88
Val do Dubra	-13	5	-15	-25	-22	-40	-28	-19	0	19	17
Vedra	19	-16	5	17	-20	27	-19	11	10	34	57
Total comarca	671	537	758	1054	686	1524	525	1027	718	747	1100

	Media anual 1990-95	Media anual 1996-00
Teo	119	193
Ames	373	837
Santiago de Compostela	380	- 314
Total área urbana	873	862
Boqueixón	3	16
Brión	9	40
Val do Dubra	-18	- 2,2
Vedra	5	19
Total comarca	872	624

(*) Non inclúe a emigración estranxeira.

Fonte: IGE, Estatística de Variacións Residenciais. Elaboración propia.

En relación ás previsións de poboación efectuadas con motivo da redacción das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de 1996, produciuse un crecemento superior á hipótese máxima alí establecida. A poboación prevista para 2000 era de 12.755 téndose acadado para esa data unha poboación de dereito que foi de 14.447 habitantes.

Das dúas compoñentes da previsión, foi o incremento espectacular do saldo migratorio o que deu lugar ao rebasamento da previsión demográfica, á vista da caída do crecemento vexetativo (nacementos menos defunción) que no último quinquenio non acadou os tres Hab/ano de media.

Indicar non obstante que a prognose realizada polas vixentes Normas realízase sobre a base da proxección sobre curvas de regresión 1900-1981. É precisamente a partir do ano 1981, coa actuación das Urbanizacións de Os Tilos e Parque Montouto, cando se produce un despegue demográfico importante, sendo por tanto insuficientes as anteriores análises.

3. VIVENDA

3.1. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DO CRECEMENTO INMOBILIARIO

O municipio de Teo presenta un crecemento continuo do número de vivendas desde o ano 1950, excepto na década dos 60 na que sofre unha pequena recesión. Este crecemento acelérase desmesuradamente nas dúas últimas décadas, realidade que explica o crecemento demográfico tamén continuado, debido ao saldo migratorio favorable, aínda que máis moderado que o crecemento de vivendas. A expansiva oferta de vivenda foi o elemento motor da atractividade demográfica do municipio.

Para a análise da evolución do número de vivendas no período 1950-91 utilízanse os datos dos Censos de Poboación e Vivenda.

Para coñecer o comportamento da construción de vivendas no período de vixencia das Normas Subsidiarias Municipais de Teo, procedeuse a estudar a dinámica das licencias municipais concedidas polo Concello para novas vivendas no período 1996-2001. Para o período intermedio 92-95 utilizouse a información estatística que aporta o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ao respecto dos proxectos que recibiron visado. Este dato podería sobreestimar o número de vivendas do período atendendo ao feito de que quizais algúns proxectos visados non sempre acadarían posterior licencia, ou chegarían a ser executados, podéndose ter dilatado no tempo.

CADRO Nº 33. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS DE TEO EN REFERENCIA Á POBOACIÓN DE FEITO.

ANOS	1950	1960	1970	1981	1991
Nº VIVENDAS	1.861	2.281	2.253	2.870	4.315
VARIACIÓN DÉCADA	420	- 28	617	1.445	
POBOACIÓN	9.242	9.848	11.179	10.986	12.607
VARIACIÓN DÉCADA	606	1.331	- 193	1.621	

Fte.: INE, IGE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

CADRO Nº 34. EVOLUCIÓN RECENTE DO NÚMERO DE VIVENDAS DE TEO

	1992-1995 (1)	1996-2001 (2)
Nº DE VIVENDAS CONSTRUÍDAS	299	2.220
INCREMENTO DA POBOACIÓN DE DEREITO	1.308	1.697

Fte.: (1) Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Estatística de proxectos visados.

(2) Concello de Teo. Elaboración propia.

Desde 1981 ata o 2001 o parque de vivendas terá chegado a máis de triplicarse mentres que a poboación se incrementa nun 42%.

A análise por décadas deixa ver que na década dos oitenta prodúcese un incremento espectacular do número de vivendas, que coincide coa execución das urbanizacións dos Tilos e Parque Montouto. O crecemento da poboación acompaña ao do número de vivendas, aínda que dun xeito máis moderado. O parque de vivendas nesta década increméntase un 50% mentres que a poboación aumenta un 14,8%.

Na década 91-01 o número de vivendas construídas acada as 2.519 unidades novas o que suporía un incremento do 58,4% sobre o parque edificado de 1991. A poboación sen embargo, increméntase un 23,8%, o que novamente deixa ver que o crecemento de vivendas é maior que o de poboación.

No quinquenio que coincide co período de vixencia das actuais Normas Subsidiarias prodúcese o crecemento máis subliñable da década, concentrando o 88% do aumento total do nº de vivendas da década.

Os datos resultantes son os seguintes:

Concedéronse licencias para un total de 2.220 vivendas, das que 1.844 (83,06%) se localizaron nas parroquias de Cacheiras e Calo colindantes con Santiago e co Milladoiro (441 vivendas unifamiliares e 1.403 en edificación colectiva) e 376 (16,94%) nas restantes parroquias.

Este crecemento supón un incremento medio anual de 379 viv./ano, fronte a un crecemento medio de 144,5 viv./ano no período 81-91.

Xa se viu como na década dos 80 se produciu unha forte concentración de poboación como consecuencia do importante crecemento residencial na citada década que atraeu

gran número de habitantes. Non debemos esquecer que é nesta década cando se implantan as urbanizacións de Os Tilos e Parque de Montouto de Teo coa conseguinte atracción demográfica.

Este proceso expansivo e de crecemento continúa ata os nosos días, intensificándose.

O importante ritmo de construción producido durante o período de vixencia das actuais Normas acentúase extraordinariamente nos tres últimos anos da década (99-00-01), concedéndose licencias para a execución de 1.443 viv. (o 65% das concedidas entre o 96 e o 2001).

Pola súa parte os incrementos demográficos nos mesmos períodos, con ser importantes, son menos significativos. Así na década 81-91 o incremento de habitantes acada un valor medio de 162 habitantes de feito/ano. No período 91-95 este valor pasa a 131 hab./ano e no 96-01 a 170 hab./ano. Novos habitantes sen empadroar, vivendas baleiras, segunda residencia, vivendas pendentes de ocupación, explicarían en parte esta discrepancia.

CADRO Nº 35. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS POR PARROQUIAS 1981-1991

CÓDIGO	PARROQUIAS	1981		1991		VARIAC. 81-91	
		VA	%	VA	%	VA	%
1508201	CACHEIRAS	459	15,99%	1.632	37,82%	1.173	81,18%
1508213	OS TILOS						
1508202	CALO	1.031	35,92%	1.169	27,09%	138	9,55%
1508203	LAMPAI	85	2,96%	90	2,09%	5	0,35%
1508204	LUCÍ	113	3,94%	120	2,78%	7	0,48%
1508205	LUOU	240	8,36%	264	6,12%	24	1,66%
1508206	OZA	176	6,13%	249	5,77%	73	5,05%
1508207	RARÍS	181	6,31%	165	3,82%	-16	-1,11%
1508208	RECESENDE	104	3,62%	143	3,31%	39	2,70%
1508209	REIS	219	7,63%	227	5,26%	8	0,55%
1508210	TEO	142	4,95%	139	3,22%	-3	-0,21%
1508211	BAMONDE	76	2,65%	72	1,67%	-4	-0,28%
1508212	VILARIÑO	44	1,53%	45	1,04%	1	0,07%
	TOTAL	2.870	100,00%	4.315	100,00%	1.445	100,00%

Fte.: INE. IGE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

Observando a evolución parroquial de vivendas vemos que a de Cacheiras-Os Tilos gañou peso porcentual dentro do municipio. O 81,2% do crecemento residencial concéntranse nela. Esta parroquia iniciou un ascenso espectacular no número de vivendas na década 81-91, multiplicando o seu parque por 3,5. Este ascenso debeuse basicamente á execución das urbanizacións dos Tilos e Parque Montouto.

A segunda parroquia en número de vivendas é a de Calo, que sofre un incremento máis continuo no número de vivendas, concentrándose nela o 9,55% do crecemento residencial na década 81-91. Esta parroquia era en 1981, a que tiña o maior nº de vivendas, albergando no seu ámbito o 35,9% do total municipal, sendo superada pola de Cacheiras-Os Tilos no ano 1991, pasando a concentrar neste ano o 27,1% do parque residencial municipal.

Das restantes parroquias é subliñable o crecemento de Oza (5,1%) na que se comeza a construír a urbanización “Os Verxeles”. Nas outras parroquias mantense o parque de vivendas con variacións positivas ou negativas pequenas, sendo a de Rarís a que sofre o maior descenso (16 vivendas, 1,1%).

Durante o período de vixencia das Normas Subsidiarias de 1996 produciuse unha espectacular aceleración do ritmo de construción de vivendas.

Cacheiras segue a concentrar a maioría das novas construcións, acadando en seis anos licencias para 1.589 vivendas (71,6% do total do municipio). A maioría destas vivendas (1.355) foron colectivas (case que o 90%), concentrándose basicamente nas áreas de solo urbano cualificadas como URTA nas Normas. Cómpre destacar, con todo, a importancia das vivendas unifamiliares localizadas na parroquia (234, 34% de todas as do municipio neste período) en parte nas urbanizacións de Montouto e en parte sobre as cualificacións do val de Cacheiras.

A parroquia de Calo representa máis do 11,5% do crecemento do sexenio (con 255 vivendas), a maioría delas unifamiliares (207) con presenza pequena da vivenda colectiva nas ordenanzas de solo urbano da estrada N-550.

Luci é a terceira parroquia no crecemento derivado das Normas. Concentra 147 vivendas, se ben, neste caso maioritariamente colectivas concentradas no núcleo da cabeceira administrativa da Ramallosa, na Ordenanza URTA da AC-841.

Entre as restantes parroquias, destaca a de Oza onde se veu a producir a creación de licencias para 101 vivendas municipais (case que o 15% de todas as unifamiliares do

municipio) entre as que cómpre considerar as de completamento da urbanización Os Verxeles.

Nas outras oito parroquias do municipio concéntranse, entre os anos 96 e 2001, licencias para 126 vivendas, das que 118 serían unifamiliares, correspondendo as 8 colectivas restantes ao parque de Reis (Pontevea).

CADRO Nº 36. Nº DE VIVENDAS POR LICENCIAS CONCEDIDAS DESDE A ENTRADA EN VIGOR DAS NORMAS. 1996-2001. DISTRIBUCIÓN POR PARROQUIAS

CÓDIGO	PARROQUIAS	VIVENDA UNIFAMILIAR		VIVENDA COLECTIVA		TOTAL	
		VA	%	VA	%	VA	%
1508201	CACHEIRAS	234	34,16	1.355	88,27	1.589	71,58
1508213	OS TILOS					0	0,00
1508202	CALO	207	30,22	48	3,13	255	11,49
1508203	LAMPAI	4	0,58			4	0,18
1508204	LUCÍ	25	3,65	122	7,95	147	6,62
1508205	LUOU	38	5,55			38	1,71
1508206	OZA	101	14,74	2	0,13	103	4,64
1508207	RARÍS	19	2,77			19	0,86
1508208	RECESENDE	27	3,94			27	1,22
1508209	REIS	11	1,61	8	0,52	19	0,86
1508210	TEO	5	0,73			5	0,23
1508211	BAMONDE	10	1,46			10	0,45
1508212	VILARIÑO	4	0,58			4	0,18
	TOTAL	685	100,00	1.535	100,00	2.220	100,00

(*) Concello de Teo. Datos segundo licencias. Elaboración propia.

Fte.: INE. IGE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

No período 2002-xaneiro 2005 téñense concedido licencias para a construción de 337 vivendas unifamiliares e 358 vivendas en edificios colectivos.

Isto supón un total de 2.915 vivendas no período de vixencia das normas, das que 1.893 (o 64%) son vivenda colectiva.

Á vista destes datos, pódense establecer as seguintes conclusións:

- . O instrumento urbanístico de 1996 xerou un forte crecemento residencial, sen dar respostas urbanísticas axeitadas á zona de elevadas densidades urbanas que se foi creando no contorno da estrada AC-841, sobre todo, entre Montouto e Cacheiras.
- . A absoluta maioría da nova edificación, máis do 83%, emprazouse nas parroquias máis próximas a Santiago (Cacheiras e Calo) sen unha previsión de ordenamento

que establecera unha estrutura urbana de soporte diferente ás estradas radiais. Este proceso vai condicionar inevitablemente o modelo a propor polo Plan Xeral.

- . Desde o punto de vista cuantitativo, as actuacións en vivenda colectiva (1.535), constituíron a maioría do número de vivendas (69,1%), se ben é moi significativo o número de vivendas unifamiliares (685, o 30,9% das autorizadas no municipio).
- . A grande cantidade de licencias para vivendas unifamiliares concedidas no solo non urbanizable mostra a inoperatividade do instrumento urbanístico para conter a diseminación extraordinaria que vén sufrindo o municipio de Teo, gravemente prexudicial en termos de administración de recursos e prestación de servizos, dificultando a rendibilización da implantación de servizos urbanísticos en núcleos, tarefa necesaria e prioritaria.

3.2. CARACTERÍSTICAS DO PARQUE DE VIVENDAS

Estudiando as variacións censuais do municipio no período que media entre 1981 e 1991, observamos que fronte a un incremento de 1.711 habitantes, produciuse un aumento de 1.445 vivendas. Datos que confirman a relación directa entre a atracción de novos residentes e a oferta das novas vivendas. Este crecemento de vivendas foi 2,3 veces superior ao da década anterior que fora de 617 viv.

Pero o crecemento de vivendas máis significativo produciuse na última década 91-01, cun incremento que estimamos en 2.500 vivendas, aproximadamente, que reflexa amplificadamente o crecemento demográfico, que foi de 3.000 habitantes. Este feito supón que moitas vivendas serán ocupadas nos próximos tempos, co conseguinte incremento poboacional, pero tamén medrará, presumiblemente, o número de vivendas baleiras.

A análise do uso das vivendas recoñecido nos respectivos Censos de 1981 e 1991, permite discernir sobre o destino do incremento do parque habido naquela década, que permite unha orientación sobre a dinámica da vivenda no municipio.

O incremento do número de vivendas provocou un descenso na proporción das vivendas principais en favor das secundarias e desocupadas, que pasaron de supoñer o 15,16% en 1981 ao 24,52% en 1991.

O Censo do 2001 reflicte un aumento do número de vivendas desocupadas que case que duplica o valor, posto que o crecemento demográfico seguiu un ritmo significativamente menor ao do crecemento das vivendas (a poboación medra o 23,8% fronte as vivendas que se incrementan un 58% aproximadamente).

CADRO Nº 37. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS. 1970-1991

VIVENDAS	1970		1981		1991		2005	
	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%
Principais	2.157	95,74	2.432	84,74	3.254	75,40	4.644	71,30
Secundarias	68	3,02	58	2,02	390	9,02	530	8,10
Viv. ocupadas	2.225	98,76	2.492	86,76	3.644	84,50	5.194	79,80
Viv. desocupadas e outras	28	1,24	380	13,24	671	15,50	1.312	20,20
TOTAL	2.253	100,00	2.870	100,00	4.315	100,00	6.506	100,00

Fte.: Censos de Poboación e Vivenda. Actualización de Padrón.

CADRO Nº 38. NÚMERO DE HABITANTES POR VIVENDA

	1981	1991	2001
Hab./ viv. Teo	3,83	2,92	2,39
Hab./viv. A Coruña	2,81	2,46	3,07
Hab./viv. Galicia	2,81	2,43	3,05

Fte.: Censos de Poboación e Vivenda.

4. A ACTIVIDADE ECONÓMICA. POBOACIÓN ACTIVA

4.1. POBOACIÓN E ACTIVIDADE ECONÓMICA

En 1991 a taxa de actividade no municipio de Teo era do 51,9%, aumentando lixeiramente con respecto á do ano 81 que se situaba no 51,5% e manténdose por riba da media galega que se situaba en 49,18%.

O incremento do número de activos concentrouse na poboación feminina xa que a súa taxa de actividade aumentou considerablemente. A poboación feminina que se incorpora ao municipio nos procesos migratorios presentará sen dúbida elevadas taxas de actividade.

Do total de activos encontrábanse ocupados en 1991 o 86,4%, sendo a taxa de paro do 13,5%. Nas mulleres esta taxa era lixeiramente superior ao 14,9%.

No ano 2001, aumenta lixeiramente a poboación ocupada cunha taxa do 55,4%. Debe subliñarse o continuo aumento da taxa de emprego feminino, que acada o 42,9% aínda que moi lonxe da masculina, que descende ata o 68,8%.

O contexto no que cabe analizar a evolución da ocupación e a actividade municipal por sectores, é o dunha poboación ocupada rexional que perde preto de 100.000 efectivos no período 1981-91, debido ao efecto combinado da caída estrepitosa da ocupación agraria co difícil mantemento do emprego industrial, non compensado polo crecemento do emprego do sector dos servizos que, aínda medrando notablemente, non chega a absorber o diferencial de ocupación.

Nestas circunstancias, a poboación ocupada transformou significativamente a súa distribución por sectores. Así, a poboación ocupada no sector primario da provincia de A Coruña caeu máis de 12 puntos porcentuais situándose en 1991 no 20% da poboación ocupada, mentres o sector terciario pasou de representar o 37,6% da poboación ocupada provincial, ao 47,3% medrando lixeiramente o peso da ocupación industrial (24,4% ao 26,4%).

Deste modo, no noso municipio os ocupados no sector primario descendían do 30,8% de 1981 ao 14,2% en 1991, situándose en taxas inferiores á media provincial. Pese a todo Teo mantén un peso conxunto do sector primario por riba dos valores dos restantes municipios da área urbana de Santiago.

No período 81-91, a ocupación no sector secundario diminúe levemente o seu peso relativo no total pasando do 36,3 ao 33,4%, distribuindo os seus efectivos a partes iguais entre a industria e a construción, con lixeiro predominio da segunda.

É no sector terciario onde se produce un desenvolvemento importante en termos de ocupación, de tal maneira que pasa a ser maioritario, ocupando ao 52,4% da poboación no ano 91 e o 69% no 2001.

A poboación residente no municipio pasa a estar maioritariamente ocupada no sector dos servizos aínda que a base económica do municipio non se terciarizou significativamente. A proximidade da cidade central está poñendo freo a esa expansión. Se analizamos a evolución do emprego nos locais industriais e terciarios radicados no municipio (sen considerar por tanto a construción, agricultura e pesca), encontrámonos con que o emprego en 1991 repártese entre os servizos 22,23% e ao 31% na industria, porcentaxes que en 1981 eran o 14,8% de emprego terciario fronte a un 38,6% de emprego industrial. Obsérvase na década o incremento porcentual do emprego terciario respecto do industrial.

A análise por subsectores do emprego nos locais radicados no municipio en 1991 mostra como o crecemento do emprego dentro do municipio débese principalmente ao desenvolvemento do sector público (administración pública, educación e sanidade) que multiplicou por catro os seus efectivos nos anos 80, sendo responsable do 53% do crecemento do emprego en locais industriais e de servizos. Seguiulle en importancia a industria que aumentou os seus efectivos, aportando un 22,2% ao crecemento do emprego terciario industrial.

O comercio, hostelería e as reparacións provocan un crecemento do 14,1% e os restantes subsectores supuxeron o 10,7%.

En canto á poboación en paro podemos observar a evolución do desemprego no Concello de Teo no período 1991-99.

A información estatística dispoñible para Teo e comarca permite coñecer a evolución experimentada na década dos 90 polo desemprego (a partir das cifras de paro rexistrado). O balance que cabe facer neste aspecto para o Concello de Teo pode cualificarse de pouco favorable: no período 1991-1999 o volume do desemprego aumentou un 21,0% en valor absoluto, que, atendendo ao crecemento demográfico habido no mesmo período e suposta inalterada a taxa de actividade determinaría o paso dunha taxa do 11,4% en 1991 a unha taxa do 12,2% en 1999. Non obstante se a análise a facemos por cuadrienios, vemos que no primeiro (91-95) o incremento foi moi

subliñable, posiblemente debido ao efecto combinado do crecemento de poboación e a tendencia xeral de incremento do desemprego, mentres que no segundo (96-99), a pesar de seguir o incremento poboacional, produciuse unha diminución significativa que se acercou á media galega.

CADRO Nº 39. TAXAS DE ACTIVIDADE. TEO 1981-1991.

	1981			1991			2001			TOTAL GALICIA ANO 1981	TOTAL GALICIA ANO 1991	TOTAL GALICIA ANO 2005
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES			
TAXA ACTIVIDADE	51,52	82,35	25,18	51,92	73,08	32,07	55,4	68,8	42,9	53,60	49,18	49,70

Fte.: Galicia en Cifras 1985. Censo de Poboación. 1991.

CADRO Nº 40. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXOS. TEO 1991.

Relación con actividade económica	1991			TOTAL GALICIA 1991
	TOTAL	HOMES	MULLERES	
Ocupados	4.261	2.870	1.391	896.132
Parados	669	426	243	174.953
TOTAL ACTIVOS	4.930	3.296	1.634	1.071.085
INACTIVOS	4.575	1.214	3.352	1.106.700

Fte.: Censo de Poboación 1991.

CADRO Nº 41. POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. TEO 1991.

	Poboación ocupada	Poboación en paro	Poboación activa	%
Agricultura y pesca	605	16	621	12,6
Industria	680	121	801	16,3
Construción	741	175	916	18,6
Servizos	2.226	210	2.436	49,5
En busca de 1º emprego	-	147	147	3,0
TOTAL	4.261	669	4.930	100,00

Fte.: Censo Poboación 1991.

CADRO Nº 42. POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES. TEO 1981-1991.

	1981	1991
Primario	30,8%	14,2%
Secundario	36,3%	33,4%
Terciario	32,8%	52,4%
TOTAL	100,00%	100,00%

Fte.: Galicia en Cifras 1985. CIEG.
Censo de Poboación 1991. IGE.

CADRO Nº 43. EVOLUCIÓN DO EMPREGO INDUSTRIAL E TERCIARIO EN LOCAIS DO MUNICIPIO

	1980		1990		2001	
	VA	%	VA	%	VA	%
Industria	374	38,6	426	31,1		
Comercio, Hostelería e Reparacións	433	44,8	466	38,8		
Transporte e Comunicacións	9	0,9	18	1,5		
Servizos a Empresas e Intermediarios Financeiros	8	0,9	24	2,0		
Administración pública, Educación, Sanidade	143	14,8	267	22,23		
TOTAL	967	100,00	1.201	100,00		

Fte.: Censos de Locais 1980 e 1990. Elaboración propia.

CADRO Nº 44. EVOLUCIÓN DO DESEMPREGO REXISTRADO EN TEO 1991-1999 (*)

	1991	1995	1999	VARIACIÓN 91-95	VARIACIÓN 95-99	VARIACIÓN 91-99
TEO	561	834	679	+ 48,7%	- 18,6%	+ 21,0
COMARCA	7.684	10.468	8.285	+ 36,2%	- 21,1%	+ 7,8
GALICIA	181.094	195.096	151.158	+ 7,7%	- 22,5%	- 16,5

(*) Desemprego rexistrado a 31 de marzo de cada ano.

Fte.: INEM-SGC. Elaboración propia.

CADRO Nº 45. OCUPADOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE 2001.

OCUPADOS POR SECTORES	TOTAL		HOMES		MULLERES	
		%		%		%
Agricultura	165	2,6	97	2,4	68	2,7
Pesca	20	0,3	16	0,4	4	0,2
Industria	922	14,2	706	17,7	216	8,6
Construcción	904	13,9	860	21,6	44	1,8
Servizos	4.472	69,0	2.300	57,9	2.172	86,7
TOTAL	6.483	100,0	3.979	100,0	2.504	100,0

Fte.: INE.

4.2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL

O estudio das principais empresas axúdanos a comprender a estrutura da economía local. Para isto utilizamos a base de datos Ardan, que recolle información rexistral das principais empresas de Galicia. Aínda recoñecendo que dita base non ten calidades censuais, trátase da mellor fonte dispoñible para estudar a estrutura empresarial.

En Teo un total de tres empresas facturaron máis de 6 millóns de euros (1.000 millóns de pesetas aproximadamente) no ano 2001, as tres do sector do comercio, empresas que levan varios anos implantadas en Teo.

Das 20 primeiras empresas, 10 dedícanse ao comercio, 2 ás reparacións, 3 á industria, 2 aos servizos, 1 á hostelería, 1 á construción e 1 ao transporte.

CADRO Nº 46. EMPRESAS RADICADAS EN TEO POR FACTURACIÓN. AÑO 2003.

EMPRESA	FACTURACIÓN AÑO 2003 MILES DE EUROS	SECTOR DE ACTIVIDADE
1. NUÑEZ GALICIA, S.A.	15.628	COMERCIO MAIOR
2. COMPOSTELA MOTOR, S.A.	11.806	COMERCIO DETALLE
3. GASOLEO CALEFACCION, S.L.	9.405	COMERCIO MAIOR
4. CTV, S.A.	5.720	SERVIZOS
5. COMPOSTELA MOVIL, S.A.	5.650	COMERCIO DETALLE
6. SHOES & PIEL, S.L.	5.213	COMERCIO MAIOR
7. MADERAS AMAZONAS, S.L.	4.705	INDUSTRIAL
8. ALMACENES FELIPE GARCIA, S.L.	3.713	COMERCIO MAIOR
9. MADERAS CAJARAVILLE, S.L.	3.311	INDUSTRIAL
10. MENDEZ FOILS, S.L.	3.015	COMERCIO MAIOR
11. FRANQUICIAS MULTINACIONALES, S.L.	2.949	SERVIZOS
12. TALLERES J. Y M. FERNANDEZ, S.L.	2.698	REPARACIÓNS
13. SOLUCIONES EN FRANQUICIA, S.L.	2.592	COMERCIO
14. MONTAJES FIVI, S.L.	2.273	REPARACIÓNS
15. MAÑA, S.L.	2.068	COMERCIO MAIOR
16. LA PLAZA PESCADOS Y FRUTAS, S.L.	1.978	COMERCIO MENOR
17. CARPINTERIA METALICA GALANAS, S.L.	1.827	INDUSTRIAL
18. PROMOTORA DE HOSTELERIA GALLEGA, S.L.	1.813	HOSTELERÍA
19. MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	1.544	CONSTRUCCIÓNS
20. TRANSPORTES PUENTEVEA, S.L.	1.474	TRANSPORTE
21. VALDES NUÑEZ, S.L.	1.460	COMERCIO MENOR
22. GALLEGA DE MONTAJES ELECTRICOS, S.L.	1.341	CONSTRUCCIÓN
23. INSTITUTO FARMACOLOGICO ESPAÑOL, S.L.	1.329	INDUSTRIAL
24. VIAJES ORBIS, S.A.	1.304	TRANSPORTE
25. GALLEGA SANTIAGO, S.L.	1.296	CONSTRUCCIÓN
26. MALLAGAL, S.L.	1.163	COMERCIO MENOR

EMPRESA	FACTURACIÓN AÑO 2003 MILES DE EUROS	SECTOR DE ACTIVIDADE
27. FERRALLA DUFER, S.L.	1.114	INDUSTRIAL
28. AZULEJOS MILLADOIRO, S.L.	1.030	COMERCIO MAIOR
29. POMPAS FUNEBRES REUNIDAS, S.A.	962	SERVIZOS
30. AUTOMOVILES J. Y M. FERNANDEZ, S.L.	942	COMERCIO MAIOR
31. CARTONAJES COMPOSTELA, S.L.	899	INDUSTRIAL
32. CARPILAR, S.L.	894	INDUSTRIAL
33. EMBUTIDOS OBRADOIRO, S.L.	831	INDUSTRIAL
34. PASTELERIA SUEVIA, S.L.	770	INDUSTRIAL
35. SERVICIOS Y CUBIERTAS SANTIAGO, S.A.	769	INDUSTRIAL
36. VIDRIERAS COMPOSTELA, S.L.	729	INDUSTRIAL
37. MARMOLES MILLADOIRO, S.A.L.	693	INDUSTRIAL
38. GOMEZ Y FANDIÑO, S.L.	646	COMERCIO MENOR
39. RIO TELLA, S.L.	612	COMERCIO MENOR
40. MELLA CALVO, S.L.	607	COMERCIO MAIOR
41. COMERCIAL AGRIVAMA, S.L.	551	COMERCIO MENOR
42. CAMPOSA, S.L.	522	AGRÍCOLA
43. CONREFU CONSTRUCCIONES, S.L.	522	CONSTRUCCIÓN
44. DISGIVAL, S.L.	520	COMERCIO MAIOR
45. GRAFICAS LASA, S.L.	501	INDUSTRIAL
46. CONPEAL, S.L.	482	INDUSTRIAL
47. RESIDENCIA PUENTE VEA, S.L.	451	SERVIZOS
48. EXCAVACIONES MIDON, S.L.	451	CONSTRUCCIÓN
49. PORVIR, S.L.	425	INDUSTRIAL

Fte.: ARDAN 2003

Se analizamos a evolución seguida polas empresas radicadas en Teo tomando como comparación as fontes do ARDAN nos anos 1995 e 1999 (ARDAN 97 e 2001 respectivamente), vemos que o número de empresas incrementouse en 25 pasando de 31 a 56. Ademais o número de traballadores nelas incrementouse un 90,25% e a facturación multiplicouse por 11. Por sectores os que sufriron o maior incremento en número de empresas e traballadores son os de construción e venda, mantemento e reparación de vehículos a motor.

Tamén son destacables as altas dalgún centro de traballo nos subsectores da fabricación de mobles e outras industrias manufactureiras, hostelería, actividades recreativas e servizos persoais.

Volvemos a recordar que a base de datos ARDAN, elaborada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, no que se ofrece información sobre as empresas de maior facturación

de Galicia (distinto baremo segundo cada ano), a través das contas depositadas nos correspondentes Rexistros Mercantís.

Exclúense da mostra tanto as empresas de baixa facturación e tamén aquelas que pola súa forma societaria non teñen a obriga de presentar a súa documentación nestes rexistros.

Se analizamos distribución das empresas e o emprego por conta allea (**cadro nº 48**) vemos que, en Teo a primacía económica está repartida case que coa mesma porcentaxe, entre os subsectores da construción (25,7% das empresas, 24% dos traballadores) e a industria (15,2% das empresas, 23,2% dos traballadores). Séguenlle o comercio e os servizos.

CADRO Nº 47. PRINCIPAIS EMPRESAS RADICADAS EN TEO POR EMPREGO. 2001 (1)

EMPRESA (*)	Nº EMPREGADOS 2001	SECTOR DE ACTIVIDADE
1. Gayoso Gómez María	45	Construción
2. Mahía Santiago, S.L.	40	Servizos
3. Confecciones Pettino, S.L.	39	Industria
4 Compostela motor, S.A.	38	Servizos
5. Prefabricados Rodiñas, S.A.	32	Industria
6. Camilo Carballal, S.L.	29	Construción
7. Disprex, S.L.	29	Comercio maior
8. Gallega de Montajes eléctricos	29	Industria
9. Montajes Pivi, S.L.	28	Construción
10. Promotora de Hostelería Gallega S.L.	27	Hostelería

(1) Empresas de 27 e máis traballadores.

Fte.: Rexistro da Seguridade Social.

CADRO Nº 48. EMPREGO POR CONTA ALLEA EN EMPRESAS RADICADAS EN TEO POR SECTORES DE ACTIVIDADE. 2001.

	Agricult.	Construcc.	Industr.	Transport.	Comercio Mayorista	Comercio Detallista	Servizos	Hostelería	Total
Nº EMPRESAS	5	102	60	20	34	76	60	40	397
%	1,3	25,7	15,1	5,1	8,6	19,1	15,1	10,0	100
TRABALLADORES	12	442	426	71	251	274	234	130	1.840
%	0,6	24,0	23,2	3,9	13,6	14,9	12,7	7,1	100

Fte.: Rexistro da Seguridade Social. Elaboración propia.

Merece especial mención o estudio do sector primario. Como xa se indicou, Teo é o municipio que presenta a maior porcentaxe de poboación ocupada neste sector con respecto á área urbana de Santiago.

Da análise das empresas de traballadores por conta allea, non se desprende esta realidade, posto que o sector primario no subsector da agricultura está ocupado maioritariamente por autónomos sen empregados que non se recollen no rexistro analizado.

Neste municipio e segundo o Anuario de Estatística Agraria de 1996 a superficie agraria útil (S.A.U.) supón o 32% do territorio. Nesta superficie é salientable a existencia dunha agricultura especializada, horticultura e floricultura, e de altos rendementos dirixida ao contiguo mercado urbano.

Tamén é importante o potencial vitivinícola que aínda que ocupa na actualidade unha superficie limitada (5% dos territorios labrados), debe ser ampliada para optar á alta rendibilidade futura, baixo o amparo da recente inclusión da zona na Denominación de Orixe Rías Baixas, Subzona Ribeira do Ulla. Esta subzona inclúe as parroquias de Bamonde, Lampai, Oza, Rarís, Reis, Teo e Vilariño.

Por último temos que facer mención á importancia que ten a cabana gandeira. Neste concello acada a 2.000 reses de gando bovino o que supón o 1% do total provincial. Estas cabezas están acollidas maioritariamente (85 %) en pequenas explotacións de menos de 10 reses. O que, si se observa é unha diminución do número de explotacións pasando de 443 en 1996 (Anuario de Estatística Agraria 1996) a 310 en 1999 (Censo da Campaña de Saneamento Gandeiro 1999) concentrando estas últimas case o 60% do total da cabana.

A cabana porcina é moi destacada na provincia, vinculada á proximidade da aglomeración urbana santiaguesa. O seu número ronda as 12.000 cabezas e caracterízase por estar concentrada en explotacións industriais sobre todo de prazas de ceba.

5. ESTRUCTURA TERRITORIAL E USOS DO SOLO

5.1. SISTEMA DE ASENTAMENTOS

5.1.1. Caracterización e distribución dos núcleos

O Termo Municipal de Teo comprende nos seus 79,3 km² un total de 141 entidades censuais de poboación, agrupadas en 12 parroquias (13 no ano 1996 trala separación da dos Tilos).

BAMONDE	(Santa María).
CACHEIRAS-OS TILOS	(San Simón de Ons, San Francisco).
CALO	(San Xoán).
LAMPAI	(Santa María).
LUCÍ	(Santa Mariña).
LUOU	(Santa María).
OZA	(Santa Baia).
RARÍS	(San Miguel).
RECESENDE	(San Xoán).
REIS	(San Cristovo).
TEO	(Santa María).
VILARIÑO	(San Tomé).

A relación de entidades por parroquias, na que se identifican os núcleos singulares fronte aos agregados, relaciónanse a seguir:

Parroquia de Bamonde:

O Coto
A Igrexa
Lamas
Malfurado
As Quintáns
Reboredo
Tribaldes

Parroquia de Cacheiras-Os Tilos:

A Barcia
Cacheiras
Covas
Costenla
As Cruces
A Devesa
Feros
Guldrís
A Igrexa
Lamas

Monte
Noenlles
Osebe
Pedrouso
Penelas
A Póboa
Procelas
Raxó
Requián
A Ribeira
O Sisto
A Torre
Tras do Eixo
Vilar
San Sadurniño
Parque Montouto
Os Tilos

Parroquia de Calo:

Adrán
Ameneiro
Balcaide
Cabovila
Carballal
O Casal
A Casalonga
Cesar
Cornide
O Faramello
Fixó
Folgueiras
As Galanas
A Igrexa
Mazas
Mouromorto
Osebe
A Pedreira
Riotinto
Vilares de Rúa de Francos (Rúa de Francos, O Vilar de Baixo, O Vilar de Riba, O Vilar do Medio)
San Domingo
Socastro
Solláns
Texexe
Vila Verde
O Vilar de Calo
A Xesta

Parroquia de Lampai:

A Agrela
Mosteiro
A Silva
Veitureira
Vilar do Bispo

Parroquia de Lucí:

Chaves
Lucí
Paredes
Pite
A Ramallosa

Parroquia de Luou:

O Aído
Bustelo
Cantoña
Caxade
Espasande
A Igrexa
A Insua
Loureiro
Nespereira
Paraxó
Quintáns
Regoufe
Trasellas

Parroquia de Oza:

Agoso
Cachóns
Castres
Cepeda
Eio dos Ferreiros
Eio dos Menecos
A Ermida
Gondelle
Laña
O Outeiro
O Piro
Ribas
Os Verxeles
Vilanova

Parroquia de Rarís:

Bouñou
Buela
O Casal de Reis
A Florida
Fornelos

Rarís
Rial do Mato
Sestelo
Vilela

Parroquia de Recesende:

O Casal
Casaldomiro
A Pedra
Seoane
Tarrío
Vilanova

Parroquia de Reis:

Chao do Río
Coira
O Ferreiriño
A Freiría
Freixeiro
A Igrexa
Montecelo
Olveira
O Outeiro
Pazos
O Piñeiro
Pontevea
A Ribeira
Samar
Valiñas
Vieiro
Xermeade

Parroquia de Teo:

Agromaior
Campos
Fontenlo
Mallos
Noceda
Vilachaíño
Vilar

Parroquia de Vilariño:

Cerdeira
Vilariño

5.1.2. Ámbitos territoriais: as parroquias

A evolución histórica das parroquias que conforman o municipio serve para encadralas correctamente:

No Antigo Réxime as parroquias de Teo pertencían á xurisdicción de Santiago.

No ano 1822 coa formación dos primeiros concellos constitucionais creouse o Concello de Oza pertencente ao partido xudicial de Sar. De forma exigua no ano 1835 constituíuse o Concello de Teo que ademais das parroquias actuais incluía á parroquia de Rumille, posteriormente incorporada ao Concello de Padrón.

A actual división administrativa remóntase a 1836, momento no que se configura Teo como Concello, acadando as súas parroquias e dimensións actuais.

As parroquias de San Xoán de Recesende e de Santa Mariña de Lucí son anexas ás de San Simón de Ons de Cacheiras e de San Tomé de Vilariño, respectivamente.

As 12 parroquias en que se divide e estrutura o territorio municipal son:

- . Santa María de BAMONDE
- . San Simón de Ons de CACHEIRAS-San Francisco Dos TILOS
- . San Xoán de CALO
- . Santa María de LAMPAI
- . Santa Mariña de LUCÍ
- . Santa María de LUOU
- . Santa Baia de OZA
- . San Miguel de RARÍS
- . San Xoán de RECESENDE
- . San Cristovo de REIS
- . Santa María de TEO
- . San Tomé de VILARIÑO

Descríbense a continuación as principais características territoriais de cada unha das parroquias.

Santa María de BAMONDE

Esta parroquia linda ao norte e leste co Concello de Vedra, ao oeste coa freguesía de Oza, sendo polo sur o seu límite tamén co Concello de Vedra e a parroquia de Teo.

É unha das parroquias de menor extensión superficial do municipio (3,7 km²) e a súa estrutura territorial presenta a particularidade de desenvolverse nos vales dos ríos de Santa Lucía e Pereiro, separados por un estreito e disimétrico interfluvio. Estes vales configuran dous sectores parroquiais amplos e achairados por mor do importante recubrimento sedimentario; o occidental desenvolvido por debaixo da cota dos cen metros no val do río de Santa Lucía e o oriental por riba desta cota e no val do río Pereiro.

Destacan as extensas e fértiles veigas que constitúen fermosos espazos, ben dotados e cun notable aproveitamento agropecuario. Estas veigas están situadas entre os montes que cobren o interfluvio Santa Lucía-Pereiro, e os que se desenvolven nas zonas baixas de ámbolos dous vales xunto con gándaras e brañas, por mor da moi alta hidromorfía. Os montes presentan unha cobertura forestal salientable de piñeiros e caducifolias autóctonas mesturados, máis importantes estas nas proximidades dos ríos e nas abas de maiores pendentes.

Os asentamentos distribúense na rotura da pendente, entre o espazo cultivado e o monte a prol dun soleamento favorable, e seguindo os camiños rurais que percorren o val alto e os relacionan entre si e coa paisaxe agraria. O casal de Quintáns está asentado no interior da veiga do río de Santa Lucía onde a concentración parcelaria do seu contorno alterou a drenaxe natural.

San Simón de Ons de CACHEIRAS-San Francisco DOS TILOS

Está situada ao norte do termo municipal, linda polo O con Calo e Recesende e os seus montes fan a divisoria co concello de Santiago polo N. O Río de Santa Lucía fai a divisoria natural polo L cos municipios de Santiago e Vedra. As freguesías de Oza e Recesende son o seu límite meridional.

No territorio parroquial pódense individualizar tres sectores en función das súas singularidades morfolóxicas e da diferente pegada que tivo a ocupación humana:

- No norte, o bloque levantado de Montouto-A Póboa, que individualiza o alvéolo de Santiago polo sur, e fai a divisoria de augas entre as conchas do Sar e de Santa Lucía. Son montes achairados onde sobresaen por riba dos 300 m. a Pena de A Póboa

(373 m) o alto de Montouto (337 m) e a Pena Redonda (341). É tradicionalmente un gran espazo de monte, con abas de forte pendente que resolven a transición coa superficie de aplanamento inferior e co río de Santa Lucía cara ao sur e leste respectivamente.

Os seus solos, desenvolvidos fundamentalmente sobre rochas graníticas, permiten soamente a existencia de pequenos espazos cultivados nas estreitas valgadas. Na valgada do regato de Chaián, que drena o val cara a conca do Sar, sitúase o núcleo tradicional de A Póboa. A cuberta forestal está constituída por masas de repoboación de Eucaliptos pero o que acada maiores superficies son as matogueiras formadas por toxais e queirugais.

Este sector caracterízase polos fortes crecementos actuais, aos bordos da estrada AC-841 e no contorno da A Póboa, en función da súa grande accesibilidade á cidade central de Santiago. Estes crecementos conforman urbanizacións e espazos industriais e de servizos mesturados e cun notable nivel de suburbanización.

- O sector oriental basculado cara ao leste coas valgadas dos curtos regueiros de Covas e Procelas. Estes son tributarios do río de Santa Lucía que presenta un val cunha forte disimetría nas súas vertentes. Os núcleos tradicionais son pequenos casais que dominan o seu espazo cultivado. Os solos, ben desenvolvidos sobre materiais xistosos, teñen as pendentes corrixidas con bancais. Nas abas do río de Santa Lucía as fortes pendentes están cubertas por arboredo onde perviven restos da carballeira orixinal.

Na valgada do regueiro de Covas emprázase a meirande concentración urbana do termo municipal na urbanización dos Tilos coexistindo coa paisaxe do asentamento tradicional de Covas.

- O peneplano de Cacheiras domina os sectores meridional e occidental da parroquia. É unha ampla superficie de aplanamento drenada por numerosos regatos de orientación meridiana que deixan discretísimos interfluvios e sobre os que sobresaen, por mor da erosión diferencial, o monte do Castro de Osebe.

As aldeas salpican o interior do espazo agrario a intervalos regulares nunha densidade de poboamento moi elevada, por mor da amplitude e as escasas pendentes do solo cultivado e a súa elevada aptitude agrícola.

Os crecementos urbanos de Cacheiras, coas súas anárquicas extensións seguindo a estrada AC-841 e a nova trama ortogonal xerada polas pistas de concentración

parcelaria, comezan a fagocitar os núcleos tradicionais. A suburbanización é manifesta no contorno dos asentamentos tradicionais de A Ribeira, Feros, A Torre, e Raxó que se atopan practicamente conurbados.

San Xoán de CALO

Delimita coas freguesías de Cacheiras e Recesende polo leste, Lampai, Luou e maila parroquia padronesa de Cruces polo sur. Polo oeste e norte son os concellos de Ames, Brión e Rois os seus límites. É a parroquia de maior extensión superficial, os seus 15,2 km² supoñen o 20% do territorio municipal e é, así mesmo, a parroquia tradicionalmente máis densamente poboada. Esta situación cambia a favor da de Cacheiras-Os Tilos no ano 1981, trala implantación das urbanizacións de Os Tilos e Parque Montouto.

O territorio parroquial desenvólvese sobre dúas unidades morfolóxicas, o val do río Tinto, pertencente á bacía do Sar, e maila superficie de aplanamento que forma a estreita zona interfluvial entre as bacías deste río e o de Santa Lucía. A importancia da tectónica é fundamental para explicar as formas do relevo parroquial, subsidiario dos movementos que orixinaron a Depresión Meridiana.

- O río Tinto discorre en dirección NNL-SSO polo occidente da parroquia e se encaixa progresivamente antes de penetrar de cheo na Depresión Meridiana, da que anticipa as súas características. O seu val constitúe unha das vías naturais de acceso a Santiago dende o sur de Galicia seguindo a citada depresión. Así foi seguido o seu curso polo camiño medieval, a estrada N-550, e o ferrocarril Santiago-Pontevedra, feito que condicionou, e segue a condicionar, (os proxectos de novas infraestruturas territoriais penetran por este espazo), os asentamentos. Os núcleos tradicionais sitúanse neste val a carón do camiño medieval (Rúa de Francos, Vila Verde, Osebe, A Pedreira, Balcaide, etc.) e a estrada nacional non chegou a xerar novos crecementos máis que nos cruces co viario preexistente (Ameneiro, A Casalonga, etc.).

A paisaxe agraria, intensamente humanizada, avanza as características do Val da Amaía. Nas súas achairadas veigas, cubertas dun notable recubrimento sedimentario aluvial, desenvólvense diversos aproveitamentos agropecuarios. A concentración parcelaria produciu a formación dunha urbanización agraria difusa e facilitou a penetración do residencial urbano actual nas veigas do río Tinto. Crecementos urbanos que se incrementan progresivamente ligados á N-550 e aos asentamentos tradicionais de base.

- O sector oriental da parroquia caracterízase pola planitude propia das superficies de erosión. Esta suavidade é tamén aproveitada dende antigo polos camiños que desde o sur, e cruzando o Río Ulla en Pontevea, ascenden cara a Compostela. Os asentamentos sitúanse neste eixo viario (Reis-Luou-O Vilar de Calo), hoxe duplicado na estrada provincial CP-8202, e a súa proximidade e os crecementos intercalares fan que sexan, hoxe en día, auténticas conurbacións (O Vilar de Calo-Solláns-Mazas-San Domingo). Foi aproveitado tamén o interfluvio Santa Lucía-Sar pola autoestrada A-9 para o seu paso cara ao sur de Galicia.

Pequenos tributarios (regatos de Folgueiras, de Socastro, de Texexe) drenan esta superficie xerando microconcas perpendiculares ao río Tinto, pola súa marxe esquerda, nas que os seus espazos interfluviais son ocupados polos asentamentos. Entre estes destacan os outeiros redondeados de Castromouro e Santa Clara, auténticos bloques levantados pola tectónica, que presentan acusados desniveis cara ao poñente e son o cerne das superficies forestais da parroquia.

O impacto de Santiago no eixo de crecemento tradicional da N-550 tradúcese na implantación de actividades urbanas terciarias e industriais, máis importantes nas proximidade do Milladoiro (Ames).

Santa María de LAMPAI

Está situada ao sudoeste do termo municipal, os seus montes fan a divisoria co concello de Padrón polo O e S, con Calo e Luou deslinda polo N e é tamén esta última freguesía o seu límite polo L.

É a parroquia de maior altitude, os seus asentamentos están situados por riba da cota dos 200 m. Sobresaen no occidente da parroquia os montes de Pena de Agrela, que cos seus 405 m. é a altura máis destacada do municipio e son parte do horst tectónico que forma o rebordo oriental da Depresión Meridiana. As súas abas de fortes pendentes, superiores ao 30%, están fundamentalmente cubertas de mato agás nas partes baixas e nos encaixamentos dos regueiros.

Presenta un número discreto de asentamentos, en resposta á extensión reducida das superficies labradas. A maior parte da superficie da parroquia está cuberta polo "monte", que cobre os amplos peneplanos (pertencentes aos niveis de arrasamento superior) dos altos de Outeiro Chao, As Xandras e da Estivada. Os seus solos, menos desenvolvidos sobre materiais graníticos, están cubertos na súa meirande parte por matogueiras. A parroquia está sucada por pequenos regueiros de estreitísimas valgadas tributarios do regato de Tarrío, afluente do Sar. Nas valgadas é onde se desenvolven os seus espazos

cultivados. O núcleo rural tradicional de Veitureira sitúase no norte da parroquia dominando a súa propia agra. Esta está drenada polo regueiro de Manzanillo coa que conforma unha destacada paisaxe.

Os asentamentos son pequenos, ao ser menos favorables as condicións do medio, en relación ao seu contorno inmediato, sendo A Silva e A Agrela os maiores asentamentos. A densidade de poboación é a máis pequena do municipio e destaca pola súa dinámica regresiva e forte envellecemento, moi acusadas estas nos núcleos de Mosteiro e Veitureira.

Unha característica salientable é a forte ruralidade debido ao seu tradicional illamento. A estrada CP-6502 atravesa a parroquia polo núcleo de A Agrela, que, a resultas desto, ten unha certa funcionalidade a nivel parroquial.

Santa Mariña de LUCÍ

Parroquia antigamente filial de Vilariño e pertencente ao arciprestado de Ribadulla, os seus límites son ao N coas parroquias de Recesende e Oza, ao L coas de Oza, coa que linda mediante o Río Tella, e Vilariño, polo S tamén deslinda con Vilariño e coa freguesía de Reis, sendo a súa linde polo oeste as parroquias de Rarís e Reis .

Ten unha pequena extensión superficial 3,4 km² , unha altitude media de 150 m e un número discreto de asentamentos. Destes tan só o núcleo rural tradicional de Pite e a capital do concello, A Ramallosa, superan a centena de habitantes, sendo os restantes moi pequenos.

O territorio parroquial está estruturado polos ríos Tella e Santa Lucía e predominan as formas suaves e redondeadas sobre materiais xistosos, agás nos pequenos encaixamentos dos ríos.

Os núcleos sitúanse na parte superior das vertentes, onde as pendentes fanse moi lixeiras, rexendo os seus propios espazos cultivados. Os matos dominan nos seus espazos a monte, onde sobresaí a silueta do Castro de Lucí. Sen embargo, existen pequenos ámbitos forestais no contorno dos núcleos, entre os que cabe salientar o arboredo autóctono do Souto de Pite.

O núcleo de A Ramallosa ostenta a capitalidade municipal en función da súa centralidade no territorio; trátase dun pequeno núcleo urbano de recente creación que está vinculado á estrada AC-841. A súa funcionalidade como centro institucional e dotacional refórzase progresivamente coa creación de novos equipamentos dotacionais.

A estrada A Ramallosa-Igrexa de Vilariño atravesa a parroquia e comeza a xerar, nas proximidades da capital municipal, novos crecementos residenciais en terreos gañados ao monte.

Nos aproveitamentos agropecuarios parroquiais adquire especial relevancia a granxa situada nas proximidades do núcleo de Paredes.

Santa María de LUOU

A parroquia deslinda ao N coas freguesías de Calo e Recesende, ao L tamén con Recesende e Rarís, sendo o seu límite S o municipio de Padrón e o occidental as parroquias tenses de Calo e Lampai.

Na súa pequena superficie parroquial, 8,67 km², distribúense trece asentamentos que configuran, xa que logo, unha densidade de poboamento das máis elevadas do municipio.

Estes asentamentos sitúanse, prioritariamente, no interior dos espazos cultivados que se desenvolven na superficie de aplanamento dos 200 m. Estas superficies achairadas están drenadas polo Río de Sestelo, que discorre pola parroquia cara a conca do Río de Santa Lucía con constantes cambios de dirección, e polo río de Augueira que drena o occidente da mesma cara á bacía do Sar. No pequeno interfluvio da cabeceira dos ríos de Sestelo e Augueira sitúase a aldea de Loureiro rexendo o seu propio espazo cultivado. O río de Sestelo caracterízase pola disimetría do seu val no que as súas abas de maior pendente están cubertas por bosques e a súa rede hidrográfica secundaria, condicionada pola tectónica, está pouco xerarquizada.

Os materiais xistosos arrasados e os recubrimentos sedimentarios aluviais das veigas conforman un territorio caracterizado pola dificultade de drenaxe, onde é habitual a formación de áreas hidromorfas, entre as que cabe salientar as Brañas de Paraxó.

A estrada Pontevea-Luou-O Vilar de Calo cruza a parroquia seguindo o trazado dos camiños históricos que dende o sur, e cruzando o Río Ulla en Pontevea, ascenden cara a Compostela. Nos núcleos da parroquia vinculados a esta, Quintáns e A Igrexa prodúcense novos crecementos urbanos, se ben, a influencia da expansión urbana non é tan forte coma nas parroquias de Calo e Cacheiras, por mor da menor accesibilidade e menor proximidade aos eixes viarios funcionais.

A concentración parcelaria, de trazados viarios ortogonais e densos, nos contornos dos núcleos rurais tradicionais situados moi próximos entre si, conleva á formación de novas

conurbacións (Nespereira-Paraxó-O Aído, etc.) ao aparecer crecementos intercalares en solos rústicos ou ben nas extensións dos núcleos seguindo as vías de comunicación.

Os asentamentos son en xeral pequenos, sobrepasando tan só a centena de habitantes os núcleos de Regoufe, Espasande e Bustelo.

Os usos agropecuarios son predominantes na parroquia, si ben, en tempos recentes minguanon pola expansión residencial.

Santa Baia de OZA

Delimita coas freguesías de Cacheiras e co municipio de Vedra (parroquia de Sales) polo norte. Bamonde e maila parroquia de Illobre son os seus límites polo leste. Polo oeste o Río Tella é a linde natural coa freguesía de Lucí. A parroquia de Vilariño é a súa linde meridional.

O territorio parroquial está estruturado polos ríos Tella e Santa Lucía e predominan as formas suaves e redondeadas sobre materiais xistosos.

Os núcleos tradicionais son, en xeral, pequenos lugares acasarados que dominan o seu espazo cultivado. Nestes os seus solos están ben desenvolvidos, e presentan nas valgadas as pendentes corrixidas con bancais. Os espazos interfluviais da parroquia presentan nas partes altas unha cuberta forestal notable, onde sobresaen os piñeirais. Nas abas do río de Santa Lucía as fortes pendentes están cubertas por arboredo no que perviven restos da carballeira orixinal.

Nas achairadas veigas do Río de Santa Lucía, cubertas dun notable recubrimento sedimentario aluvial, o aproveitamento agropecuario é salientable.

As condicións microclimáticas fan posibles unha grande diversidade de usos e aproveitamentos especializados. Exemplo desta especialización son os usos intensivos hortofrutícolas; a floricultura está representada en Agoso, o aproveitamento vitícola en Ribas e a fruticultura intensiva na Ermida.

A estrada CP-8201 cruza a parroquia e ao seu carón localízase o seu meirande asentamento na "illa" de urbanización dos Verxeles. Esta urbanización presenta o característico déficit de implantación e integración, social e espacial, común ao territorio periurbano santiagués.

Os núcleos tradicionais máis importantes son Agoso, cabeceira parroquial, e Ribas. Agoso ademais ten unha relevante funcionalidade pois presenta unha destacada dotación de equipamentos deportivos e socioculturais , e aglutina a actividade comercial da mesma.

No núcleo de Ribas, formado por varios casais moi próximos entre si, localízase a Capela de Santa Eufemia nun destacado conxunto patrimonial que xunto aos novos espazos de lecer confírenlle unha elevada calidade ambiental.

No contorno deste núcleo xorden novos crecementos residenciais aproveitando a infraestrutura viaria da concentración parcelaria e as estradas.

O casal de Gondelle atópase no sur da parroquia enclavado no interior das veigas do Río de Santa Lucía e rexendo un amplo espazo de monte e prados con grande calidade ambiental.

San Miguel de RARÍS

Parroquia pertencente ao arciprestado do Xiro da Rocha e que linda polo N coas freguesías de Recesende e Luou, o seu linde meridional o forma a parroquia de Reis e maila parroquia padronesa de Rumille. Polo oeste os seus límites son coa parroquia de Luou e a parroquia de Lucí é o seu límite oriental.

A estrutura territorial da parroquia está condicionada polos regatos de Fornelos e de Sestelo que con dirección NO-SL degradan a superficie de erosión dos 200 m e as estribacións do aliñamento montuoso occidental que ten a súas alturas máis destacadas nos montes da Costa (310 m) e Penacate (315 m).

Os seus estreitos espazos cultivados desenvólvense entre as abas de fortes pendentes deste aliñamento e o Monte de Eirís que cobre as abas do río de Sestelo que se encaixa progresivamente cara o sur. As superficies de monte arborado son importantes e nas do sur da parroquia existe o pequeno enclave de Rial do Mato.

A dificultade de drenaxe maniféstase pola formación de áreas hidromorfas sobre materiais xistosos e coa presenza de brañas entre as que destaca a Braña de Bouñou.

Os asentamentos distribúense na rotura da pendente, a media ladeira entre o espazo agrícola e forestal a prol dun soleamento favorable, ou ben sobre pequenos outeiros a carón dos ríos, pero sempre ocupando unha zona marxinal e deixando libre de asentamentos o maior espazo cultivado posible.

O hábitat é tipicamente rural predominando as dedicacións gandeira e forestal. Os núcleos son en xeral de pequena entidade agás o núcleo de relevancia histórica de Fornelos. A dinámica regresiva é bastante acusada e particularmente significativa no núcleo rural tradicional de Sestelo.

A estrada Pontevea-Luou atravesa a parroquia, feito que propiciou pequenos crecementos dos núcleos ao seu carón. A estrada AC-841 discorre preto do núcleo de A Florida propiciando a súa extensión cara ao lugar do Chao do Río.

Os crecementos aparecidos aproveitando a infraestrutura viaria da concentración parcelaria, nos espazos cultivados do norte da parroquia, propiciaron o establecemento dun novo núcleo no lugar do Pazo.

San Xoán de RECESENDE

Parroquia antigamente filial de Cacheiras pertencente ao arciprestado do Xiro da Rocha. Delimita ao norte coa freguesía de Cacheiras, ao oeste coas de Calo e Luou, sendo as súas lindes polo sur Rarís e Lucí e polo leste as parroquias de Cacheiras e Oza.

O seu territorio desenvólvese nunha ampla superficie de aplanamento drenada por numerosos regatos de orientación meridiana que deixan discretísimos interfluvios e sobre os que sobresaen, por mor da erosión diferencial, o monte de Tarrío.

As aldeas, formadas a partir de pequenos casais moi próximos, salpican o interior do espazo agrario situándose, ben nas partes máis elevadas dos estreitos interfluvios por onde discorre o viario que os relaciona, ben a carón dos ríos. As pendentes nas valgadas están corrixidas por estreitos e longos bancais de uso agropecuario consonte a súa moi elevada aptitude.

Os recentes crecementos seguindo o corredor urbano que forma a estrada AC-841 orixinaron a formación de novas áreas residenciais. A nova trama viaria xerada pola concentración parcelaria produciu, así mesmo, a formación de novos tecidos, laxos e vinculados á explotación dos recursos no contorno dos núcleos de A Pedra e Tarrío e densos e de características urbano-residenciais no Castro de Vilanova.

San Cristovo de REIS

A parroquia delimita coas freguesías de Rarís e Lucí ao norte, o Río Ulla é o límite natural co que deslinda da parroquia estradense de Couso polo sur. Polo oeste deslinda co Municipio de Padrón, sendo as parroquias de Lucí, Vilariño e Teo os seus límites orientais.

Ten unha elevada extensión parroquial (8,24 km²) e unha densidade de asentamentos media.

Destaca a baixa altitude e planitude dos espazos cultivados da parroquia (os seus solos están ben desenvolvidos sobre materiais xistosos) en contraste co aliñamento montañoso dos Altos de Cabanelas e Penacate de abas de acusadas pendentes.

A tectónica deixa unha grande impronta no territorio, así, o Ulla describe unha ampla revolta, ao ser obrigado a realizar cambios bruscos de dirección seguindo a marcada polas estruturas. Así mesmo, reflíctese esta na extraordinaria profusión da rede hidrográfica que resulta estruturada en microconcas.

Esta é a parroquia de maior vinculación co río Ulla que, como se dixo, discorre polo sur da parroquia. Os núcleos tradicionais son pequenos, moitos deles sinxelos lugares acasados, compactos e moi próximos entre si pero nidios na súa apreciación individual.

O núcleo rural de Coira atópase individualizado tras este aliñamento na súa propia subconca e rexendo as súas agras. A situación deste núcleo tradicional é máis próxima aos núcleos da parroquia padronesa de Rumille que aos outros asentamentos da parroquia.

As condicións microclimáticas fan posibles unha grande diversidade de usos e aproveitamentos cunha especialización na hortofruticultura intensiva.

A concentración parcelaria acada a toda a súa extensión territorial estando, polo tanto, moi ben dotada a nivel infraestrutural.

A tradición forestal é importante, cunha significativa pegada da súa actividade industrial no lugar de San Xosé, que se reflicte na actualidade no serradoiro de Pontevea. A actividade repoboadora nos montes, trala concentración parcelaria, empeza a ser salientable.

O asentamento máis importante da parroquia é o núcleo urbano de Pontevea. Está vinculado á ponte medieval e aos camiños históricos que discorren por el e que o configuran como un núcleo con estrutura en ringleira e de orixe viaria. É a entidade poboacional maior da parroquia e presenta un papel relevante nas funcións comerciais do sur do municipio.

O efecto difusor da urbanización seguindo a estrada AC-841 ten a súa representación na parroquia nas proximidades de Pontevea. Esta expansión do hábitat residencial, de características urbanas, prodúcese na urbanización do Ferreiriño e no lugar de San Xosé que, xunto a servizos urbanos, acolle os diferentes espazos dotacionais da parroquia.

A perda acusada de efectivos poboacionais nas aldeas peor comunicados tradúcese nun aspecto decadente das mesmas, mais ás escasas distorsións e á súa intrínseca calidade ambiental engádese a presenza da viticultura tradicional, fornecendoas, xa que logo, de interese paisaxístico pola súa singularidade.

A estrada AC-241, que discorre próxima aos ríos Pereiro e Ulla polo sur da parroquia e á marxe dos asentamentos tradicionais, non xerou no seu contorno novos crecementos.

Santa María de TEO

A parroquia de Teo pertencente ao arciprestado de Ribadulla ten unha superficie de 4,6 km². Está situada ao sudeste do termo municipal, e o Río Ulla que discorre polo sur da parroquia fai a divisoria municipal e provincial co Municipio da Estrada. A súa linde setentrional está constituída polas freguesías de Bamonde e Vilariño coas que delimita nos montes do Pombal e do Castro de Santa Marta respectivamente. Polo L deslinda coa parroquia de Trobe pertencente ao municipio de Vedra e co río Pereiro que fai a divisoria natural entre os dous municipios. A parroquia de Reis é o seu límite polo oeste.

O territorio parroquial estrutúrase en torno aos vales dos ríos Ulla e Pereiro. O río Ulla discorre lixeiramente encaixado polo sur da parroquia, e os asentamentos esquivan o fondo do val para situarse no planalto superior e nas tendidas abas, basculadas cara ao mediodía, do río Pereiro,. Este no seu treito final tamén se encaixa considerablemente antes da desembocadura no Ulla, pasada a Ponte dos Canizos.

A amplitude do espazo cultivado é importante, dominando as aldeas as súas respectivas agras, hoxe transformadas pola concentración parcelaria. A paisaxe agraria é de grande diversidade por mor do seu favorable microclima e calidade edafolóxica e a presenza da vide nos núcleos e as lindes das parcelas. A aldea de Agromaior domina a súa propia

agra, que se resolve en bancais cara á ribeira do Ulla e está rodeada de un interesante espazo forestal.

A concentración parcelaria acada case que toda a súa extensión territorial. A actividade repoboadora nos montes, trala concentración parcelaria comeza a ser salientable, nun espazo forestal dominado polos piñeiros pero nos que a presenza de frondosas autóctonas é destacada. Este espazo forestal distribúese a carón dos ríos, e nos estreitos montes interfluviais rodeando ao espazo cultivado.

A súa economía diversificada complétase coa agroindustria representada polas granxas situadas nas proximidades de Vilar e Vilachaíño.

Os núcleos sitúanse seguindo os camiños tradicionais que recorren o val do Río Ulla. A estrada AC-241 xerou novos e laxos crecementos dos núcleos de Fontenlo e Vilar, reactivados nos últimos tempos no primeiro caso seguindo a estrada CP-8201 e desvinculados da explotación dos recursos.

O emprazamento illado da sé parroquial, é coherente cunha organización orixinaria dispersa de pequenos casais próximos entre si sen un núcleo rector.

San Tomé de VILARIÑO

Parroquia pertencente ao arciprestado de Ribadulla que linda polo N coas freguesías de Lucí e Oza, o seu linde meridional son as parroquias de Reis e Teo. Polo oeste os seus límites son coa freguesía de Reis e a parroquia de Teo é o seu límite oriental.

É a parroquia de menor extensión do municipio, nos seus escasos 1,39 km² aséntanse os seus dous únicos núcleos de poboación.

O territorio parroquial está estruturado pola veiga do Río de Santa Lucía. Os asentamentos están situados nas partes altas das valgadas dos regueiros que cara el e en dirección SL-NO drenan a parroquia.

Os novos crecementos dos núcleos prodúcense en grande medida fóra dos ámbitos tradicionais e seguindo a estrada CP-8201 que cruza o leste parroquial.

O uso cunha maior significación na parroquia é o forestal.

5.1.3. Dinámica territorial en desenvolvemento do planeamento vixente

O territorio está sometido a unha forte presión degradadora producida pola edificación anárquica e diseminada. A gravidade da situación é maior nas parroquias periurbanas do norte, cun evidente grado de suburbanización que compromete a óptima explotación dos recursos naturais do municipio e mesmo condiciona o desenvolvemento de crecementos urbanos ben artellados e de calidade. A extensión da periurbanización dificulta, así mesmo, o desenvolvemento de novas infraestruturas territoriais.

As Normas Subsidiarias vixentes non permitiron asentarse un modelo coherente de ordenación pola conxunción de diversos factores, entre os que destacan:

Fomentar e amparar a ampliación desmedida e inxustificada dalgúns núcleos tradicionais seguindo as infraestruturas viarias.

A introducción da posibilidade de edificar en solo rústico, dun modo indiscriminado, fomentando a diseminación.

O establecemento das proteccións dos solos rústicos inconexas e con absoluta permisibilidade de usos (inclusive os industriais), e para a construción de vivendas vinculadas á "explotación dos recursos". Estas proteccións están, polo tanto, baleiras de contido ao non valorar e protexer axeitadamente os seus destacados recursos naturais e paisaxísticos.

A carencia dunha estrutura xeral do territorio consecuente coa ordenación proposta.

O fomento de tipoloxías edificatorias disarmónicas e tolerancias de usos indiscriminadas.

Este proceso reactivouse nos últimos anos na parroquia de Cacheiras coa transformación da AC-841 nunha ringleira de edificacións colectivas absolutamente desartelladas e cun deficiente nivel de urbanización.

A ordenación proposta nas Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, carente, xa que logo, dun axeitado modelo territorial foi distorsionando notablemente o sistema tradicional de asentamentos.

Neste contexto, os usos agrarios sufriron nos últimos anos un incremento do negativo impacto do uso residencial extensivo e diseminado. Deste xeito, nalgúns sectores, o

espazo agrícola perdeu a súa continuidade e estragouse por mor da mencionada dexeneración dos núcleos tradicionais.

As zonas forestais sofren tamén os efectos do crecemento desordenado nas proximidades dos núcleos ao non ter sido debidamente protexidas e acoller indiscriminadamente usos industriais e dotacionais así como novas expansións residenciais diseminadas.

A aparición de crecementos apoiados nas novas infraestruturas viarias sen relación nin vinculamentos co medio rural e fundamentados nunha mal entendida apropiación dos valores paisaxísticos e ambientais están a condicionar as posibilidades de mellora da rendibilidade das explotacións, ocasionando a dilapidación de importantes recursos e a proliferación e difusión de diferentes impactos ambientais.

O desenvolvemento dos solos aptos para urbanizar (SAU S-1 e SAU S-5), previstos nas proximidades dos núcleos de Pontevea (Reis) e Vilachaíño (Teo) respectivamente, orixinarían polo seu dimensionamento e emprazamento unha considerable degradación ecopaisaxística nuns contornos de elevada calidade ambiental e que forman parte da "Rede Natura 2000".

Faise patente a necesidade de reconducir a actividade e uso edificatorio ao interior dos asentamentos rurais tradicionais. Nestes a capacidade residencial está lonxe de estar esgotada, quedando solo de compleción así como arquitectura tradicional para recuperar.

Ao mesmo tempo, necesítase cotar uns ámbitos urbanos de calidade que organicen os novos crecementos e preserven os destacados recursos naturais con que conta o municipio. Esta calidade urbana deberá estar baseada no seu deseño completo e realizado con criterios de sostenibilidade, diversificado e tendente a consecución do mantemento e mellora da elevada calidade ambiental do territorio. De igual xeito, é necesario formalizar os espazos que acollan os dispersos usos industriais e que de xeito prioritario estean fundamentados nas especializacións productivas comarcais.

5.1.4. Interrelación e xerarquía dos núcleos

As parroquias do norte e oeste (Cacheiras-Os Tilos, Calo, Luou e Recesende), tradicionalmente máis poboadas e afectadas en maior medida pola dinámica da cidade de Santiago concentraron o crecemento demográfico no derradeiro cuarto de século. Polo que as restantes parroquias, ademais de perder efectivos, perderon peso relativo no total municipal e soamente representan xa o 25,4% do total do municipio e agrupados en entidades de moi pequeno tamaño, fronte ao 42,4% que representaban no ano 1970.

Funcionalmente a dependencia de Santiago é, a todos os niveis, moi importante. Pódese establecer, polo tanto, a nivel municipal, unha xerarquía máis no tocante á súa importancia demográfica relativa que á súa funcionalidade. Así, nun nivel superior teríamos o asentamento urbano de Cacheiras-Montouto-Os Tilos.

Nun segundo nivel sitúanse as conurbacións que se producen no contorno das estradas N-550 e na estrada Luou-Balcaide na parroquia de Calo, a partir dos seus núcleos tradicionais. Os núcleos urbanos da Ramallosa e Pontevea ocupan o terceiro nivel na xerarquía.

O agregado urbano de Cacheiras-Montouto-Os Tilos, xunto coa Ramallosa, cabeza rectora do municipio, aglutinan ademais a meirande parte dos servizos administrativos e, neste mesmo corredor urbano, atópase boa parte da actividade industrial e comercial do municipio.

O denso e descualificado núcleo do Milladoiro, pertencente ao Concello de Ames, ten unha influencia comercial destacada na parroquia de Calo en función da súa vecindade e complementaria coa dos asentamentos tenses do seu contorno.

Algunhas cabeceiras parroquiais, como centros históricos e funcionais do seu territorio, presentan unha destacada dotación de equipamentos educativos, deportivos e socioculturais. Neste senso, é relevante a funcionalidade do asentamento tradicional da Igrexa de Calo como centro dotacional da súa parroquia, e que está próximo ademais ao eixo de crecemento e difusión urbana da estrada N-550.

Nas parroquias meridionais cun predominio de asentamentos de características rurais é moito máis difícil establecer unha xerarquía entre eles, si ben, a nivel funcional son dependentes dos núcleos urbanos de Pontevea e A Ramallosa e é clara a súa relación de dependencia cos agregados urbanos citados anteriormente.

A consolidación e compleción dos espazos urbanos, e a súa complementariedade como centros funcionais debe ser unha das determinacións básicas para o axeitado desenvolvemento urbanístico do municipio.

5.2. USOS DO SOLO

O municipio está encadrado dentro da Área Urbana de Santiago, e en particular as parroquias setentrionais dentro do seu primeiro aro de influencia, como centro residencial e industrial de servizos. A situación privilexiada destas, en relación á cidade central, tradúcese nos maiores índices de crecemento, tanto de poboación como de número de vivendas, e a súa influencia vai condicionar os usos e coas intensidades que estes se producen no municipio. Paralelamente a este dinamismo das parroquias do norte e noroeste, o estancamento das parroquias do sur supón a perda de peso relativo no total da poboación municipal. Nestas parroquias é onde a persistencia e vixencia dos sistemas agropecuarios é máis destacada.

A segregación espacial dos distintos usos (agropecuarios, forestais e residenciais), é a característica da forma de ocupación do solo na Terra de Santiago. Así, pódese establecer unha cadea de usos dende os vales dos ríos ata os montes máis inaccesibles. O espazo residencial ocupa as marxes ou o interior dos espazos cultivados (mais sempre próximo aos ríos) que están situados entre os extensos espazos forestais; espazos cultivados relacionados entre si co fío conductor das correntes fluviais.

Os usos forestal e agropecuario, coas matices introducidas pola extensión da concentración parcelaria, son os característicos do territorio do Termo, outros como o industrial implántanse sen planificación previa e de forma espontánea. O uso forestal, como se dixo, preséntase nas cotas máis alta e de pendentes acusadas e tamén nas zonas tradicionalmente marxinais aos usos agropecuarios en función da súa tendencia ao enchoupamento.

Do recoñecemento territorial do Municipio conclúese a difusión polo territorio da edificación de moi baixa densidade (vivendas unifamiliares exentas en parcela), apoiada na infraestrutura viaria da concentración parcelaria. Esta difusión é cada vez máis extensa, proliferando de xeito anárquico e indiscriminado nas zonas de potencialidade productiva. A propagación deste uso de orixe urbana nas extensións dos núcleos e nos seus curtos espazos intercalares (sobre unha base parcelaria de maior superficie) así como nos solos rústicos é continúa e chega a conformar ben auténticas conurbacións rexidas por este uso e tipoloxía ou ben unha urbanización "agraria" difusa. Con diferentes graos de intensidade, a realidade é que en amplos sectores das parroquias setentrionais e nos contornos dos corredores urbanos estas zonas vense hoxe seriamente ameazadas pola presión da edificación individual.

Os usos extensivos, neste contexto, teñen menor relevancia na produción global municipal pois, pola súa condición periurbana, os empregos concéntranse na industria e

sobre todo nos servizos localizados maioritariamente na cidade central. O descenso da ocupación no sector primario na última década é moi significativo pois, do lento e progresivo descenso da década dos oitenta, pasouse nos últimos anos a unha extraordinaria diminución da ocupación exclusiva na agricultura. Paralelo a este descenso foi a subida do sector terciario, e reflicte dunha forma moi nítida a importancia dos usos urbanos. Sen embargo, a baixa actividade de ocupación na agricultura non está relacionada cunha baixa productividade potencial das terras, senón que está enmarcada nunha economía de multiactividade, onde a ocupación principal pode estar á marxe da agricultura, pero a agricultura a tempo parcial (con todas as súas variantes, subsidiada, complementaria, de pautas urbanas, etc.) ten unha importancia moi destacada.

5.2.1. Producción, usos naturais e potencialidades

A distribución das terras, segundo os distintos aproveitamentos que aportan as fontes estatísticas, indican que o espazo cultivado representa a metade da superficie forestal, correspondendo ás terras labradas pouco máis da cuarta parte das totais. A superficie agraria útil (S.A.U.) segundo o Anuario de Estatística Agraria de 1996 supón o 32% da superficie municipal, valor lixeiramente inferior á media comarcal.

A estrutura agraria caracterizábase (1989) pola súa elevada parcelación, sendo o tamaño medio da explotación agraria menor das 3 Ha, e menos do 10% das explotacións tiñan máis de 10 Ha. Nas últimas décadas xeneralizáronse os procesos de reestruturación da propiedade coa extensión da concentración parcelaria a todas as parroquias. Esta na actualidade abarca case que todo o termo municipal ao estar en proceso a concentración parcelaria dos seus espazos de "monte".

A histórica dedicación agraria de policultivo asociado a un réxime autárquico (onde non faltaban patacas, legumes, hortalizas e vides no contorno dos núcleos), mudou lixeiramente nos últimos tempos no que os aproveitamentos evolucionaron cara ás forraxes e pasteiros pola progresiva especialización pecuaria comarcal. Os principais cultivos son o millo e as forraxes¹ que ocupan máis do 60% das terras agrícolas. As dedicadas a prados e pasteiros non deixan de medrar ao mesmo tempo que diminúen as dedicadas a millo para grao pois as actividades agrarias están supeditadas ás necesidades pecuarias.

É salientable a existencia dunha agricultura especializada e de altos rendementos, tendo en conta o amplo mercado urbano, horticultura e floricultura representadas nun apreciable número de explotacións (algunhas delas con producións intensivas en invernadoiros) nas parroquias meridionais.

A fruticultura intensiva tamén está representada na parroquia de Oza e con base nas grandes propiedades. Trátase de explotacións de froiteiros aliñados e guiados. As novas plantacións de viveiros de árbores ornamentais nas veigas do Río de Santa Lucía e en Agoso son un claro exemplo desta especialización.

Un uso característico e de ampla significación histórica é o do cultivo da vide. Este está vinculado á Comarca Vitícola da Ulla e continúa o seu cultivo tradicional en parras e orientado prioritariamente ao autoconsumo.

Segundo o Catastro Vinícola e Vitícola (MAPA 1983) eran 106 Ha. as dedicadas ao viñedo, o que non chegaba a acadar o 5% da superficie labrada, sendo a porcentaxe de

híbridos (HPD) superior ao 99%. A caste autóctona Albariño ocupaba só 0,40 ha. e 0,58 ha a caste Alicante. O Anuario de Estatística Agraria de 1996 recolle que o número de hectáreas dedicadas a este uso non variou.

Os recentes procesos de reestruturación e reconversión do viñado, coa eliminación dos HPD e o feito de que a zona fose recentemente amparada para a produción dos viños protexidos pola Denominación de Orixe Rías Baixas, Subzona Ribeira do Ulla, indican que a súa expectativa de crecemento e rendibilidade futuras pode ser moi importante. A Subzona Ribeira do Ulla inclúe no seu territorio ás parroquias de Bamonde, Lampai, Oza, Rarís, Reis, Teo e Vilariño.

A orientación gandeira das explotacións reflíctese nunha cabana bobina que conta con 2.000 reses² de razas pardo-alpinas e supón pouco menos do 1% do total provincial. A porcentaxe de vacas de muxido é moi superior ao das dedicadas á produción cárnica, representando as primeiras o 85% das totais, o que está en consonancia coa especialización leiteira do seu contorno inmediato. A mellora das estruturas agrarias está sendo seguida paulatinamente pola modernización das explotacións; así, as explotacións que superan a decena de vacas supoñen o 15% das totais e estas contan co 58,5% da cabana. Estas reses están distribuídas en 310 explotacións², fronte ás 443 explotacións censadas no ano 1996. Esta diminución das explotacións para unha cabana semellante garda estreita relación cos cambios coxunturais recentes de estímulo ao abandono da actividade agropecuaria e coa redistribución da cota leiteira entre as explotacións máis grandes.

A cabana porcina é moi destacada no contexto provincial e está vinculada á proximidade da aglomeración urbana santiaguesa. O seu número está estabilizado en torno ás 12.000 cabezas, e caracterízase por concentrarse en explotacións gandeiras industriais onde ás prazas de ceba constitúen máis do 85%. A consecuencia desta importante cabana aparece no municipio a súa agroindustria asociada.

A cabana gandeira complétase cunha estable cabana ovina que rolda as 1.600 cabezas.

Igual que no resto da comarca o monte é o uso do solo de maior extensión. A súa superficie acada aquí o 60% da total do municipio, e destaca, así mesmo, pola súa continuidade. A súa localización non está exclusivamente condicionada pola pendente ou pouca aptitude agraria dos solos, senón que está en estreita relación coas necesidades tradicionais das explotacións, nas que as parroquias dedicaban porcentualmente ao "monte" a maior superficie. Na actualidade trátase, nunha elevada porcentaxe, de bosques madeirables, formados por masas repoboadas nas que a especie dominante, nas partes baixas son os piñeiros (*Pinus pinaster*) e mesturas

destes con eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) nas zonas máis altas. As porcentaxes de frondosas autóctonas son nalgúns sectores moi importantes, así como a súa recuperación nos terreos deixados de cultivar.

Nos esgrevios cumios e nas áreas castigadas pola reiteración do lume están cubertos por matos sobre solos cunha boa aptitude forestal e singular interese para a conservación do solo e da paisaxe.

Existe tradicionalmente unha notable e variada actividade forestal local, que abarca dende a súa explotación directa no monte ata a súa transformación (serras, carpinterías, moblerías) e son unha das bases da actividade industrial do municipio.

O espazo forestal está fortemente dotado de melloras estruturais pois está inserido, como xa se dixo, no proceso de concentración parcelaria. Sen embargo, a excesiva proliferación do viario e o seu discutible dimensionamento son un factor de empobrecemento dos seus valores naturais e ecolóxicos ao non ter en conta, ademais dos produtivos, os distintos usos sociais do monte, como son os de conservación da natureza, os paisaxísticos, ou os de lecer.

Potencialidades:

O territorio municipal pódese considerar privilexiado polas condicións do seu medio natural.

Climaticamente hai poucas limitacións para o desenvolvemento dos cultivos (risco de xeadas inferior aos tres meses, lixeiro déficit hídrico estival, baixa altitude) o que permite unha notable diversificación dos aproveitamentos. A suma dos valores climáticos e edáficos favorecen o seu elevado potencial produtivo o que pode supoñer unha destacada riqueza económica.

Os solos cultivados teñen unha elevada aptitude agronómica, sendo clasificadas as terras como de laboreo sistemático ou de "primeira" nas diferentes clasificacións agrolóxicas é constitúen, polo tanto, un destacado recurso. A aptitude das terras e en xeral boa para prados, millo e trigo.

Os seus solos teñen, así mesmo, unha elevada potencialidade productiva forestal (os piñeiros están aquí na súa área ecolóxica óptima), e xunto coa súa extensión e significación paisaxística representan unha das maiores riquezas do patrimonio natural de Teo.

As condicións microclimáticas e edafolóxicas da Ribeira do Ulla son indubidablemente idóneas para o desenvolvemento vitivinícola e hortofrutícola.

En función da súa alta rendibilidade e especial adecuación ao territorio os sectores vitivinícola, hortofrutícola e forestal deben ser sectores a potenciar.

¹ Anuario de Estatística Agraria 1996

² Censo da Campaña de Saneamento Gandeiro 1999

5.2.2. Usos urbanos e industriais no territorio

Os usos urbano-residenciais son progresivamente os que maior peso van adquirindo no municipio por mor da súa especial disposición ao hábitat alternativo a Santiago. Hoxe en día, isto prodúcese xa non soamente no eixe tradicional de crecemento urbano (N-550), senón que a influencia directa da cidade central é bastante máis acusada na estrada AC-841 na que a súa impronta e dinámica fanse patentes.

A partir dela difúndense polo territorio novas e descontinuas urbanizacións dependentes da cidade e que constitúen auténticos barrios periurbanos de Santiago. Isto está producindo a formación dun continuo residencial urbano á marxe dos patróns de asentamentos tradicionais e coa única lóxica marcada polos criterios de accesibilidade e funcionalidade.

Nestes sectores, mesturados coa edificación residencial, emprázanse pequenos enclaves industriais e de servizos que participan da deficiente implantación e con déficits de nivel de urbanización e integración territorial.

A importancia dos fenómenos pendulares repercute na saturación do viario e fai necesarias novas infraestruturas viarias de maior capacidade que complementen ás existentes e permitan a súa reconversión en travesías urbanas.

Continúa, xa que logo, o proceso de concentración do crecemento urbano nos novos agregados con maior dinámica poboacional e segue a aumentar a diferenza existente entre as densidades poboacionais das parroquias do norte fronte ás meridionais. Nestas concéntrase xa case o 75% da poboación municipal.

Un uso industrial de especial significación no territorio polas súas intrínsecas características de implantación é a explotación da canteira de Santa Clara. Esta explotación ocasiona unha elevada intrusión visual e supón un importante impacto paisaxístico nun contorno suxeito a planeamento especial (Camiño de Santiago) e debería ser obxecto dos pertinentes tratamentos de integración e restauración paisaxística.

5.2.3. Equipamentos e dotacións

O equipamento das parroquias rurais descansa parcialmente na capacidade de execución das entidades veciñais e complementase, en moitos casos, coa implantación de dotacións subsidiarias da concentración parcelaria. Así, en xeral, estas están suficientemente equipadas a pesar de que o seu mantemento e a súa calidade arquitectónica e urbanística non pareza ser a axeitada. É moi significativa a carencia de equipamentos socioculturais e deportivos de calidade de ámbito municipal.

As infraestruturas de depuración das augas residuais son insuficientes. Na actualidade está sendo abordada unha importante actuación de saneamento coa implantación dunha nova Estación Depuradora de ámbito municipal en Valiñas (Reis).

A actuación pública concentrouse no acondicionamento de pequenas áreas verdes e espazos libres, espazos sen planificación urbanística conxunta, e faltos da imprescindible integración, coordinación e ordenación ambiental.

É necesaria a canalización da inversión pública para abordar a execución deste equipamento de ámbito municipal. A base destas actuacións urbanísticas necesariamente deberá pasar pola recuperación e posta en valor do importante patrimonio construído e natural do municipio.

5.2.4. Usos singulares e afeccións

O único uso singular localizado dentro do termo municipal corresponde a unha empresa Pirotécnica emprazada no lugar de Mazas na parroquia de San Xoán de Calo.

Ademais existen unhas áreas no municipio nas que se localizan usos industriais que polas súas características ocupan unha grande superficie de solo. Entre elas cabe destacar a canteira de Carballal, o grande serradoiro de Pontevea e a agrupación industrial terciaria de Montouto na que existe un certo nivel de agregación; sen conformar unha área especializada vaise consolidando como unha área de servizos e almacenaxe.

5.3. ANÁLISE DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

5.3.1. Morfoloxía

A morfoloxía dominante do territorio é suave cunha alternancia de extensos espazos forestados e cultivados. A orientación do territorio cara ao mediodía faíno moi favorable ao asentamento residencial. A estrutura agraria tradicional minifundista e de policultivo desenvólvese nas súas pendentes suaves e nos fértiles vales rexida por numerosas aldeas.

O espazo residencial ocupa as marxes ou o interior dos espazos cultivados que están situados entre os extensos bosques, característica propia da forma de ocupación do solo na Terra de Santiago.

Os asentamentos rurais tradicionais preséntanse no territorio en estruturas nucleares conformando un poboamento disperso e xeralmente denso, que define ao poboamento da Comarca de Santiago. A súa principal característica é que as construcións vincúlanse ás vías aparecendo espazos baleiros entre as edificacións, ocupados por patios, hortas, etc. A tipoloxía dos núcleos non é uniforme xa que vai a depender de factores como o tamaño, a trama viaria que os conforma, ou a súa localización.

Do recoñecemento territorial pódese concluír que a densidade e tamaño dos asentamentos está condicionada respectivamente pola extensión das superficies cultivadas e pola súa maior ou menor proximidade a Santiago e vinculación aos eixes viarios tradicionais.

Cando os espazos cultivados son amplos e elevada a súa aptitude agrícola as aldeas salpican o interior do espazo agrario a intervalos regulares nunha densidade de poboamento moi elevada.

Ó ser menos favorables as condicións do medio, e máis reducida a extensión das superficies labradas en relación ao seu contorno inmediato, preséntanse un número discreto de asentamentos. Os asentamentos sitúanse entre o espazo cultivado e o monte a prol dun soleamento favorable, e seguindo os camiños rurais que os relaciona entre si e coa paisaxe agraria.

Existe unha dualidade de asentamentos no municipio, en canto ao tamaño se refire; así os núcleos de poboación nas parroquias setentrionais, máis próximas a Santiago e aos eixes viarios principais, son máis grandes fronte ás parroquias meridionais onde os núcleos tradicionais son pequenos.

5.3.2. Tipos de asentamentos

Lugares ou casares.

Moitos asentamentos, fundamentalmente nos vales da "Ribeira do Ulla", son sinxelos lugares acasados ou están formados por varios casares moi próximos entre si pero nidios na súa apreciación individual. Estes obedecen a unha capacidade de traballo directa das terras en torno ao casal pola unidade familiar, que en moitos dos casos os denomina e identifica. A presenza de emparrados nas hortas e patios obriga ás edificacións a distanciarse conformando, ás veces, estruturas moi laxas.

Núcleos en torno a camiños históricos.

As vías naturais de acceso a Santiago desde o sur de Galicia seguindo a depresión meridiana ou cruzando o Ulla en Pontevea fan aparecer ao seu carón unha grande cantidade de asentamentos tradicionais. As estradas construídas no século vinte poucas veces suporpoñerse aos trazados dos camiños antigos, senón que, polo xeral, trátase de novos trazados que en pequenos treitos utilizan o viario preexistente.

O camiño medieval de Pontevedra a Santiago está hoxe en día duplicado na estrada N-550 pero non produciu grandes crecementos dos núcleos situados no "Camiño" agás nos cruces co viario preexistente. O camiño de Forcarei a Santiago por Pontevea, está hoxe duplicado na estrada Pontevea-Milladoiro, e neste eixo viario na parroquia de Calo producíuse un desdoblamento dos núcleos. A súa proximidade e crecementos intercalares forman actualmente auténticas conurbacións (Vilar de Calo-Solláns-Mazas-San Domingo).

O núcleo urbano de Pontevea vencellado á ponte medieval e a este camiño histórico configúrase como un núcleo de orixe viaria e con estrutura en ringleira. Estrutura compartida por moitos destes asentamentos e exemplificadas extraordinariamente nos asentamentos de Rúa de Francos, A Pedreira, etc.

Núcleos asentados en zonas de val ou con pouco terreo de cultivo.

Os núcleos sitúanse na zona de transición (pé de monte, outeiros) entre as terras boas para o cultivo e as non aptas para ser labradas. As terras de cultivo están nas zonas de media ladeira, obrigando aos asentamentos ben a estenderse na rotura de pendente a carón do monte e de forma marxinal ao espazo agrario, ou ben en pequenos resaltes ou outeiros que resoven a transición cara as valgadas con pequenos bancais que os

aproximan ás características da "bocarribeira". Mosteiro na parroquia de Lampai e Freixeiro e O Outeiro en Reis constitúen bos exemplos.

Núcleos centralizadores de servizos.

Algunhas cabeceiras parroquiais, como centros históricos e funcionais do seu territorio, presentan unha dotación de equipamentos, educativos, deportivos ou socioculturais. Estas centralizan as actividades comerciais, relixiosas e de lecer do seu contorno e como consecuencia están mellor estruturadas e presentan un grao maior de urbanidade, tal sería o caso de Agoso (Oza), A Igrexa (Luou), O Casal De Reis, Fontenlo (Teo), etc.

Núcleos relacionados cos Pazos e Casas Grandes.

A sociedade señorial agrícola instaurouse sobre estas fértiles terras constituíndo a súa presenza un fito relevante na configuración da súa paisaxe. Os dominios señoriais son menos abondosos no municipio que no resto da comarca pola grande proximidade e influencia de Santiago. Nas proximidades destes aparecen os seus pequenos asentamentos asociados e que presentan vencellos claros, Faramello, Buela, O Piro, etc.

5.3.3. Calidade ambiental dos núcleos rurais

Os núcleos rurais manteñen elementos e usos tradicionais, nalgúns casos relacionados co cultivo da vide, que incrementan a súa xa elevada calidade ambiental. Os espazos relacionados cos cultos relixiosos e os Camiños a Santiago, os campos de festa, de feira e de romarías, as construcións e espazos vencellados coas sociedades agrarias estruturan e enriquecen os asentamentos e xunto cos conxuntos etnográficos en progresivo desuso -conforman conxuntos patrimoniais de alta calidade cultural e ambiental-. Cando a estes se engaden as pequenas dotacións públicas, tanto deportivas como culturais e de lecer, estes asentamentos tradicionais son quen de aglutinar e rexer aos núcleos do seu contorno.

A densidade de poboamento tan elevada fai que tanto as explotacións agrícolas como as forestais sexan moi accesibles desde os núcleos tendo en conta a mobilidade actual. As densidades de ocupación nos núcleos rurais tradicionais son moi baixas e a súa capacidade residencial está lonxe de estar esgotada, quedando solo de compleción, polo que parece factible continuar coa súa compactación.

5.3.4. Distorsión da estrutura de asentamentos e territorial

A alteración da estrutura tradicional dos asentamentos prodúcese cun desdoblamento do núcleo, sempre en ringleiras de edificacións exentas en parcelas de grandes dimensións ao longo das estradas e camiños, e fóra do espazo físico orixinal dos núcleos. Cando esto se produce dunha forma intensiva resulta incluso complicado reconstruír a trama tradicional dos asentamentos.

Os fenómenos derivados da difusión urbana prodúcense en función da accesibilidade e proximidade coa cidade central (co matiz introducido pola xerarquía viaria), diminuíndo co progresivo afastamento dos eixes tradicionais de crecemento urbano.

A meirande concentración urbana do termo municipal, a urbanización dos Tilos lindante co límite do municipio de Santiago, é claro exemplo desto.

Os fortes crecementos recentes, seguindo a estrada AC-841 entre Montouto e Cacheiras produce unha conurbación de actuacións inconexas e densas que, coa súa mestura cos espazos industriais e de servizos mal cohesionados, son orixe dun notable nivel de suburbanización.

Os espazos residenciais actuais, de pautas urbanas, forman estruturas moi laxas nas que predominan a diseminación das vivendas ao longo dos eixes viarios (novas estradas e pistas de concentración parcelaria) inseridas deficientemente no medio rural e que por desgracia son tan comúns na urbanización periurbana compostelá.

As positivas melloras da infraestrutura viaria rural convértense nun factor negativo de fomento da diseminación e suburbanización, ao aparecer toda clase tipo de tipoloxías edificatorias urbanas nun medio antes non poboado por mor da súa escasa disposición para o hábitat tradicional (valgadas, montes, chairas de inundación, etc.) e polo tanto factores de degradación das súas intrínsecas características e potencialidades productivas e residenciais. A concentración parcelaria, de trazados viarios ortogonais e densos, nos contornos dos núcleos rurais tradicionais situados moi próximos entre si, conleva a formación de novas conurbacións ao aparecer crecementos intercalares en solos rústicos ou ben nas extensións dos núcleos seguindo as vías de comunicación.

A consideración dos viais da concentración parcelaria ou das estradas interurbanas como estruturas válidas para unha urbanización sen planificación nin verdadeiro contido urbano (espazos públicos, infraestruturas, dotacións, redes peatonais, etc.), exemplifica o "non urbanismo", é unha negación da ordenación e implica factores de empeoramento da calidade de vida e da calidade e expectativas do territorio. As estruturas residenciais

resultantes son incapaces de xerar un verdadeiro tecido urbano. Este fenómeno da arquitectura executada por diante e a expensas do urbanismo e da ordenación do territorio (favorecida -no noso caso- polo planeamento vixente) é en definitiva a causante dos fenómenos de degradación ambiental que nos últimos tempos sensibilizan á opinión publicada de Galicia.

6. VALORACIÓN DO MEDIO NATURAL E DO PATRIMONIO CULTURAL

6.1. PATRIMONIO NATURAL E PAISAXÍSTICO

As paisaxes insírense no contexto comarcal e paisaxístico da Terra de Santiago, onde no seu sector meridional domina a morfoloxía suave de amplas superficies de erosión e profusa rede hidrográfica, e que ten como resalte e destacado fito paisaxístico ao filón de cuarzo do Pico Sacro.

Topograficamente o máis destacado é a baixa altitude sobre o nivel do mar e a súa relativa planitude, que só acada desniveis acusados nos rebordos montañosos e, cando estes se encaixan, nas abas dos ríos.

Os montes de Lampai e Cacheiras, coroados polos altos de Pena Agrela e A Póboa, representan as elevacións máis importantes do municipio. Os primeiros forman parte do contraforte montañoso oriental da depresión meridiana e teñen un destacado interese paisaxístico, reforzado pola súa condición de miradoiro natural das Rías Baixas.

Climaticamente a Comarca de Santiago está encadrada no dominio oceánico hiperhúmido. A influencia climática das Rías Baixas penetra pola depresión meridiana e polo val do Río Ulla e orixina un clima temperado todo o ano, con abondosas precipitacións de inverno e asomos de calor nos meses de verán. Destaca a moderación das temperaturas, a temperatura media anual (Santiago) é de 12,9 °C, e as reducidas precipitacións estivais.

O caudal fluvial máis importante é o Río Ulla que constitúe a fronteira natural do municipio polo sur, e que recibe pola marxe dereita ao Río Pereiro e, augas abaixo de Pontevea, ao Río de Santa Lucía.

O sistema fluvial do Río de Santa Lucía drena a meirande parte do territorio municipal e o seu tramo medio encáixase lixeiramente en gornas de acusadas pendentes, onde van recuperándose vizosas fragas, para logo abrirse nunha ampla veiga. Os ríos discorren por vales de fondos achairadas, seguindo fendas de direccións>NNL-SSO que cambian bruscamente e en varias direccións no seu treito final, seguindo as estruturas.

Numerosas fracturas, primeiro de dirección meridiana e que posteriormente cambian a NO-SL, son ocupadas por ríos de curto percorrido, Tella, Sestelo, etc, tributarios do anterior, producindo unha sucesión de valgadas paralelas separadas por pequenos interfluvios, e que compartimentan notablemente o territorio.

Os fenómenos dinámicos erosivos contribúen á planitude dos vales e valgadas pois estes atópanse recheos de sedimentos fundamentalmente arxilosos.

Estes ríos regan uns vales fértiles e que sostiveron desde antigo unha intensa actividade agropecuaria. A súa estrutura agraria tradicional minifundista e de policultivo desenvólíase nas súas pendentes suaves, a prol dun soleamento moi axeitado. A paisaxe agraria é de grande diversidade pola alternancia de extensos espazos forestados e cultivados, onde nos últimos tempos predominan os piñeirais e as praderías, o que se traduce nunha orixinal e contrastada beleza paisaxística.

Numerosos asentamentos rexen o espazo agrario, a orientación do territorio cara ao mediodía e a súa calidade ambiental faino moi favorable ao asentamento residencial.

A extensión da concentración parcelaria e mailos modos de vida urbana polo territorio son factores uniformizadores das paisaxes, sen embargo, na área a estudo, pódense individualizar dúas subunidades paisaxísticas que veñen determinadas en función de dous gradientes.

Un gradiente morfoclimático, no que de norte a sur vaise incrementando o índice de termicidade. As baixas altitudes xunto coa citada influencia oceánica introducen un matiz mediterráneo na vexetación da "Ribeira do Ulla" que, na medida que se afasta dos principais ríos e aumenta a altitude, vaise minorando.

Un segundo gradiente orixinado pola desigual intensidade da influencia, histórica e presente, de Santiago, e que é progresivamente menor cara o sur.

As subunidades paisaxísticas, no contexto municipal, son as que de seguido se relacionan:

- A Ribeira do Ulla, paisaxe basicamente rural definida polos vales do río Ulla e os seus tributarios Santa Lucía e Pereiro.
- A franxa periurbana de Santiago, caracterizada pola mestura urbano-rural, que irradia polos eixes de comunicación a súa continua, progresiva e desordenada difusión residencial.

A Ribeira do Ulla.

O val do río Ulla , lixeiramente encaixado, agás nas confluencias cos seus principais tributarios, configura unha paisaxe moi humanizada con destacada dispersión do poboamento, mais sen grandes concentracións urbanas.

Os asentamentos esquivan o fondo do val do Ulla para situarse na parte alta e seguindo as redes hidrográficas de inferior orde (Pereiro, Santa Lucía, etc.). O entramado parroquial é denso, sendo a densidade de poboamento media e os núcleos, en xeral, de pequena entidade.

O hábitat residencial e usos agropecuarios e forestais tradicionais, son o que máis presenza adquire dentro da paisaxe. No interior dos espazos cultivados non proliferan, en exceso, as residencias de características urbanas.

As condicións microclimáticas permiten a aparición de especies submediterráneas, destacando as sobreiras (*Quercus suber*) e erbedeiros (*Arbutus unedo*) e son favorecedoras dun elevado crecemento vexetal que se reflicte nos variados aproveitamentos, entre os que se inclúen a hortofruticultura, a floricultura, etc. Fan posible, así mesmo, o cultivo da vide, coa tradicional presenza de emparrados nos patios, hortas e o viario interior das aldeas, así como os seus elementos culturais asociados (socalcos, vimbieiras, etc.) e a súa proliferación actual nas lindes ou en novas e intensivas plantacións. A presenza da viticultura é unha das características definidoras das súas paisaxes e ás que dota de peculiaridade.

A frecuencia, nestas fértiles terras, de ilustres Pazos e Casas fidalgas xunto coas numerosas igrexas e santuarios constitúen, coa súa impronta, un fito relevante na configuración da súa paisaxe.

En definitiva, trátase dunha paisaxe de alta calidade, que forma "xeográfica e artisticamente o xardín de Santiago de Compostela" (Otero Pedrayo).

A franxa periurbana de Santiago.

Espazo inserido plenamente na Área Urbana de Santiago no que o entramado parroquial é pouco denso polas elevadas superficies parroquiais, e que ten unha densidade de poboamento alta. Os núcleos teñen tamaños medios e, en xeral, están conurbados por mor da súa grande proximidade e pola importancia dos fenómenos de coalescencia.

A maior altitude e a situación setentrional vai degradando a influencia microclimática do Ulla e con esta desaparecen os cultivos especializados, a viticultura e as características submediterráneas na vexetación.

A pesar dos crecentes procesos de difusión urbana os usos agropecuarios teñen unha notable representación e nalgúns sectores existe unha apreciable extensión da suburbanización agraria difusa. Xunto a estas coexisten áreas industriais, urbanizacións difusas, etc., de implantación deficiente e marxinal, e en xeral froito dunha notable desorde urbanística.

Os fenómenos derivados da difusión urbana prodúcense en función da accesibilidade e proximidade coa cidade central e co matiz introducido pola xerarquía viaria, diminuíndo co progresivo aloxamento dos eixes tradicionais de crecemento urbano.

A mestura dos espazos residenciais provoca unha paisaxe en mosaico, onde se poden atopar teselas cun uso e tipoloxía residencial actual coexistindo con teselas de hábitat residencial tradicional. Os crecementos nos espazos intercalares dos núcleos tradicionais das novas edificacións, implantadas dun xeito anárquico, ou como illas de urbanización pouco cohesionadas, despersonalizan a paisaxe dándolle, ao mesmo tempo, unha profunda imaxe desruralizada e suburbana. Estes procesos son máis patentes nas parroquias periurbanas de Calo, Recesende e Cacheiras e en menor medida nas de Oza e Luou.

O efecto litoral, que se produce ao non existir unha transición lóxica entre os diferentes espazos residenciais, e destes co medio, xera situacións de elevada fricción e diminución da calidade da paisaxe.

6.1.1. Espazos Naturais: Ríos Ulla, Santa Lucía e Pereiro

Os ríos Ulla, Santa Lucía e Pereiro, pertencentes ao "Sistema fluvial Ulla - Deza", son os espazos máis sobranceiros en función dos seus valores ecolóxicos e paisaxísticos. Estes espazos foron recentemente incluídos na proposta da comunidade autónoma para ser integrados na "Rede Natura 2000" como Lugares de Importancia Comunitaria (LICs), e declarados de forma provisional como Espazos Naturais en réxime de protección xeral. (Espazos merecidos en réxime de protección por ter recoñecidos uns valores naturais, culturais, científicos ou educativos singulares, que se amparan cun réxime compatible cos usos e actividades tradicionais de aproveitamento ordenado das producións, sendo compensadas todas aquelas limitacións aos seus usos).

Son cursos fluviais pertencentes á Rexión Bioclimática Atlántica con importantes poboacións piscícolas, entre as que destacan o Salmón atlántico (*Salmo salar*) e a Lamprea (*Petromyzon marinus*), e que inclúen hábitats constituídos por Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*) así como Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Presentan unha notable fauna asociada aos ecosistemas fluviais entre a que destacan, entre outros, o Rato de almisce (*Galemys pyrenaicus*), a Lontra (*Lutra lutra*), o Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), o Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), etc.

Á alta calidade ambiental do ecosistema fluvial do Río Ulla hai que engadir a presenza de amplas e continuas superficies forestais en contacto co río, mesmo coa presenza destacable de frondosas autóctonas (carballos, sobreiras) no interior dos piñeirais.

Nas chairas aluviais dos seus tributarios, sobre solos dunha elevada hidromorfía (fluvisoles e gleisoles), desenvólvense comunidades freatófitas de distinto grao de madurez, brañas, salgueirais e ameneirais, de portes arbustivos e arbóreos. Nas abas de maiores pendentes persisten pequenas fragas.

A destacada heteroxeneidade de hábitats interconectados coa profusa e ben conservada ripisilva fan do sistema fluvial un auténtico conector biolóxico, nuns espazos intensamente humanizados que lle confiren un elevado interese ecolóxico e paisaxístico. Este interese ven incrementado pola súa alta capacidade tamponizadora ou amortiguadora fronte das avenidas (o territorio presenta un risco alto de inundación).

A presenza de poboacións sensibles nestes ríos e vales fai necesaria a toma en consideración de medidas de depuración dos residuos coherentes (as infraestruturas de depuración, urbano-industriais e agrogandeiras, son insuficientes na actualidade) e as actuacións que se desenvolvan nos seus ámbitos, así como as intensidades dos usos

deben estar condicionados por mor da súa fragilidade e do seu intrínseco valor ecolóxico.

O Río Ulla, no seu treito comarcal, caracterízase pola súa diversidade morfolóxica que conforma un rosario de espazos dun grande interese paisaxístico e con recursos naturais e patrimoniais específicos. No termo municipal é salientable a ampla revolta que describe o Río Ulla en Pontevea, (xeradora dunha grande variabilidade nas súas condicións hidráulicas e con estas de diversos hábitats), e que conta con paraxes singulares asociadas ao curso fluvial entre as que destacan, de leste a oeste, a Burga, a Ponte Medieval de Pontevea e mailo Xirimbao.

- A Burga atópase a escasos metros do Río Ulla e rodeada dun notable espazo forestado de uso público. O manancial de augas ortotermas ten un caudal moderado e as súas augas sulfuradas son recollidas nunha singular pía circular. Ao seu carón existen as ruínas dunha pequena construción, antiga Casa de Baños.
- A Ponte Medieval do século XIV situada no contorno do núcleo urbano de Pontevea.
- O Xirimbao, paisaxe típica dos coutos de pesca e que anticipa o progresivo encaixamento do río entre os montes Xesteira e Meda. Conta cun Refuxio de Pescadores, presa e ponte colgante nunha carballeira dotada de elementos de uso público e salientable arboredo alóctono. Este espazo necesita a corrección do negativo impacto ambiental orixinado pola presa do couto salmoneiro de Couso.

Estes espazos teñen tamén interese como espazos complementarios de lecer e están necesitados dun ordenamento e posta en valor en conxunto pola súa potencialidade turístico-recreativa.

6.2. O PATRIMONIO CULTURAL VINCULADO AO TERRITORIO

O patrimonio cultural do Municipio de Teo caracterízase pola diversidade no tocante á súa natureza e tipoloxía e, pola existencia de elementos pertencentes ás diferentes épocas históricas que posibilitan a comprensión da evolución histórica e cultural do territorio. É especialmente rico en bens patrimoniais arqueolóxicos e etnográficos. A proximidade e influencia de Santiago déixanse notar no territorio, e a das súas pegadas artísticas e as propias dos Camiños de Santiago ao chegar a Compostela e que supuxeron a penetración de importantes correntes culturais.

A ponte medieval de Ponteveja é o máis destacado dende o punto de vista monumental. Está situada na parroquia de Reis, sobre o Ulla. É de características constructivas dos séculos XIV ou XV e está composta por seis arcos con bóvedas oxivais e taxamares saíntes. Tamén é salientable unha pequena ponte sobre o río Tinto obra dos séculos XVI ou XVII, sobre outra posiblemente romana e relacionada co Castro Lupario.

O Camiño Portugués a Santiago discorre pola parroquia de Calo e presenta un bo número de elementos vinculados a el como poden ser o Cruceiro de estilo gótico de Rúa de Francos, interesante pola súa singularidade e antigüidade, a imaxe devocional de San Antonio Abade, etc.

Tamén hai que mencionar algúns conxuntos rurais de grande beleza, con espazos públicos e variados elementos patrimoniais de alta calidade ambiental e artística. Entre estes conxuntos sobresaen os da Carballeira de San Martiño en Rúa de Francos, Santa Eufemia de Ribas, Santa María da Cabeza-Raxó, etc, relacionados con tradicionais feiras e romarías de importancia comarcal.

A conservación deste patrimonio semella ter sido bastante desigual, podéndose destacar que fronte aos elementos patrimoniais máis sobranceiros, que foron obxecto dun tratamento axeitado ou mantidos pola vixencia do seu uso, outros, especialmente os etnográficos, continuaron coa súa paulatina ruína e inclusive desaparición, a pesar de ter sido inventariados e catalogados.

Os Plans de Recuperación do Patrimonio Etnográfico a nivel provincial implantados no territorio pola Escola Taller, de carácter supramunicipal, tentan paliar este deterioro e a súa recuperación. Sen embargo, os acondicionamentos mal entendidos, ocasionan a perda da súa identidade. Algunhas construcións disarmónicas, realizadas fundamentalmente na década dos oitenta e de dubidosa xustificación na

actualidade, foron tamén causantes de notables deterioros en elementos e espazos.

A valoración deste rico patrimonio cultural constitúe un dos elementos básicos que debe perseguir o proxecto de ordenación urbanística.

6.2.1. Depósitos arqueolóxicos e castros

A actividade prehistórica do home foi, no municipio de Teo, igual que no resto da comarca, moi notable como o testemuñan os restos arqueolóxicos atopados.

Téñense identificado un considerable número de conxuntos de mámoas, petroglifos, complexos megalíticos e necrópoles. Persisten, ademais, as pegadas dun discreto número de castros, e se teñen atopado restos en depósitos arqueolóxicos de diferentes épocas.

Relaciónanse a continuación os lugares de interese arqueolóxico, identificados no ámbito xeográfico das distintas parroquias, que foron incluídos na proposta de Catálogo de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Teo promovido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en Xuño-Xullo de 2001.

San Simón de Ons de CACHEIRAS:

GA 15082003	Castro de Osebe.
GA 15082031	Mámoa nº 1 de Montouto.
GA 15082032	Mámoa nº 2 de Montouto.
GA 15082033	Mámoa nº 3 de Montouto.
GA 15082001	Mámoa nº 4 de Montouto.
GA 15082034	Mámoa nº 6 de Vilar de Calo.
GA 15082035	Mámoa nº 7 de Vilar de Calo.
GA 15082036	Mámoa nº 8 de Vilar de Calo.

San Xoán de CALO:

GA 15082002	Castro de Socastro. Castro de Texexe.
GA 15082012	Mámoa nº 1 de Vilar de Calo.
GA 15082027	Mámoa nº 2 de Vilar de Calo.
GA 15082028	Mámoa nº 3 de Vilar de Calo.
GA 15082029	Mámoa nº 4 de Vilar de Calo.
GA 15082030	Mámoa nº 5 de Vilar de Calo.
GA 15082037	Petroglifo de Mouromorto.
GA 15082039	Xacemento de Socastro.
GA 15082055	Mámoa nº 1 das Barreiras.
GA 15082056	Mámoa nº 2 das Barreiras.
GA 15082057	Mámoa nº 3 das Barreiras.
GA 15082ACH	Cerámica do Seixo. Achácego.

Santa María de LAMPAI:

GA 15082009	Mámoa nº 1 do Petouto da Gándara.
GA 15082053	Mámoa nº 2 do Petouto da Gándara.
GA 15082054	Mámoa nº 3 do Petouto da Gándara.

Santa Mariña de LUCÍ:

GA 15082006	Castro de Lucí.
GA 15082074	Xacemento de Tras do Pego 1.
GA 15082075	Xacemento de Tras do Pego 2.
GA 15082076	Xacemento de Ramallosa.

Santa María de LUOU:

GA 15082004	Mámoa de Trasellas.
GA 15082005	Mámoa nº 1 de Loureiro.
GA 15082008	Mámoa nº 1 de Monte Piquiño.
GA 15082013	Mámoa de Monte Espasante.
GA 15082014	Petroglifo de Monte Cornide.
GA 15082015	Mámoa nº 2 de Loureiro.
GA 15082016	Mámoa nº 3 de Loureiro.
GA 15082017	Mámoa nº 2 de Monte Piquiño.
GA 15082018	Mámoa nº 3 de Monte Piquiño.
GA 15082019	Mámoa nº 4 de Monte Piquiño.
GA 15082020	Mámoa nº 5 de Monte Piquiño.
GA 15082021	Mámoa nº 6 de Monte Piquiño.
GA 15082022	Mámoa nº 7 de Monte Piquiño.
GA 15082023	Mámoa nº 8 de Monte Piquiño.
GA 15082024	Mámoa nº 9 de Monte Piquiño.
GA 15082025	Mámoa nº 10 de Monte Piquiño.
GA 15082026	Mámoa nº 11 de Monte Piquiño.
GA 15082040	Mámoa nº 4 de Loureiro.
GA 15082041	Mámoa nº 5 de Loureiro.
GA 15082042	Mámoa nº 12 de Monte Piquiño.
GA 15082043	Mámoa nº 13 de Monte Piquiño.
GA 15082044	Mámoa nº 14 de Monte Piquiño.
GA 15082045	Mámoa nº 15 de Monte Piquiño.
GA 15082046	Mámoa nº 16 de Monte Piquiño.
GA 15082047	Mámoa nº 17 de Monte Piquiño.
GA 15082048	Mámoa nº 18 de Monte Piquiño.
GA 15082049	Mámoa nº 19 de Monte Piquiño.
GA 15082050	Mámoa nº 20 de Monte Piquiño.
GA 15082051	Mámoa nº 21 de Monte Piquiño.
GA 15082052	Mámoa nº 22 de Monte Piquiño.
GA 15082058	Mámoa nº 1 de Cornide.
GA 15082059	Mámoa nº 2 de Cornide.
GA 15082060	Mámoa da Estivada.
GA 15082061	Mámoa do Coto de Miáns.
GA 15082066	Petroglifo de Pena Bicuda de Regoufe.
GA 15082067	Petroglifo do Fondo.
GA 15082068	Petroglifo de Pena Bicuda de Loureiro.
GA 15082069	Petroglifo de Outeiro Piquiño.
GA 15082070	Petroglifo do Chan do Pouso.
GA 15082072	Xacemento do Monte Santa Cruz.
GA 15082073	Xacemento do Monte da Lagoa.
GA 15082REF1	Mámoa nº 23 de Monte Piquiño.
GA 15082REF2	Petroglifo do Agro de Cacharroa.

San Miguel de RARÍS:

- GA 15082007 Castro de Rarís. Castro Valente.
GA 15082062 Mámoa do Monte do Casal.

San Cristovo de REIS:

- GA 15082011 Castro de Valiñas.
GA 15082038 Castro de Ponte Veá.
GA 15082063 Mámoa nº 1 de Cruz de Cabanelas.
GA 15082064 Mámoa nº 2 de Cruz de Cabanelas.
GA 15082065 Mámoa de Cruz do Xastre.

Santa María de TEO:

- GA 15082011 Castro de Santa Marta.
GA 15082071 Petroglifo de Laxe de Abaixo.

6.2.2. Arquitectura Relixiosa

Os conxuntos parroquiais e algunhas capelas e ermidas son os elementos que configuran o patrimonio arquitectónico eclesiástico.

En total inventaríanse 12 igrexas e cemiterios correspondentes a cadansúa parroquia tense, 7 capelas e 2 ermidas.

Santa María de BAMONDE:

Igrexa parroquial de Santa María
Adro de Santa María

San Simón de Ons de CACHEIRAS:

Igrexa parroquial de San Simón de Ons
Capela de Santa María da Cabeza. Raxó

San Xoán de CALO:

Igrexa parroquial de San Xoán Bautista
Capela de Santo Antonio de Padua. Solláns
Capela de Adrán
Capela de Ameneiro
Ermida de San Martiño. Rúa de Francos

Santa María de LAMPAL:

Igrexa parroquial de Santa María
Capela de Santa Ana. Agrela

Santa Mariña de LUCÍ:

Igrexa parroquial de Santa Mariña

Santa María de LUOU:

Igrexa parroquial de Santa María

Santa Baia de OZA:

Igrexa parroquial de Santalla
Ermida de Santa Eufemia. Ribas

San Miguel de RARÍS:

Igrexa parroquial de San Miguel

San Xoán de RECESENDE:

Igrexa parroquial de San Xoán

San Cristovo de REIS:

Igrexa parroquial de San Cristovo

Santa María de TEO:

Igrexa parroquial de Santa María

Ermida de Santa Marta

San Tomé de VILARIÑO:

Igrexa parroquial de San Tomé

6.2.3. Arquitectura Civil

A arquitectura civil está representada polas pontes históricas e os edificios con valores e significación histórico-artística, casas grandes que exemplifican a especialización histórica do territorio e aqueles edificios de características modernistas das sociedades agrarias de principios do século vinte.

A comarca de Santiago é unha das zonas da provincia da Coruña con maior densidade de pazos e casas grandes. A sociedade señorial agrícola instaurouse nestas fértiles terras constituíndo a súa presenza un fito relevante na configuración da súa paisaxe. No municipio de Teo, a importancia do dominio señorial é menor pola proximidade da cidade de Compostela, pero queda reflectido nas casas grandes que persisten hoxe en día espalladas polo territorio. O seu estado de conservación é moi diferente en función do seu uso actual. Algunhas atópanse en estado de franco deterioro ao non ser o seu uso o máis axeitado, ou estar infrautilizadas, sen que fora suficientemente valorada a súa relevancia como espazos de valor histórico, recreativo e paisaxístico.

Os elementos inventariados enuméranse a continuación, relacionados segundo a parroquia á que pertencen:

Santa María de BAMONDE:

Casa Rectoral

San Simón de Ons de CACHEIRAS:

Casa de Framil (demolida)

San Xoán de CALO:

Pazo de Adrán

Estación do Ferrocarril de Osebe

Sociedade de Agricultores e Gandeiros de Calo

Ponte de Rúa de Francos

Santa María de LAMPAI:

Casa Rectoral. Mosteiro

Santa María de LUOU:

Casa Rectoral

Sindicato de Agricultores e Gandeiros de Luou

Santa Baia de OZA:

Casa Rectoral

San Miguel de RARÍS:

Casa Rectoral

Casa do Casal. Buela

San Cristovo de REIS:

Casa Rectoral

Casa dos da Encina Bartolomé

Edificio de Correos de Outeiro.

Ponte medieval de Pontevea

Santa María de TEO:

Casa Rectoral. Vilachaíño

Casa dos Marqueses. Noceda

San Tomé de VILARIÑO:

Casa Rectoral

Cruceiros e Petos de Ánimas.

Representan un tesouro artístico mostra dunha tradición popular de séculos. Sitúanse xeralmente nas encrucilladas, adros e cemiterios e a súa orixe semella estar nos séculos XV e XVI. En xeral atópanse en bo estado de conservación, sendo os seus maiores deterioros os derivados do recrecemento dos camiños e estradas, que tenden a deixar progresivamente soterradas as súas bases, a erosión e as roturas parciais dalgúns dos seus elementos (crucifixo, fuste, etc.).

Santa María de BAMONDE:

Cruceiro da Igrexa
Cruceiro de Lamas
Cruceiro de Reboredo
Cruceiro de Tribaldes

San Simón de Ons de CACHEIRAS:

Calvario do Adro de San Simón
Cruceiro da Igrexa
Cruceiro de Feros
Cruceiro de Raxó
Cruceiro de Tras do Eixo
Peto de Ánimas de Cacheiras
Peto de Ánimas de Raxó

San Xoán de CALO:

Cruceiro do Adro
Cruceiro da Capela de Adrán
Cruceiro de Ameneiro
Cruceiro da Capela da Ánimas de Ameneiro
Cruceiro do Campo Santo
Cruceiro da Igrexa
Cruceiro da Cascalleira. Rúa de Francos
Cruceiro Románico de Francos
Cruceiro de Francos do Medio. Rúa de Francos
Cruceiro de Francos. Rúa de Francos
Cruceiro de Ameixida (desaparecido)
Cruceiro de Cornide
Cruceiro de Mouromorto
Cruceiro da Capela de Padua. Solláns
Cruceiro de Socastro
Cruz da Xesta
Cruz de Cesar (desaparecido)
Cruz e Lousa de As Galanas
Cruz de San Domingo
Peto de Santo Antonio de Arieira. Solláns

Santa María de LAMPAL:

Cruceiro de Ferro. Mosteiro

Cruceiro da Igrexa. Mosteiro

Santa Mariña de LUCÍ:

Cruceiro do Campo da Festa

Cruceiro da Igrexa

Cruceiro da Ramallosa

Santa María de LUOU:

Cruceiro do Aído

Cruceiro de Caxade

Cruceiro da Igrexa

Cruceiro de Angosta. O Aído

Cruceiro de Loureiro

Cruceiro de Luou

Santa Baia de OZA:

Cruceiro do Campo da Festa. Agoso

Cruceiro do Campo Santo. Agoso

Cruceiro de Baile. Agoso

Cruceiro da Ermida de Ribas

Cruceiro de Ribas

Cruceiro de Cepeda

Cruceiro do Piro

Cruz de Agoso

Peto de Ánimas de Santalla. Agoso

San Miguel de RARÍS:

Cruceiro de Fornelos

Cruceiro da Igrexa

Cruz da Florida

Peto de Ánimas de San Miguel

San Xoán de RECESENDE:

Cruceiro da Igrexa. Seoane

Cruz de Recesende

San Cristovo de REIS:

Cruceiro do Campo da Festa

Cruceiro de Freixeiro

Cruceiro de Samar

Cruceiro de Valiñas

Cruceiro de Pontevea

Cruceiro de Veiga (desaparecido)

Santa María de TEO:

Cruceiro da Igrexa

Cruceiro do Adro

Cruceiro da Ermida de Santa Marta

Cruceiro da pista de Santa Marta

San Tomé de VILARIÑO:

Cruceiro do Adro

Patrimonio etnográfico.

Os elementos inventariados enuméranse a continuación relacionados segundo a parroquia á que pertencen:

San Simón de Ons de CACHEIRAS:

Hórreo de Casa Alfonso. Cacheiras

Hórreo de Casa de Seoane. Ribeira

Hórreo de Pena Seoane. Ribeira

San Xoán de CALO:

Camiño Portugués a Santiago

Santa Mariña de LUCÍ:

Hórreo de Caramés

Santa María de LUOU:

Hórreo de Oliveira. Caxade

Hórreo de Paraxó

Santa Baia de OZA:

Hórreo de Gondelle

San Miguel de RARÍS:

Fonte da Florida

Hórreo do Casal de Buela

San Cristovo de REIS:

Pombal de Valiñas

Santa María de TEO:

Fonte de Agromaior

Pombal de Noceda

San Tomé de VILARIÑO:

Fonte de Gondelle

7. AGREGADOS URBANOS

7.1. CARACTERIZACIÓN DA ESTRUCTURA URBANA

A transformación do sistema de asentamentos en sistemas urbanos lineais baseados na accesibilidade conferida pola rede municipal de estradas, singularmente a AC-841 e a N-550, foi primada polas determinacións de ordenación establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento de 1996, sen ir acompañada dunha estrutura urbana complexa á marxe da simple infraestrutura viaria rexional.

Así, se atendemos aos trazos dominantes relacionados coa estrutura urbana tales coma grao de urbanización, elementos de equipamento, tipoloxía edificatoria, complexidade morfolóxica, usos implantados, etc., conclúese que as expansións residenciais xurdidas nos últimos anos en Teo, en desenvolvemento do planeamento, ademais de presentar un grao elevado de densidade residencial e poboacional, non posúen aqueles trazos en condicións axeitadas como para adxectivalos como núcleos urbanos, senón máis ben dentro dun carácter suburbano.

Dito esto, no territorio municipal de Teo, podemos identificar hoxe tres tipos de estruturas urbanas. En primeiro lugar aquelas que representan os asentamentos máis antigos que pola súa morfoloxía e entidade sempre destacaron da base nuclear de orixe rural; estámonos a referir aos núcleos urbanos de Pontevea e A Ramallosa.

En segundo lugar, os propios agregados urbanos de carácter lineal. Diferénciase o correspondente á estrada N-550: máis antigo e xeneralizado, con discontinuidades o longo de todo o seu percorrido que pode seguirse practicamente ata Padrón, onde aínda é posible identificar estruturas rurais de orixe e os novos desenvolvementos manteñen un diálogo coa infraestrutura viaria; do correspondente á estrada AC-841: de recente formación e onde o desenvolvemento das Normas Subsidiarias de Planeamento produciu un tipo de ocupación por paquetes autónomos con elevada densidade e grande profundidade que nin sequera manteñen unha unidade de diálogo en relación ao sistema viario.

Por último e en terceiro lugar, as formacións urbanas xurdidas do desenvolvemento de áreas de planeamento parcial (Os Tilos, Parque de Montouto, San Sadurniño e Os Verxeles), que xorden como illas de urbanidade, desconectadas de calquera realidade nuclear de base pero cunha intensidade residencial que as fai merecedoras de incorporarse ao nomenclátor municipal, algunhas delas de relativa complexidade urbana (infraestrutural, tipolóxica, de usos, dotacional e funcional) como é o caso de Os Tilos.

7.2. TIPOLOXÍA EDIFICATORIA E CONSOLIDACIÓN

Desde o punto de vista tipolóxico, a análise parte da tipificación das estruturas urbanas enunciada no apartado anterior.

Nas estruturas tradicionais, as tipoloxías que as conforman, con tendencia ao adose, entremestúranse coas xeradas polo desenvolvemento do planeamento de 1996 que está representado nos núcleos urbanos de Pontevea e singularmente na Ramallosa e en treitos do desenvolvemento lineal sobre a estrada N-550 en Casalonga.

Por tanto, fronte ás antigas estruturas, atopamos outras de formación recente, en bloque aberto e intensidade en torno a $1 \text{ m}^2/\text{m}^2$, froito do desenvolvemento da ordenanza URTA, que foi quen de absorber o 67,50% do grande desenvolvemento inmobiliario que experimentou o municipio e, dentro das diferentes tipoloxías edificatorias, o 85,80% da vivenda colectiva, propiciando un crecemento desestruturado e alleo á base territorial, tal e como xa se analizou con anterioridade, que nin contribuíu ao reforzo das estruturas urbanas tradicionais, nin xerou unha nova estrutura con trama, infraestruturas, dotacións e servizos capaz de sustentar unha realidade urbana integrada, nin foi quen a inserirse no territorio co mínimo coidado como para permitir con facilidade a superposición dunha posterior estrutura urbana.

Pero este modo de urbanización sub-estándar non só ten repercusión no tipo de colonización do territorio, senón que tamén se expresa nos ámbitos das densidades de poboación e residencial. Así as parroquias de Cacheiras e Os Tilos acollen hoxe xa ao 40% da poboación municipal (6.623 habitantes de dereito), seguidas a distancia polo eixe tradicional que representa a estrada N-550 e a parroquia de Calo co 24,7%. E a súa densidade poboacional chega xa aos 532 habitantes/Km que máis que duplica a densidade poboacional media da comarca, situándose en niveis claramente urbanos.

A outra expresión territorial de desorde e insostibilidade deste modelo espontáneo á marxe da ordenación urbana e da urbanización primaria e secundaria, está presente na xeneralización na parroquia de Cacheiras igual que na de Calo das actuacións individuais de construción de vivendas unifamiliares á marxe dos núcleos, en parcelas grandes (de concentración parcelaria) apoiadas exclusiva e diseminadamente nas pistas e estradas secundarias, consumindo extensas superficies de solo agrícola detraído do mercado da terra para xerar un sub mercado urbano que evade calquera das cargas propias da urbanización, hipoteca o desenvolvemento urbanístico futuro e nega calquera aportación á creación de tramas urbanas sostibles. Esta manifestación da infravaloración polo planeamento anterior das consecuencias territoriais e urbanísticas da diseminación xeneralizada da edificación, acadou nas parroquias de Cacheiras e

Calo unha magnitude tal que non cabe senón consideralo como un proceso de suburbanización de espazos moi vastos, diante do cal, o novo planeamento terá que imaxinar a súa reintegración a un sistema urbanizado malia os custos de tal operación.

A este fenómeno engádese o sistema de urbanizacións xurdidas do planeamento anterior ao do 1996 que se ben xurdiu igualmente á marxe da estrutura territorial de base, buscando en xeral espazos de oportunidade nos límites con Santiago de Compostela, cando menos representan estruturas urbanas por áreas complexas, como no caso dos Tilos, e un xeito de colonización que pon por diante a urbanización, en clara contraposición co desenvolvemento das URTAs, e cunhas intensidades menores que facilitan mellores resultados de calidade das formacións urbanas.

7.3. DESENVOLVEMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS

A delimitación dos ámbitos de aplicación da ordenanza de Solo Urbano Residencial e Terciario en Edificación Aberta (URTA) nos núcleos de solo urbano de Cacheiras, Calo, A Ramallosa e Pontevea, de forma continua sobre as estradas rexionais e cunha profundidade territorial considerable, supuxo -como xa se indicou- a aparición de novas estruturas e tipoloxías edificatorias de bloque aberto entretecidas coas tradicionais existentes nos núcleos orixinarios, producindo a alteración do modelo de colonización do territorio e apoiándose soamente no fío conductor que representa a estrutura viaria. Este feito, que produciu exemplos de implantacións máis ou menos afortunados na súa integración cos tecidos existentes cando se aplicou nos núcleos orixinarios, produciu un efecto particularmente distorsionador na aplicación na extensa área de solo delimitada coma urbano entre o núcleo de Cacheiras e as implantacións industriais do Alto de Montouto. Neste treito delimitouse un grande ámbito de solo urbano apoiado exclusivamente na existencia do eixe viario da estrada AC-841, que deu lugar (pola súa profundidade e polas posibilidades explicitamente definidas para a aplicación da ordenanza) a aparición de illas de desenvolvemento que, coa mera formación de Estudos de Detalle, propiciou o desenvolvemento de múltiples “urbanizacións” inconexas entre si e dependentes exclusivamente do fío conductor da estrada AC-841 como único elemento capaz de focalizar a futura urbanización e relación interna do conxunto.

Paralelamente ao desenvolvemento dos Estudos de Detalle en solo urbano execútase na actualidade o Plan Parcial de Vilar-Pedrouso (Sector S-4 do SAU) con capacidade para 168 vivendas, estando Aprobado Definitivamente o planeamento parcial para o desenvolvemento do SAU S-3 de A Ramallosa (297 vivendas) e un sector do SAU-2 en Balcaide-Fixó con capacidade para 250 vivendas.

8. AS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS

Procédese seguidamente a analizar o grao de desenvolvemento das infraestruturas básicas de abastecemento de auga e saneamento, atendendo principalmente aos trazados e actuacións que poden ser considerados de Sistema Xeral e posteriormente ás actuacións de mellora e ampliación dos distintos servizos.

8.1. ABASTECIMENTO DE AUGA

8.1.1. Rede de Servizo

O Servizo Municipal de abastecemento de auga parte dunha importante actuación abordada no ano 1994 pola Xunta de Galicia coa que se pretendeu dotar do servizo tanto ao Concello de Teo como ao núcleo do Milladoiro do Concello de Ames.

Aquela actuación abordada polo servizo de Augas de Galicia supuxo a execución dunha captación no río Ulla, nas proximidades de Pontevea, a depuración da auga e a súa impulsión ata o depósito situado no alto das Cabanelas en Reis (cota 300 m) con 4.000 m³ de capacidade, desde o que se abastece por gravidade aos núcleos de Luou e Calo, primeiramente, e aos agregados de Cacheiras, Montouto e Os Tilos, ben directamente desde a conducción xeral, ou ben a través do depósito de A Póboa en Montouto (cota 373) con 2.000 m³, que recibe a auga a través dunha nova impulsión desde a conducción xeral. Desde o depósito de A Póboa abastécense ademais os núcleos de O Vilar de Calo e Solláns, servindo así mesmo ao depósito de Milladoiro (1.500 m³) no Concello de Ames.

Coa execución desta importante actuación complementada coa execución das primeiras conducións de servizo domiciliario posibilitouse o abastecemento da practica totalidade dos núcleos das parroquias de Calo e Cacheiras incluíndo os agregados de Montouto e os Os Tilos (este último presenta ademais unha conexión directa á rede de abastecemento de Santiago), así como parte dos núcleos das parroquias de Luou (Luou, A Insua, Bustelo), Oza (Os Verxeles) e Lucí (A Ramallosa).

Optouse así por acadar, primeiramente, o abastecemento das parroquias do norte, as máis poboadas.

8.1.2. Nivel de servizo e consumo

No que respecta ao nivel de servizo, a capacidade teórica da captación na planta depuradora ascende a 50 l/s (uns 43 l/s na práctica), o que supón unha capacidade de bombeo aproximada de 3.700 m³/día, dos que 1.500 m³ destínanse ao depósito de Milladoiro para servizo do municipio de Ames. Polo tanto, o abastecemento de auga do municipio de Teo ten unha capacidade máxima de 2.200 m³/día.

Na actualidade o número de abonados ao servizo de abastecemento acada os 3.500 (aproximadamente o 50% do total de vivendas existentes no municipio), que supón un servizo para uns 8.000 habitantes (aproximadamente o 50% da poboación actual) cunha dotación media teórica de 275 l/hab e día, non excesivamente elevada pero adecuada para un concello de carácter principalmente residencial que non presenta unha grande actividade industrial demandante do servizo de auga.

En todo caso nas épocas estivais, e derivado da utilización do servizo para usos non domésticos (rega, piscinas, etc) apréciase un aumento espectacular do consumo, que case duplica ao da época invernal.

A insuficiencia do sistema de abastecemento para dar servizo á totalidade da poboación actual e á nova poboación que virá a ocupar no curto prazo a importante cantidade de vivendas en execución, e a propia previsión de crecemento urbano que derive do Plan Xeral, pon en primeiro plano a necesidade de mellorar significativamente o sistema de abastecemento, ampliando a captación e os depósitos e complementando a rede básica de servizo para atender á poboación municipal.

8.1.3. Ámbito de servizo e previsións

Indícase a continuación o nivel de cobertura do servizo de abastecemento para os distintos núcleos parroquiais tal e como se recolle no plano correspondente, indicándose aqueles núcleos que teñen abastecemento de auga e aqueles nos que está prevista a súa implantación, pendente do financiamento da actuación.

Parroquia	Núcleo	Abastecemento
Bamonde	O Coto	Non existe
	A Igrexa	Proxectado
	Lamas	Non existe
	Malfurado	Non existe
	As Quintáns	Non existe
	Reboredo	Non existe
	Tribaldes	Proxectado
Cacheiras	A Barcia	Non existe
	Cacheiras	Existente
	Costenla	Existente
	Covas	Proxectado
	As Cruces	Existente
	A Devesa	Existente
	Feros	Proxectado
	Guldrís	Existente
	A Igrexa	Existente
	Lamas	Existente
	Monte	Existente
	Noenlles	Existente
	Osebe	Existente
	Pedrouso	Proxectado
	Penelas	Existente
	A Póboa	Existente
	Procelas	Existente
	Raxó	Existente
	Requián	Existente
	A Ribeira	Existente
	O Sisto	Existente
	A Torre	Existente
	Tras do Eixo	Existente
	Vilar	Proxectado

Parroquia	Núcleo	Abastecemento
San Xoán de Calo	Adrán	Existente
	Ameneiro	Existente
	Balcaide	Proxectado
	Cabovila	Non existe
	Carballal	Proxectado
	O Casal	Non existe
	A Casalonga	Existente
	Cesar	Existente
	Cornide	Proxectado
	O Faramello	Existente
	Fixó	Proxectado
	Folgueiras	Proxectado
	As Galanas	Existente
	A Igrexa	Existente
	Mazas	Existente
	Mouromorto	Existente
	Osebe	Proxectado
	A Pedreira	Existente
	Riotinto	Existente
	Rúa de Francos	Existente
	San Domingo	Existente
	Socastro	Existente
	Solláns	Existente
	Texexe	Existente
	Vila Verde	Existente
	O Vilar de Baixo	Existente
	O Vilar de Calo	Existente
	O Vilar de Riba	Existente
	O Vilar do Medio	Existente
	A Xesta	Proxectado
Lampai	A Agrela	Non existe
	Mosteiro	Non existe
	A Silva	Non existe
	Veitureira	Non existe
	Vilar do Bispo	Non existe
Lucí	Chaves	Non existe
	Lucí	Non existe
	Paredes	Proxectado

Parroquia	Núcleo	Abastecemento
	Pite	Proxectado
	Portoameneiro	Existente
	A Ramallosa	Existente
Luou	O Aído	Existente
	Bustelo	Existente
	Cantoña	Existente
	Caxade	Proxectado
	Espasande	Proxectado
	A Igrexa	Existente
	A Insua	Existente
	Loureiro	Non existe
	Nespereira	Existente
	Paraxó	Proxectado
	Quintáns	Existente
	Regoufe	Proxectado
	Trasellas	Proxectado
Oza	Agoso	Proxectado
	Cachóns	Proxectado
	Castres	Existente
	Cepeda	Existente
	Eio dos Ferreiros	Existente
	Eio dos Menecos	Non existe
	A Ermida	Non existe
	Gondelle	Non existe
	Laña	Proxectado
	O Outeiro	Non existe
	O Piro	Proxectado
	Ribas	Existente
	Vilanova	Proxectado
Rarís	Bouñou	Proxectado
	Buela	Non existe
	O Casal de Reis	Proxectado
	A Florida	Non existe
	Fornelos	Non Existe
	Rarís	Proxectado
	Rial do Mato	Non existe
	Sestelo	Proxectado

Parroquia	Núcleo	Abastecemento
Recesende	Vilela	Non existe
	O Casal	Proxectado
	Casaldomiro	Proxectado
	A Pedra	Existente
	Seoane	Proxectado
	Tarrío	Non existe
	Vilanova	Proxectado
Reis	Chao do Río	Non existe
	Coira	Non existe
	O Ferreiriño	Non existe
	A Freiría	Non existe
	Freixeiro	Non existe
	A Igrexa	Proxectado
	Montecelo	Non existe
	Olveira	Proxectado
	O Outeiro	Non existe
	Pazos	Non existe
	O Piñeiro	Non existe
	Pontevea	Proxectado
	A Ribeira	Non existe
	Samar	Non existe
	Valiñas	Non existe
	Vieiro	Non existe
	Xermeade	Proxectado
Teo	Agromaior	Proxectado
	Campos	Non existe
	Fontenlo	Proxectado
	Mallos	Non existe
	Noceda	Non existe
	Vilachaiño	Non existe
	Vilar	Proxectado
Vilariño	Cerdeira	Proxectado
	Vilariño	Proxectado

Como pode apreciarse, o servizo de abastecemento acada aos principais agregados urbanos das parroquias do norte municipal: Calo, Cacheiras e Recesende (nesta última

está prevista a execución da rede para dar servizo aos núcleos de Seoane, O Casal e Casaldomiro). Sérvese igualmente os núcleos da parroquia de Luou que se localizan ás beiras da estrada Pontevea-Luou-Balcaide e proxéctase a súa implantación para servir aos principais núcleos das parroquias de Rarís e Reis, apoiados na estrada Pontevea-Luou-Milladoiro. Proxéctase igualmente ampliar o servizo existente na parroquia de Lucí e dar servizo aos principais núcleos das parroquias de Oza, Bamonde, Vilariño e Teo; en tanto non se prevé a dotación para os núcleos da parroquia de Lampai.

Con posterioridade á implantación da condución xeral de abastecemento e ás redes xerais de distribución realizouse unha importante labor de implantación das redes de servizo de abastecemento domiciliario que vaise prolongando sucesivamente, maioritariamente por actuacións a cargo da Deputación Provincial incluídas nos Plans de Obras e Servizos.

Como resultado preséntase unha rede de servizo existente na actualidade de aproximadamente 40,4 Km de lonxitude que se engade á que pode considerarse rede xeral de distribución (uns 7,3 Km de lonxitude). No futuro, engadirase a rede de servizo proxectada que aproximadamente ascende a 23,2 Km de lonxitude.

Ademais destas actuacións executouse recentemente a rede de subministro nas beiras da estrada N-550 nas inmediacións de Milladoiro (Treito Milladoiro-Reborido).

8.1.4. Diagnose do servizo de abastecemento

Como se desprende do descrito nos apartados anteriores, o servizo de abastecemento do Concello de Teo ten por diante un importante esforzo por acadar o nivel de cobertura que demanda o seu sistema de asentamentos dispersos e o crecemento urbano previsible. Na actualidade, presenta xa unha extensa e recente rede que non presentará problemas inmediatos, pero poderá requirir, de executarse as actuacións previstas e sempre que se pretenda acadar unha maior cobertura do servizo (tanto no ámbito como no volume de poboación), actuacións de reforzo e racionalización dos trazados, detectándose como principais problemas:

- Baixo nivel de cobertura de núcleos e poboación que require desenvolver as actuacións xa previstas e proxectar as restantes para o abastecemento xeral.
- Escasa capacidade da captación: A capacidade da captación a penas permite cubrir o volume dos depósitos municipais e chegar a penas para servir ao 50% da poboación actual.
- A escasa capacidade dos depósitos: A ampliación do ámbito de cobertura e do volume de poboación a servir, así como a posible aparición de usos con maior demanda requirirá un aumento da dotación tanto do volume total de auga como do volume unitario da dotación actual de 275 l/hab e día, para o que haberá que ampliar significativamente o sistema de depósitos.
- A excesiva lonxitude da rede xeral de distribución (que une os dous depósitos municipais) aumenta o risco de perdas de presión.
- A excesiva proliferación dos ramais de servizo domiciliario orixina unha rede non xerarquizada e excesivamente ramificada na que non existen alternativas de corte e diversidade de percorridos dunha rede maclada.
- A existencia de materiais e diámetros dispares. En relación aos diámetros, con carácter xeral apréciase unha certa escaseza no seu dimensionamento, atendendo ás características dos ámbitos servidos e a necesidade de integrar a rede nos ámbitos non surxidos e as necesidades que derivarán dos crecementos esperados.

8.2. SANEAMENTO

8.2.1. Sistema de Saneamento

O servizo actual de saneamento de augas residuais do municipio de Teo divídese en dous sistemas de depuración. Un sistema de depuración a base de Tratamento Biolóxico para os agregados de carácter urbano apoiado nas tres estacións depuradoras existentes no termo municipal, e un sistema de depuración estático do tipo Decantación-Dixestión para os núcleos rurais.

O vertido das augas negras canalízase cara ás dúas concas principais enclavadas no Concello de Teo: a do río Santa Lucía (cos seus afluentes do Tella, Laxes, Sestelo e Chao) no leste municipal, e a do río Tinto (e os seus afluentes dos regos de Fixó e Texexe) no oeste.

Sobre a primeira das concas sitúanse a depuradora de Os Tilos (no río Santa Lucía) e a de Os Verxeles (no río Tella) que recollen as augas negras de Os Tilos e Montouto (na de Os Tilos) e as dos agregados de Cacheiras, Recesende e Os Verxeles (na depuradora de Os Verxeles) a través dos colectores do río Tella e do río das Laxes.

Na segunda das concas sitúase a depuradora de Francos actualmente en execución polo Servizo Augas de Galicia que recollerá as augas negras dos agregados de As Galanas, Calo, A Casalonga e Osebe, a través do colector do río Tinto.

O segundo sistema de depuración consistente na implantación de pequenas estacións depuradoras do tipo Decantación-Dixestión, das que xa existen 12 en funcionamento que serven aos seguintes núcleos: Procelas, Noenlles, Penelas e Tras do Eixo (Cacheiras); O Vilar de Calo, Solláns, Cabovila, Monte, Mazas, San Domingo (Calo); A Pedreira, Rúa de Francos (Calo); Cornide (Calo); Luou, Paraxó, O Aído, Caxade e Sestelo (Luou); A Silva, Mosteiro e A Agrela (Lampai); Agoso e Cachóns (Oza); Tribaldes (Bamonde); Lucí e A Ramalloza (Lucí); O Casal de Reis e Rarís (Rarís); Pontevea e San Xosé (Reis); e Coira (Reis).

8.2.2. Ámbito de servizo e previsións

Indícase a continuación para os núcleos de cada unha das parroquias do Concello a existencia de saneamento ou a previsión da súa implantación ou conexión, indicando o sistema de depuración Biolóxica ou Estática.

Parroquia	Núcleo	Saneamento	Sistema de depuración
Baamonde	O Coto	Non existe	
	A Igrexa	Existe	
	Lamas	Existe	
	Malfurado	Non existe	
	As Quintáns	Non existe	
	Reboredo	Non existe	
	Tribaldes	Existe	Estática
Cacheiras	A Barcia	Non existe	
	Cacheiras	Existe	Biolóxica
	Costenla	Nons existe	
	Covas	Non existe	
	As Cruces	Existe	Biolóxica
	A Devesa	Non existe	
	Feros	Existe	Biolóxica
	Guldrís	Non existe	
	A Igrexa	Non existe	
	Lamas	Non existe	
	Monte	Existe	Estática
	Noenlles	Existe	Estática
	Osebe	Existe	Biolóxica
	Pedrouso	Proxectado	Biolóxica
	Penelas	Existe	Estática
	A Póboa	Existe	Biolóxica
	Procelas	Existe	Estática
	Raxó	Existe	Biolóxica
	Requián	Existe	Biolóxica
	A Ribeira	Existe	Biolóxica
	O Sisto	Non existe	
	A Torre	Non existe	
	Tras do Eixo	Existe	Estática
	Vilar	Proxectado	Biolóxica
San Xoán de Calo	Adrán	Non existe	
	Ameneiro	Existe	Biolóxica
	Balcaide	Proxectado	Biolóxica
	Cabovila	Existe	Estática
	Carballal	Non existe	
	O Casal	Non existe	
	A Casalonga	Existe	Biolóxica
	Cesar	Existe	Biolóxica

Parroquia	Núcleo	Saneamento	Sistema de depuración
	Cornide	Existe	Estática
	O Faramello	Non existe	
	Fixó	Proxectado	Biolóxica
	Folgueiras	Non existe	
	As Galanas	Proxectado	Biolóxica
	A Igrexa	Existe	Biolóxica
	Mazas	Existe	
	Mouromorto	Non existe	
	Osebe	Existe	Biolóxica
	A Pedreira	Existe	
	Riotinto	Existe	Biolóxica
	Rúa de Francos	Existe	Estática
	San Domingo	Existe	Estática
	Socastro	Non existe	
	Solláns	Parcial	Estática
	Texexe	Non existe	
	Vila Verde	Existe	
	O Vilar de Baixo	Existe	Estática
	O Vilar de Calo	Existe	Estática
	O Vilar de Riba	Existe	Estática
	O Vilar do Medio	Existe	Estática
	A Xesta	Non existe	
Lampai	A Agrela	Existe	Estática
	Mosteiro	Existe	Estática
	A Silva	Existe	Estática
	Veitureira	Non existe	
	Vilar do Bispo	Non existe	
Lucí	Chaves	Existe	Estática
	Lucí	Existe	Estática
	Paredes	Existe	
	Pite	Non existe	
	Portoameneiro	Existe	
	A Ramallosa	Existe	
Luou	O Aído	Existe	Estática
	Bustelo	Non existe	
	Cantoña	Non existe	
	Caxade	Existe	Estática
	Espasande	Existe	
	A Igrexa	Existe	Estática
	A Insua	Non existe	
	Loureiro	Non existe	
	Nespereira	Existe	
	Paraxó	Existe	Estática
	Quintáns	Non existe	
	Regoufe	Non existe	
	Trasellas	Non existe	

Parroquia	Núcleo	Saneamento	Sistema de depuración
Oza	Agoso	Existe	Estática
	Cachóns	Existe	Estática
	Castres	Non existe	
	Cepeda	Non existe	
	Eio dos Ferreiros	Proxectado	Estática
	Eio dos Menecos	Proxectado	Estática
	A Ermida	Non existe	
	Gondelle	Non existe	
	Laña	Non existe	
	O Outeiro	Non existe	
	O Piro	Existe	Estática
	Ribas	Existe	
	Vilanova	Non existe	
Rarís	Bouñou	Non existe	
	Buela	Non existe	
	O Casal de Reis	Existe	Estática
	A Florida	Non existe	
	Fornelos	Non existe	
	Rarís	Existe	Estática
	Rial do Mato	Non existe	
	Sestelo	Existe	Estática
	Vilela	Non existe	
Recesende	O Casal	Existe	Biolóxica
	Casaldomiro	Non existe	
	A Pedra	Existe	
	Seoane	Parcial	Biolóxica
	Tarrío	Non existe	
	Vilanova	Existe	Biolóxica
Reis	Chao do Río	Non existe	
	Coira	Existe	Estática
	O Ferreiriño	Non existe	
	A Freiría	Non existe	
	Freixeiro	Non existe	
	A Igrexa	Existe	
	Montecelo	Non existe	
	Olveira	Non existe	
	O Outeiro	Non existe	
	Pazos	Non existe	
	O Piñeiro	Non existe	
	Pontevea	Existe	Estática
	A Ribeira	Existe	Estática
	Samar	Non existe	
	Valiñas	Non existe	
	Vieiro	Non existe	
	Xermeade	Non existe	

Parroquia	Núcleo	Saneamento	Sistema de depuración
Teo	Agromaior	Non existe	
	Campos	Existe	Estática
	Fontenlo	Existe	Estática
	Mallos	Non existe	
	Noceda	Non existe	
	Vilachaiño	Non existe	
	Vilar	Non existe	
Vilariño	Cerdeira	Non existe	
	Vilariño	Existe	

8.2.3. Nivel de servizo e diagnose do Sistema de Saneamento

Ao contrario do que acontece co sistema de abastecemento, non se coñece con exactitude o número de conexións e polo tanto o nivel de servizo da rede, por manterse aínda en funcionamento un bo número de fosas sépticas particulares. Este descoñecemento dos usuarios é o primeiro problema detectado no funcionamento da rede do que se falará a continuación. En todo caso, dado o ámbito de extensión da implantación do sistema de saneamento pódese estimar que cando menos o número de usuarios é similar ou maior que para o abastecemento polo que estaríamos falando dunha cobertura de aproximadamente 8.000-9.000 habitantes, para os que o teórico sistema de depuración, tres depuradoras de tratamento biolóxico e 12 pequenas depuradoras estáticas, está sobre dimensionado.

Estúdiase na actualidade, polo servizo de Augas de Galicia, a posibilidade de implantar unha nova Estación depuradora do río Ulla, nas inmediacións de Valiñas que permitiría eliminar a existente nos Verxeles e recoller os efluentes dos núcleos que verten á conca do río Tella e Santa Lucía (A Ramallosa, Agoso, Reis e Pontevea).

Por outro lado, a recente entrada en funcionamento da estación depuradora de Francos permite o saneamento dos núcleos xa citados (Calo, Osebe, etc) así como parte dos agregados de Milladoiro e Biduido do Concello de Ames.

Deixando a parte o sistema de depuración estático do tipo decantación-dixestión implantado nos núcleos rurais que pode considerarse acertado, aínda que pola súa excesiva autonomía de funcionamento require dun eficiente mecanismo de control e mantemento que o pode facer altamente custoso, o sistema de saneamento existente revela a existencia de problemas que unha diagnose máis detallada deberá concretar:

- Descoñecemento do número de conexións: pode considerarse o problema de máis grave solución debido á descoordinación do servizo desde a súa implantación, ao que se engaden problemas como a posible existencia de conexións directas ao tubo (e non ao pozo) ou a outras redes (pluviais, antigos canais, etc) que propician a aparición de avarías, filtracións, etc.
- Descoordinación na implantación do servizo: As sucesivas execucións da rede non planificada, incluso por distintas administracións actúantes, leva aparellada a aparición de materiais diversos, diámetros de tubo dispares, etc. que entorpecen o correcto funcionamento da rede.

- Existencia de actuacións inconclusas: Mesmo polo feito da descoordinación comentada aprécianse actuacións incompletas. Dos datos dispoñibles e produto desta descoordinación apréciase a existencia dunha boa parte da rede de servizo, -o colector que serve a Requián e Recesende polo río das Laxes- que non está conectado directamente á depuradora dos Verxeles, sendo necesaria a execución dun bombeo (na actualidade inexistente) para garantir a conexión. Unha actuación cunha maior previsión temporal co asentamento da estación depuradora máis afastada resultaría máis eficaz.
- Déficit de mantemento: Ben sexa por deficiencias na execución ou por defectos de mantemento aprécianse treitos da rede con deficiencias no seu funcionamento como o colector do río Tella que une a un material obsoleto (formigón con corchetes) un diámetro (30 cm) inadecuado para o servizo actual.
- Descoordinación na execución de actuacións: Debido á descoordinación dos organismos actuantes acométese a execución de actuacións sen garantir a súa correcta conexión ao Sistema de Saneamento, como é o caso da área de solo urbanizable de A Ramallosa que prevé a execución dunha pequena depuradora de carácter local sen conectar ao sistema; o saneamento de Balcaide-Fixo, onde está pendente da corrección do trazado do colector xeral Reborido-Balcaide-Osebe (en execución); o SAU-4 de Vilar-Pedrouso, que acometerá ao colector do río das Laxes sen conectar aínda á depuradora dos Verxeles. Igualmente acontece coas importantes actuacións realizadas no solo urbano en desenvolvemento da ordenanza URTA no agregado Cacheiras-Montouto, nas que as aproximadamente 1.000 vivendas que resultan da nova ordenación acometerán ao descrito colector do río Tella de escaso diámetro e deficiente funcionamento, sen que estea prevista a súa necesaria remodelación.

9. AS INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN, TRÁFICO E TRANSPORTE

9.1. A REDE DE TRANSPORTE COMARCAL E AS AUTOESTRADAS

O Sistema de Transporte comarcal e metropolitano está constituído fundamentalmente polas infraestruturas viarias, ás que se superpón unha rede ferroviaria que presenta moi baixa ou nula utilización comarcal.

O Sistema Viario metropolitano de Santiago descansa basicamente na estrutura de carácter radial que compoñen as estradas nacionais e rexionais de acceso (N-550, treitos Coruña-Santiago e Santiago-Tui; N-547 Santiago-Lugo; N-525, Santiago-Ourense; AC-841, Santiago-A Estrada e C-543, Santiago-Noia), que desembarcan nunha vía de circunvalación moi próxima á cidade conformada pola variante da N-550. Acompañan a este sistema a autoestrada AP-9 Coruña-Vigo que, con tres accesos libres de peaxe, conforman unha segunda circunvalación, e a autoestrada Santiago-Ourense, treito Santiago-Dozón, actualmente en execución.

A transformación experimentada na última década no sistema viario de accesos á cidade de Santiago foi notable coa apertura do novo percorrido circunvalatorio (Polígono do Tambre-A Rocha-Vidán) que permite a conexión de todas as estradas radiais, e a remodelación das características físicas e funcionais da rede de accesos que, no que afecta á relación cos municipios do sur como Teo, comprende: remodelación da N-550 nos treitos Rocha-Milladoiro, Travesía do Milladoiro e Travesía da Casalonga; execución da variante Castiñeiriño-Cornes; formalización da travesía de Lamas do Abade na N-525; remodelación da AC-841 no treito Cacheiras-Os Tilos e execución da Variante Rocha-Vidán na C-543. A iso hai que engadir o treito Santiago-Dozón da nova autoestrada Santiago-Ourense, actualmente en execución.

9.2. AS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NA ARTICULACIÓN DO TERRITORIO

A estratéxica localización de Santiago nunha encrucillada xeográfica, tanto na relación norte-sur entre os grandes vales do Tambre e do Ulla como na relación leste-oeste entre o zócolo interior e as rías baixas, condicionan o papel do viario que circunda e accede á cidade. O viario, á vez que acolle as súas funcións propias de comunicación, preséntase coma un elemento clave na articulación e vertebración do territorio circundante, actuando como eixes de apoio da expansión territorial do sistema de asentamentos e de conectores dunha miúda e densa rede viaria de accesibilidade.

Así, os principais eixes viarios que conflúen en Santiago canalizan os accesos aos extensos agregados territoriais próximos: Bertamiráns, Brión e o resto de pequenas agrupacións do val de Amaía a través da C-543 (Santiago-Noia); Milladoiro, As Galanas, Escravitude, Padrón e todo o eixe atlántico sur a través da N-550 (Santiago-Vigo); os municipios de Teo, Vedra e Boqueixón, os núcleos do val do Ulla e as comunicacións có interior a través dos eixes viarios AC-841 (Santiago-A Estrada) e N-525 (Santiago-Ourense); as terras de Arzúa e Melide e as comunicacións coa meseta a través da N-634 (Santiago-Vilalba) e N-547 (Santiago-Lugo) e os municipios de Oroso e Ordes a través da N-550 (A Coruña-Santiago).

A estes eixes históricos veuse a unir, nos últimos 20 anos, o trazado da Autoestrada AP-9 que no seu paso pola cidade de Santiago cumpre igualmente un importante papel de circunvalación urbana, e mesmo de distribuidor dos distintos eixes viarios de penetración á cidade.

Apoiado nos eixes viarios produciuse unha importante deslocalización residencial máis alá do propio termo municipal de Santiago, feito que se constata no crecente papel dos municipios de Teo e Ames cun crecemento poboacional superior á media da área urbana e que cobra expresión urbana nos barrios fronteirizos de Os Tilos-Montouto (Teo) e Milladoiro (Ames) estendéndose aos agregados urbanos de Cacheiras-A Ramallosa (en Teo) e Bertamiráns (en Ames). Esta situación tende a consolidarse e debe enriquecerse arroupada nas políticas de planificación urbanística, incentivando a aparición de novas actividades e usos que reforcen o actual perfil (case exclusivamente residencial) contribuíndo á aparición de novos centros urbanos con servizos máis diversificados e localizando emprego.

9.3. REDE VIARIA PRINCIPAL DO MUNICIPIO DE TEO

A rede viaria de Teo ten que ser vista na grande escala e en relación aos restantes municipios veciños e particularmente nas súas relacións co municipio e a cidade de Santiago nunha visión funcional e estruturalmente metropolitana.

No conxunto do Sistema Viario de Teo hai que incluír no primeiro nivel as dúas estradas radiais e as dúas autoestradas:

N-550	Santiago-Tui
AC-841	Santiago-A Estrada
AP-9	A Coruña-Santiago-Vigo
AP-53	Santiago-Ourense (Treito Santiago-Dozón en execución)

Nun segundo nivel deben considerarse as restantes estradas de titularidade autonómica e provincial que atravesan o Concello relacionando principalmente as dúas estradas radiais:

AC-241	Ponteulla-Pontevea
AC-242	Padrón-Pontevea
CP-8201	Desde AC-241 ata AC-841 (por Agoso)
CP-8202	As Galanas-Cacheiras
CP-0205	Bertamiráns-A Ramallosa (por Osebe)
CP-6502	Pazos (Padrón)-Luou
CP-8203	Vedra-Santiago (limítrofe co termo municipal de Vedra)
CP-0206	Milladoiro-Biduido de Abaixo (limítrofe co termo municipal de Ames)

A estas estradas, e contribuíndo a reforzar as relacións interzonais de carácter transversal do municipio de Teo, engádense as restantes estradas e camiños municipais das que cabe destacar, polo seu papel nas relacións entre os distintos núcleos do municipio, as seguintes:

- Estrada	Milladoiro-Pontevea
- Estrada	Luou-Balcaide
- Estrada	Espasande-Recesende
- Estrada	Cacheiras-Noenlles (prolongándose ata a CP-8203)
- Estrada	Portoameneiro-San Andrés de Illobre (Vedra)

Esta rede constitúe hoxe en día a estrutura viaria principal do municipio de Teo.

9.4. TRAZADO E FUNCIONALIDADE DA REDE DE ESTRADAS

Excluindo a Autoestrada AP-9, que no municipio de Teo non presenta ningún enlace polo que non cumpre funcións de relación urbana e metropolitana no municipio, as principais relacións descansan nas dúas estradas radiais N-550 e AC-841, que suman ao tráfico de paso de longo percorrido o tráfico xerado polas relacións de medio e curto percorrido de carácter netamente urbano e metropolitano. Ademais, polas súas características xeométricas e funcionais e mesmo como resultado de soportar no seu trazado unha feble pero cada vez máis intensa estrutura urbana, que se apoia directamente na estrada sen presentar profundidade viaria de servizo nin viario alternativo, as propias estradas radiais N-550 e AC-841 soportan a práctica totalidade do tráfico de carácter exclusivamente local, mesmo o peonil, sen presentar en ocasións as características dunha Travesía Urbana (beirarrúas, amoblamento, etc) o que sen dúbida introduce condicionantes que reducen notablemente as características funcionais coas que foron concibidas as estradas, amén dos problemas de seguridade vial que ocasionan.

Respecto das restantes estradas municipais as súas características xeométricas de trazado e sección non permiten que cumpran a función de viario transversal capaz de canalizar directamente o transvase de fluxos de tráfico entre as dúas estradas radiais polo que contribúen escasamente a enriquecer as relacións entre os agregados edificados máis importantes do municipio. A escasa continuidade que presentan os trazados das estradas provinciais súplese en boa medida pola superposición dunha extensa rede de camiños de titularidade municipal (que proveñen dos trazados de antigos camiños veciñais ou resultado das aperturas viarias da concentración parcelaria) algúns deles convertidos en estradas con grande capacidade para asumir as relacións de carácter interno.

As características funcionais e de trazado da rede de estradas son as seguintes:

N-550 Santiago-Tui

A estrada N-550 presenta no seu percorrido en Teo diversas seccións que a converten en travesía no primeiro treito (entre Milladoiro e Reborido) con dobre calzada de dous carrís con separador central, aparcamentos e beirarrúas laterais. No seguinte treito (Reborido-Balcaide) a estrada adopta unha sección capaz de dous carrís e beiravías laterais (7-12 m de calzada e plataforma) acompañándose en ocasións dun carril para vehículos lentos. Na zona de Casalonga volve a adoptar sección de travesía froito da recente remodelación, aínda que con sección máis reducida (dous carrís con sobreancho, aparcamentos e beirarrúas laterais) formalizando os seus encontros con

outras vías (glorietas ou carrís de xiro á esquerda). Por último unha vez sobrepasada Casalonga a estrada volve a adoptar a sección convencional de 7-12 m de calzada e plataforma.

Estando acompañada por edificacións en boa parte do seu percorrido, as características do seu trazado impiden abordar no futuro outras actuacións que non sexan a cualificación da súa sección tendente á implantación de beirarrúas, formalización de cruces abordando incluso a súa semaforización, execución de vías de servizo en determinados treitos, etc., para reforzar o carácter de travesía urbana nunhas condicións de seguridade e eficiencia.

O importante tráfico que soporta, que oscila entre os 17.800 vehículos/día nas inmediacións de As Galanas e os case 22.000 vehículos/día na Ponte da Rocha (no municipio de Santiago) permite considerala como unha vía de tráfico denso que presenta elevados niveis de conxestión na Travesía de Milladoiro (no Concello de Ames) polas interferencias urbanas derivadas do continuo edificado.

AC-841 Santiago-A Estrada

A estrada AC-841 presenta no seu percorrido polo municipio de Teo diversas seccións que poden tipificarse nas seguintes:

Nun primeiro treito, entre Os Tilos e o Alto de Montouto, presenta unha sección convencional de 7-10 m ou 7-12 m de calzada e plataforma, coa formalización de carrís para xiros á esquerda nos accesos aos Tilos e A Póboa.

Nun segundo treito entre o Alto de Montouto e Cacheiras a calzada amplíase coa formalización dun terceiro carril para vehículos lentos. Neste treito, as actuacións edificatorias nas súas marxes dos últimos anos obrigarán nun futuro próximo á formalización dunha travesía urbana.

O terceiro treito está constituído pola travesía de Cacheiras composta por calzada de dobre carril, aparcamentos e beirarrúas laterais. Desde Cacheiras ata Pontevea a estrada volve a presentar unha sección convencional de 7-10 m de calzada e plataforma, que se modifica nos treitos urbanos (A Ramallosa, Pontevea) coa formalización de aparcamentos e beirarrúas laterais.

A intensidade de tráfico que soporta a estrada oscila radicalmente, entre os 6.800 vehículos/día do treito Pontevea-A Ramallosa ata os máis de 24.000 que presenta a estrada nas inmediacións de Santiago, canalizando as relacións dos barrios exteriores

da cidade. Unha intensidade que vén de aconsellar a previsión pola CPTOPV de execución dunha Variante cara á N-525 e a AP-53.

AC-241 Ponteulla-Pontevea

O trazado da estrada AC-241, compartida no seu percorrido entre os Concellos de Vedra e Teo, desenvólvese en paralelo ao río Ulla, formando parte dun longo percorrido entre Arzúa e Padrón (AC-240; AC-241 e AC-242). As características xeométricas de trazado e sección presentan unha estrada de calzada convencional 5-6 m de sección e sen beiravías laterais formalizadas, formando parte da Rede Secundaria de Titularidade Autonómica.

A intensidade de tráfico da estrada non supera, segundo o Mapa de Aforos do ano 2000, os 1.500 vehículos/día o que da conta do seu reducido peso na rede de estradas autonómicas comarcais.

AC-242 Padrón-Pontevea

Formando parte do itinerario descrito anteriormente, esta estrada encadrada na Rede Secundaria de Titularidade Autonómica, presenta así mesmo un trazado de calzada convencional con seccións de 5-6 m sen beiravías laterais formalizadas. A súa intensidade de tráfico é moi reducida sen chegar aos 1.500 vehículos/día en ningún dos seus treitos.

CP-8201 desde AC-241 ata AC-841 (por Agoso)

O trazado da estrada presenta dúas seccións tipo. Nun primeiro treito, desde a estrada AC-841 ata o encontro coa estrada Portoameneiro -San Andrés de Illobre, a sección é de 6-8 m de calzada e plataforma respectivamente estando prevista a súa ampliación ata os 7-10 m, cunha xeometría rectilínea; no seguinte treito, a estrada presenta unha sección máis estreita (5-7 m) con trazado máis sinuoso e pendente máis acusada.

A estrada, que forma parte da Rede Secundaria Provincial, da servizo alternativo á AC-841 para os núcleos das parroquias de Oza, Bamonde, Vilariño e Teo.

CP-8202 As Galanas-Cacheiras

A estrada, que pertence á Rede Primaria Provincial, presenta un trazado con seccións variables entre 5 e 6 m de calzada, unha xeometría con escasas pendentes e cun trazado axeitado excepto no paso polos núcleos de As Galanas-Adrán, Solláns e A

Igrexa (Cacheiras), onde a sección se reduce en ocasións e o trazado se adapta á fisionomía dos núcleos.

Existe a previsión de acometer, pola Deputación Provincial, a ampliación de sección ata acadar os 7-10 m de sección en boa parte do seu percorrido, incluso coa execución dunha pequena variante ao paso polo núcleo da Igrexa (Cacheiras).

A estrada, que conforma a principal conexión entre as estradas N-550 e AC-841 presenta unha intensidade de tráfico próxima aos 3.000 vehículos/día.

CP-0205 Bertamiráns-A Ramallosa

A estrada, que forma parte da Rede Primaria de carácter provincial, presenta un trazado con sección variable que oscila entre 4 e 7 m, conformando travesías urbanas ao seu paso por Osebe e Luou, no primeiro caso con beirarrúas laterais.

A súa xeometría dificultase ao paso pola canteira de Carballal en tanto que entre Paraxó e A Ramallosa discorre por unha topografía practicamente horizontal.

A estrada, ao seu paso polo Concello de Teo (entre Osebe e A Ramallosa), formaliza unha conexión entre as estradas N-550 e AC-841 formando parte dun percorrido máis longo desde Bertamiráns á Ramallosa, que conforma un amplo arco de conexión entre as estradas radiais C-543 (Santiago-Noia), N-550 e AC-841. Nun primeiro treito, entre Bertamiráns e Osebe, no Concello de Ames, produciuse unha importante remodelación nos últimos anos coa ampliación da súa sección (7-10 m) e a rectificación do seu trazado, reforma que se pretende estender a todo o seu percorrido polo municipio de Teo coa execución dunha variante ao seu paso pola canteira de Santa Clara, rectificacións no seu trazado e ampliación da calzada.

A estrada presenta unha intensidade de tráfico próxima aos 2.000 vehículos/día.

CP-6502 Pazos-Luou

Esta estrada pertence á Rede Secundaria Provincial e presenta unha sección variable de 4,5-6 m de calzada, representando o principal acceso aos núcleos do sur-oeste do municipio da parroquia de Lampai, prolongándose posteriormente ata o Concello de Padrón, presentando un tráfico de ámbito estritamente local.

Estradas municipais

Cunhas claras funcións conectivas para dar servizo ás relacións internas de ámbito local, servindo de prolongación ou complemento dalgún dos percorridos das estradas provinciais, algúns dos camiños de titularidade municipal escapan das estrictas funcións de accesibilidade local conformando longos percorridos dentro do municipio (caso da estrada Pontevea-Milladoiro e a súa variante Luou-Calo-Balcaide) ou conexións cos municipios limítrofes (caso da estrada Cacheiras-Noenlles-Vedra ou Portoameneiro-San Andrés de Illobre).

As súas características xeométricas son desiguais segundo os ámbitos polos que discorren ou a súa orixe como camiño veciñal ou da concentración parcelaria, presentando en ocasións seccións de travesía como no paso polos núcleos de Calo e O Vilar de Calo onde as estradas acompañanse de beirarrúas laterais.

9.5. AS ACTUACIÓNS PREVISTAS DE MELLORA DA REDE DE ACCESIBILIDADE MUNICIPAL

Nun ámbito de reflexión máis amplo e dentro dunha análise da funcionalidade da rede de accesos ás principais cidades de Galicia, a CPTOPV ven de realizar un estudio da rede de accesos a Santiago facendo especial fincapé na análise da funcionalidade das dúas principais estradas autonómicas de acceso á cidade: a estrada C-543 Santiago-Noia e a estrada AC-841 Santiago-A Estrada. As dúas presentan altos índices de conxestión derivados en boa medida dos recentes fenómenos de crecemento urbano residencial que consolidaron os agregados de Bertamiráns (na estrada C-543) e Os Tilos-Cacheiras (na estrada AC-841) como importantes focos de xeración de mobilidade.

Esta circunstancia, xunto coa propia problemática de accesibilidade á cidade de Santiago, derivou na adopción de tres principais actuacións en torno ás citadas estradas: plantear a necesidade de intervir nas dúas estradas radiais coa execución de dúas variantes ás estradas AC-841 e C-543 e a conveniencia de prever a conexión destas variantes coas vellas estradas e á súa vez coa estrada N-550 conformando un amplo arco que servirá de conexión entre as estradas C-543 (Noia); Variante da C-543; N-550 (Vigo), AC-841 (A Estrada), Variante da AC-841, A-53 e N-525 (Ourense), posibilitando a aparición dun percorrido circunvalatorio exterior á cidade de Santiago.

A concepción deste novo sistema de estradas de acceso e conexión complétase coa definición das súas características funcionais: calzadas segregadas con limitación de accesos e enlaces a distinto nivel, que garantan axeitadas condicións de funcionalidade.

Con estas premisas encóntranse nestes momentos redactados os Proxectos das dúas novas variantes: “Corredor Santiago-Bertamiráns AG-56” que inclúe o trazado do denominado Ramal R-3 Pardaces-As Galanas na N-550; e o “Corredor Alternativo á estrada AC-841 Santiago-A Estrada AG-59” que inclúe o trazado do Ramal de conexión Cacheiras-Noenlles.

No tocante ás vías de titularidade provincial encóntranse nestes momentos redactados os Proxectos de mellora de trazado das dúas estradas provinciais incluídas na Rede Primaria, a CP-0205 Bertamiráns-A Ramallosa e a CP-8202 As Galanas-Cacheiras, incluídos nas actuacións englobadas no denominado Plan 2000 de infraestrutura viaria.

Na primeira das estradas prolongárase a actuación executada no treito Bertamiráns-Osebe no Concello de Ames, proxectándose a ampliación da súa sección ata acadar os 7-10 m de calzada e plataforma, incluíndo a recente execución dunha variante na canteira de Santa Clara.

Na segunda estrada, As Galanas-Cacheiras, proxéctase igualmente acadar unha sección de 7-10 m de calzada e plataforma previndo a execución dunha variante no núcleo de A Igrexa (Cacheiras).

9.6. O TRANSPORTE PÚBLICO

As relacións de carácter metropolitano inducidas pola cidade de Santiago, nas que os principais asentamentos urbanos do concello de Teo veñen a considerarse como barrios exteriores da cidade, determina que exista un bo número de movementos de carácter recorrente e diario entre os núcleos de Teo e a cidade central que son canalizados en maior ou menor medida polos servizos de transporte público interurbano. O crecemento urbano municipal en curso e a xeración crecente deste tipo de mobilidade obriga a pensar que cara ao futuro, da cuestión do transporte colectivo interurbano dependerá en boa medida a eficiencia na mobilidade na Área Urbana e a superación da conxestión provocada polo transporte en vehículo privado.

Na actualidade, este tipo de movementos son servidos principalmente por dúas empresas (Castromil e Autobuses de Calo) que utilizan as dúas principais estradas radiais AC-841 e N-550, respectivamente, para os percorridos das distintas liñas de transporte. Ademais, a urbanización dos Tilos, sérvese dunha liña de transporte público urbano de Santiago.

Da análise das dúas liñas que percorren a estrada N-550 (Santiago-Milladoiro-Solláns-Luou e, Santiago-As Galanas-Ameneiro-Firmistáns) despréndense unhas elevadas frecuencias de paso dos autobuses, menores de 1 hora, similares ás dalgunhas liñas do transporte urbano de Santiago.

Con menores frecuencias pero aínda próximas ao nivel dunha hora (considerado como o nivel de servizo do transporte urbano) desenvólvese a liña de transporte Santiago-Pontevea que percorre a estrada AC-841.

Por último, a elevada frecuencia, próxima aos 15 minutos, que presenta a liña 6 do transporte público de Santiago que serve a Os Tilos, dá conta da demanda deste servizo nesta área fronteiriza coa cidade de Santiago.

Recentes estudos sobre o transporte interurbano realizados polo Concello de Santiago dan conta da existencia dun volume de expedicións anuais (61.300 na estrada N-550 e unhas 4.500 na estrada AC-841) que serven aos movementos de recorrencia diaria no espazo metropolitano de Santiago canalizado polas dúas vías de comunicación (N-550 e AC-841) o que no seu conxunto supón dar servizo aproximadamente a un mínimo dun millón de viaxes anuais, é dicir, unha media de 3.300 viaxes diarios que darán servizo principalmente os núcleos de Cacheiras, Ramallosa e Pontevea na estrada AC-841 e de Luou, Solláns, Calo, As Galanas, Ameneiro e Osebe (xunto cos agregados de Milladoiro-Biduido e Firmistáns no concello de Ames) na estrada N-550; datos que se

sitúan próximos aos estándares de utilización do transporte público urbano (entre 0,15 e 0,20 viaxes/habitante e día).

O número de expedicións anuais expresa con claridade o distinto nivel de desenvolvemento de transporte colectivo nun e noutro corredor. Destaca a debilidade que ten o servizo na AC-841 que está a ser o soporte principal do extraordinario crecemento urbano dos últimos anos.

Con todo, dos datos aportados por esta análise conclúese a existencia dunha infraestrutura básica dos servizos de transporte público no municipio que ten que ser reforzada no corredor da N-550 e potenciada fortemente en utilización e nivel de servizo no corredor da AC-841. Só a mellora e potenciación do transporte colectivo permitirá mellorar as condicións de mobilidade da nova poboación de Teo (moi en particular a poboación nova e a de maior idade) e combater de modo significativo o elevado grao de conxestión da rede viaria de acceso á cidade central. Neste sentido deberán ser consideradas as medias de desdoblamento de percorridos, a posibilidade de implantar percorridos transversais que permitan o transvase de liñas entre as dúas estradas radiais e aumenten o ámbito do servizo de transporte, establecer medidas que faciliten a utilización do transporte público, formalización de estacións de “park and ride” que faciliten o intercambio entre o transporte privado e o público, etc.

10. OS EQUIPAMENTOS

A diagnose sobre as dotacións municipais esixe inventariar o conxunto dos equipamentos colectivos, estudar a súa localización e establecer o grao de satisfacción da demanda que deben cubrir. Cuestións, todas elas, de grande importancia no municipio de Teo que está sometido a unha importante presión demográfica.

No Municipio de Teo existe unha oferta bastante ampla de equipamentos nas parroquias do norte, sendo desigual no resto do territorio.

A continuación recóllese no cadro adxunto, a distribución espacial no territorio do equipamento comunitario, no municipio de Teo, no que se aprecia a concentración do equipamento nas parroquias máis próximas a Santiago e polo tanto de maior peso demográfico. No resto das parroquias a oferta dotacional é menor.

CADRO Nº 49. RELACIÓN DE EQUIPAMIENTO COMUNITARIO EN TEO. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL NO TERRITORIO

1. PARROQUIA DE CACHEIRAS-OS TILOS

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL m ²
DOCENTE	DOC-1	I.E.S. Cacheiras.	9.543	Pública	
	DOC-3	Colexio Ensino Infantil e Primario Os Tilos.	10.919	Pública	
	DOC-6	Colexio Chéster.	26.707	Privada	
	DOC-7	CEPRA Raxó.	864	Pública	
	DOC-8	CEPRA A Igrexa.	(2)	Pública	48.033
DEPORTIVO	DEP-1	Zona deportiva de Cacheiras.	19.146	Pública	
	DEP-3	Pista deportiva Parque Montouto.	737	Pública	
	DEP-4	Pavillón polideportivo Os Tilos.	1.297	Pública	
	DEP-5	Zonas deportivas San Sadurniño.	3.094	Privada	
	DEP-6	Zona deportiva Os Tilos.	13.089	Privada	37.363
SANITARIO	S-1	Centro Saúde Os Tilos.	231	Pública	
	S-2	Centro Saúde de Cacheiras.	1.282	Pública	1.513
SOCIOCULTURAL	SC-2	Centro Cultural Rosalía de Castro en A Igrexa.	583	Pública	
	SC-3	Sociocultural A Torre.	3.064	Privada	3.647
ASISTENCIAL	AS-3	Gardería infantil Os Tilos.	(1)	Pública	
	AS-4	Tanatorio de Montouto.	3.438	Privada	
	AS-5	Residencia 3ª Idade. Constenla	7.190	Privada	10.628
RELIXIOSO	R-1	Igrexa de San Francisco de Os Tilos.	766	Institucional	
	R-2	Santuario Nosa Señora da Consolación.	145	Institucional	
	R-3	Igrexa parroquial San Simón de Ons. Cacheiras	897	Institucional	1.808
CEMITERIO	CM-1	Cemiterio municipal.	3.470	Pública	
	CM-2	Cemiterio parroquial	5.096	Institucional	8.567
RESERVAS DE EQUIPAMENTO	RE-1	Reserva na antiga escola unitaria Tras do Eixo.	1.471	Pública	
	RE-7	Reserva de equipamento de Os Tilos.	2.000	Pública	
	RE-8	Reserva de equipamento municipal de Cacheiras.	200	Pública	3.671
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZV-1	Zona verde de Os Tilos.	34.655	Pública	
	ZV-2	Campo da Festa de Cacheiras.	1.912	Pública	
	ZV-7	Zona libre Capela Consolación. Raxo	1.321	Pública	
	ZL-1	Zona libre de Os Tilos.	14.901	Pública	
	ZL-2	Zonas libres Parque Montouto.	6.345	Pública	
	ZL-3	Zona libre deportivo de Parque Montouto	5.511	Pública	
	ZL-4	Zonas libres San Sadurniño.	7.905	Pública	
	ZL-5	Praza diante do Cemiterio.	5.598	Pública	
	ZL-6	Zonas libres estudios de detalle. Cacheiras.	5.428	Pública	
	ZL-7	Zonas libres estudios de detalle. Montouto	9.755	Pública	
	ZL	Zona libre en Raxo.	3.306	Pública	
	ZI	Zona libre en A Barcia	100	Pública	96.737

(1) Superficie conxunta coa da Igrexa dos Tilos.

(2) Superficie conxunta coa do centro cultural Rosalía de Castro.

2. PARROQUIA DE CALO

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M² SOLO	TITULARID.	TOTAL M²
DOCENTE	DOC-4	Colexio Ensino Infantil e Primario en A Igrexa.	17.227	Pública	
	DOC-9	CEPRA de Vilares de Rúa de Francos.	482	Pública	
	DOC-10	CEPRA de Ameneiro.	203	Pública	
	DOC-11	CEPRA de Solláns.	1.146	Pública	19.058
DEPORTIVO	DEP-7	Pistas deportivas de Carballal.	2.427	Pública	
	DEP-8	Polideportivo San Xoán de Calo.	1.800	Pública	
	DEP-9	Campo de Fútbol San Domingo.	7.818	Pública	
	DEP-10	Sociedade recreativa San Xoán de Calo.	12.317	Privada	24.362
SANITARIO	S-3	Centro de Saúde de Calo.	670	Pública	
	S-4	Consultorio local de Ameneiro.	828	Pública	1.498
SOCIOCULTURAL	SC-4	Asociación de veciños de O Vilar de Calo.	373	Pública	
	SC-5	Asociación de minusválidos de Teo.	1.023	Pública	1.396
INSTITUCIONAL ADMINISTRATIVO	ADM-4	Sé do CEPRA (antiga escola unit.de Solláns).	1.076	Pública	1.076
ASISTENCIAL	AS-1	Alberque de peregrinación. Vilar de Abaixo.	1.165	Pública	
	AS-2	Gardería infantil San Xoán de Calo.	1.800	Pública	
	AS-6	Residencia 3ª Idade de Socastro.	5.866	Privada	8.831
RELIXIOSO	R-4	Igrexa parroquial de San Xoán de Calo.	1.452	Institucional	
	R-5	Capela de S.Martiño de Vilares de R/ Francos.	185	Institucional	
	R-6	Capela da Virxe dos Miragres de Cornide.	304	Institucional	1.941
CEMITERIO	CM-3	Cemiterio parroquial San Xoán de Calo.	6.899	Institucional	6.899
RESERVA DE EQUIPAMENTOS	RE-2	Reserva equip. Osebe (antiga escola unitaria).	806	Pública	
	RE-3	Reserva equip.Cornide (antiga escola unitaria).	439	Pública	
	RE-4	Reserva equip.A Igrexa (antiga escol. unitaria).	184	Pública	1.429
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZV-3	Carballeira de San Martiño	17.872	Pública	
	ZV-4	Campo da Festa de Calo	7.797	Pública	
	ZV-5	Zona verde Casal do Castro Mouro	5.600	Pública	
	ZL-8	Parque infantil de O Vilar de Calo.	498	Pública	
	ZL-9	Zona libre de Solláns.	2.182	Pública	
	ZL-10	Zona libre de Santo Antonio de Solláns.	853	Pública	
	ZL-11	Zona libre de Carballal.	251	Pública	
	ZL-12	Zona libre. Capela de S.Carmelo de Ameneiro.	2.666	Pública	
	ZL-13	Parque infantil de Texexe.	466	Pública	
	ZL-14	Parque infantil Vilar do Medio.	339	Pública	
	ZL-15	Zona libre de Cornide.	1.534	Pública	
	ZL-16	Carballeira de Cornide.	2.846	Pública	
	ZL	Zona libre en Casalonga.	98	Pública	43.002
SERVIZOS URBANOS		Estación.	1.037	Pública	1.037

3. PARROQUIA DE LAMPAI

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M² SOLO	TITULARID.	TOTAL M²
DEPORTIVO	DEP-11	Campo de fútbol de Agrela.	5.764	Pública	
	DEP-12	Zona deportiva en Mosteiro.	925	Pública	6.689
SOCIOCULTURAL	SC-6	Sociocultural en Mosteiro.	100	Pública	100
RELIXIOSO	R-7	Igrexa parroquial de Santa María de Lampai.	1.240	Institucional	
	R	Capela de Santa Ana. Agrelo.	43	Institucional	1.283
CEMITERIO	CM-4	Cemiterio parroquial .	(1)	Institucional	(1)
ZONAS VERDES E	ZL-17	Zona libre Capela de Santa Ana Agrela.	2.104	Pública	
ESPAZOS LIBRES	ZL	Zona libre en Paredes.	691	Pública	2.104

(1) Superficie conxunta coa da Igrexa parroquial.

4. PARROQUIA DE LUCÍ

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M² SOLO	TITULARID.	TOTAL M²
DOCENTE	DOC-2	Escola taller de Lucí.	2.788	Pública	
	DOC-5	Colex. ensino inf. e primario A Ramallosa.	19.793	Pública	22.581
SOCIOCULTURAL	SC-1	Biblioteca municipal.	3.195	Pública	
	SC-2	Local AACC. Río Tella (antiga esc. A Ramallosa)	1.031	Pública	4.226
INSTITUCIONAL ADMINISTRATIVO	ADM-1	Concello	2.446	Pública	
	ADM-2	Dependencias municip. (antiga cámara agraria)	600	Pública	
	ADM-3	Xulgado de Paz.	527	Pública	3.573
RELIXIOSO	R-8	Igrexa parroquial de Santa María de Lucí.	922	Institucional	
	R-18	Igrexa Evanxelista	615	Institucional	1.537
CEMITERIO	CM-5	Cemiterio parroquial.	(1)	Institucional	(1)
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZL-18	Campo de Festa de Santa María de Lucí.	2.031	Pública	
	ZL-19	Parque infantil na Ramallosa.	1.877	Pública	
	ZL-20	Zona libre na Ramallosa	900	Pública	
	ZL-21	Zona libre na Ramallosa	865	Pública	
	ZL	Zona libre en Chaves.	105	Pública	5.778

(1) Superficie incluída na da Igrexa parroquial.

5. PARROQUIA DE LUOU

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M² SOLO	TITULARID.	TOTAL M²
DOCENTE	DOC 14	CEPRA de Igrexa	1.328	Pública	
	DOC 15	CEPRA do Aído.	3.369	Pública	4.697
DEPORTIVO	DEP-2	Piscinas municipais.	4.317	Pública	
	DEP-13	Zona deportiva de Bustelo.	12.294	Pública	16.611
RELIXIOSO	R-9	Igrexa parroquial S. M. de Luou.	1.907	Institucional	1.907
CEMITERIO	CM-6	Cemiterio parroquial.	(1)	Institucional	
	CM-7	Cemiterio.	11.948	Privado	11.948
ZONAS VERDES	ZL-22	Parque da Igrexa, Luou.	3.043	Pública	3.043

(1) Superficie incluída na da Igrexa

6. PARROQUIA DE OZA

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-16	CEPRA de Agoso.	484		484
DEPORTIVO	DEP-14	Zona deportiva en Oza.	7.547	Pública	
	DEP-15	Zona deportiva A Palloza.	1.583	Privada	
	DEP-16	Zona deportiva Os Verxeles.	3.614	Privada	12.744
SOCIOCULTURAL	SC-8	Asociación de veciños (antiga "La Unión").	988	Pública	988
RELIXIOSO	R-10	Igrexa parroquial Santa Baia de Oza.	1.379	Institucional	
	R-11	Igrexa de Santa Eufemia de Ribas.	892	Institucional	2.271
CEMITERIO	CM-8	Cemiterio parroquial.	3.633	Institucional	3.633
RESERVA EQUIPAMENTO	RE-5	Reserva equipamento Os Verxeles.	288	Pública	288
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZV-6	Zona verde en Os Verxeles.	6.722	Pública	
	ZL-23	Parque de Nai.	2.786	Pública	
	ZL-24	Campo de festa de Ribás.	4.432	Pública	
	ZL-25	Parque Avelino Pousa Antelo (Os Verxeles).	1.522	Pública	
	ZL-26	Zona libre en Os Verxeles.	1.726	Pública	
	ZL	Zona libre Agroso.	970	Pública	
	ZL	Parque infantil e zona verde en Ribas.	2.199	Pública	
	ZL	Zona libre en Fornelos.	100		20.457

7. PARROQUIA DE RARÍS

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-17	CEPRA de Rarís.	655	Pública	655
DEPORTIVO	DEP-17	Campo de Fútbol.	10.527	Pública	10.527
RELIXIOSO	R-12	Igrexa parroquial de San Miguel de Rarís.	785	Institucional	785
CEMITERIO	CM-9	Cemiterio parroquial.	1.977	Institucional	1.977
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZL-28	Campo de Festa de Rarís.	823	Pública	
	ZL	Zona libre xunto á Igrexa Parroquial. Rarís.	780	Pública	3.255

8. PARROQUIA DE RECESENDE

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-18	CEPRA de Vilanova.	1.656	Pública	1.914
DEPORTIVO	DEP-18	Campo de Fútbol.	10.804	Pública	10.804
RELIXIOSO	R-13	Igrexa parroquial San Mamede de Recesende.	1.780	Institucional	12.718
CEMITERIO	CM-10	Cemiterio parroquial.	(1)	Institucional	(1)
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZL-29	Parque infantil A Pedra	200	Pública	200

(1) Superficie conxunta coa da Igrexa.

9. PARROQUIA DE REIS

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-19	CEPRA de San Xosé.	1.137	Pública	
	DOC	Escola Unitaria. Samar.	581	Pública	
DEPORTIVO	DEP-19	Zona deportiva San Xosé.	24.039	Pública	24.039
SANITARIO	S-5	Centro de Saúde de Pontevea.	651	Pública	651
ASISTENCIAL	AS-7	Residencia 3ª Idade. Olveira	11.533	Privada	11.533
RELIXIOSO	R-14	Igrexa parroquial de San Cristovo de Reis.	3.466	Institucional	
CEMITERIO	CM-11	Cemiterio parroquial	(*)	Institucional	3.466
RESERVA DE EQUIPAMENTOS	RE-6	Reserva de equip.Valiñas (antiga escola unitaria)	580	Pública	
	RE	Reserva de equip.A Burga (antiga casa de baños)	14.125	Pública	15.088
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZV-7	Zona recreativa de Xirimbao.	6.854	Pública	
	ZL-30	Zona libre A Igrexa.	1.073	Pública	
	ZL-31	Campo da Festa de Reis.	1.591	Pública	
	ZL	Zona libre en Coira.	119	Pública	9.637

(*) Superficie conxunta coa da Igrexa Parroquial.

10. PARROQUIA DE TEO

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-20	CEPRA de Fontenlo.	1.000	Pública	1.000
DEPORTIVO	DEP-20	Pistas deportivas de Fontenlo.	4.500	Pública	4.500
SOCIOCULTURAL	SC-9	Centro Sociocultural de Fontenlo.	2.780	Pública	2.780
RELIXIOSO	R-15	Igrexa parroquial Santa María de Teo.	9.892	Institucional	9.892
CEMITERIO	CM-12	Cemiterio parroquial	(1)	Institucional	(1)
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZL-32	Campo de Festa de Fontenlo.	2.689	Pública	
	ZL	Zona libre en Campos.	100	Pública	2.789

(1) Superficie conxunta coa da Igrexa parroquial.

11. PARROQUIA DE BAMONDE

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-12	CEPRA A Igrexa.	452	Pública	452
DEPORTIVO	DEP-21	Campo de fútbol de Tribaldes.	12.040	Pública	12.040
RELIXIOSO	R-16	Igrexa parroquial Santa María de Bamonde.	1.588	Institucional	1.588
CEMITERIO	CM-13	Cemiterio parroquial	(1)	Institucional	(1)
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZL-33	Parque de Tribaldes.	1.322	Pública	1.322

(1) Superficie conxunta coa da Igrexa parroquial.

12. PARROQUIA DE VILARIÑO

TIPO	Nº EN PLANO	NOME	M ² SOLO	TITULARID.	TOTAL M ²
DOCENTE	DOC-13	CEPRA de Vilariño.	611	Pública	611
RELIXIOSO	R-17	Igrexa parroquial San Tomé de Vilariño.	1.085	Institucional	1.085
CEMITERIO	CM-14	Cemiterio parroquial	(1)	Institucional	(1)
ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	ZL-34	Campo de feira de Vilariño.	3.641	Pública	3.641

CEPRA: Centros escolares públicos rurais agrupados

A cobertura por tipo de dotación analízase a continuación:

. Equipamento docente

No municipio de Teo o equipamento docente ten distinta cobertura segundo o sector e idade ao que se dirixe.

A educación infantil que acolle nenos de 3, 4 e 5 anos resólvese mediante as 13 unidades nas escolas unitarias parroquiais e 11 unidades máis nos 3 colexios de ensino infantil e primario.

As escolas unitarias están agrupadas na rede CEPRA (Centros escolares públicos rurais agrupados) e a súa localización esténdese a todas as parroquias agás as de Lucí e Lampai. En Lucí está un dos colexios de ensino infantil e primario. Algunha das parroquias (Cacheiras-Os Tilos, Calo e Luou) teñen máis dun centro de educación infantil, o que facilita a escolarización dos nenos de curta idade.

A cobertura e situación ofrecida polos centros de educación infantil é adecuada e suficiente para a poboación existente no Municipio.

A nivel de superficie, só as CEPRA supoñen un total de 12.946 m² aínda que moitas das súas parcelas non están acondicionadas axeitadamente para o xogo de nenos. Para a poboación actual, o estándar supera con folgura os 18 m² por neno establecidos na Orde 4.11.91 que desenvolve a LOGSE.

Para o ensino primario existen 3 centros situados nas parroquias de Cacheiras-Os Tilos, Calo e Lucí. Teñen en funcionamento, en conxunto, un total de 39 unidades, o que supón unha cabida máxima para 975 alumnos. Na actualidade a matrícula ascende a 569 alumnos no curso 2001-2002, o que supón unha folgura do 42% aproximadamente.

Analizando a poboación municipal en idade escolar do rango 6-12 anos a necesidade real sería de 42 unidades. Polo tanto, as unidades existentes son insuficientes para cubrir as necesidades da poboación residente, se ben as prazas non se cobren coa demanda actual; o que se explica desde a escolarización de parte do alumnado no colexio privado existente no municipio (cunha oferta total para 60 alumnos en ensino primario e secundario) ou o traslado aos colexios doutros municipios.

En todo caso, a superficie dos tres colexios ascende a un total de 50.727 m², que supera o estándar mínimo esixida pola normativa educativa para o total da poboación municipal neste nivel, co que cabería ampliar o número de unidades, no caso de

recuperar a poboación agora derivada a outros centros. Polo tanto, podemos concluír que a reserva actual de equipamento escolar primario é suficiente para a poboación actual.

A oferta de ensino secundario redúcese a un único centro, o I.E.S. de Cacheiras que, cunha superficie de 9.543 m², alberga 40 unidades e presenta unha matrícula no ano 2002 de 707 alumnos, a penas o 50% da actual poboación de rango 13-18 anos. A diferenza entre poboación comprendida entre os 13 e 18 anos e a matrícula no I.E.S., explícase, ademais de pola incorporación laboral, polo traslado de estudantes a outros centros. O Colexio Chéster acolle unha mínima parte destes alumnos e os restantes trasládanse fóra do municipio.

Segundo os estándares da LOGSE a actual superficie do I.E.S. podería albergar unha cabida máxima duns 800 alumnos.

Como conclusión podemos resumir que esta dotación presenta insuficiencias para a actual poboación.

A oferta dotacional complétase no municipio coa Escola Taller de Lucí, así como algunha aula da citada escola nas dependencias do Concello.

. Equipamento deportivo

A oferta deportiva no municipio de Teo acada unha superficie de 159.810 m², o que supón un estándar por habitante de 10 m²/hab. tendo en conta a poboación de dereito do 2003. Desta superficie son de titularidade pública un 86,4%.

Esta dotación atópase estendida por todas as parroquias, agás Lucí e Vilariño, existindo maior concentración nas do norte que son as que posúen maior peso demográfico. Está garantida a cobertura actual, aínda que podería ampliarse a dotación ás parroquias que carecen dela.

. Equipamento sanitario

Esta dotación está repartida en 5 centros de saúde, 4 deles localizados nas parroquias do norte, Cacheiras- OsTilos e Calo e o restante na de Reis que é unha das parroquias do sur.

A superficie total acada os 3.653 m² o que supón un estándar de 0,23 m²/habitante, tendo en conta a actual poboación de dereito.

A oferta deste tipo de equipamento podería ser ampliado con outro centro que ocupase unha posición central no municipio.

. Equipamento Sociocultural

Esta dotación está repartida por 6 das 12 parroquias, carecendo dela as parroquias de Luou, Rarís, Recesende, Reis, Bamonde e Vilariño. A súa superficie total acadaría os 13.137 m², o que supón un estándar de 0,77 m²/hab, tendo en conta a actual poboación de dereito.

A maioría dos existentes son locais veciñais ou de asociación de veciños cun carácter local.

Na parroquia de Lucí localízase a Biblioteca Municipal que ten un carácter central, de servizo a todo o municipio.

Dado o carácter local deste tipo de dotación, debería estenderse a todas as parroquias ou alomenos a aquelas que teñen maior presión demográfica.

A dimensión demográfica que está acadando o agregado do urbano fai pensar na conveniencia dunha dotación municipal máis complexa capaz de desenvolver actividades máis especializadas.

. Equipamento Institucional Administrativo

A oferta dotacional de tipo administrativo está basicamente formada polo complexo de dependencias do Concello, localizado no núcleo da Ramallosa, na parroquia de Lucí, correspondendo á capitalidade municipal. A posición é a axeitada para este tipo de dotación que ten carácter xeral.

Ademais desta situación central, a sede do CEPRA localízase na parroquia de Calo.

A superficie destinada a este uso acada os 4.649 m², o que supón un estándar de 0,3 m²/hab. sobre a actual poboación de dereito.

. Equipamento Asistencial

A oferta dotacional deste tipo presenta variadas demandas.

A atención á infancia está cuberta polas dúas garderías situadas nas parroquias de Cacheiras-Os Tilos e Calo, ocupando a dos Tilos un local compartido coa Igrexa.

A superficie actual acada uns 1.800 m² en parcela propia. Considerando a actual poboación de 0-3 anos, esta superficie supón un escaso estándar de 2,2 m²/hab.

Esta oferta non satisfai totalmente a demanda municipal co que a dotación actual debería ser mellorada e incrementada con novas garderías en distintos puntos do municipio.

A atención á terceira idade cóbrese con tres centros privados situados nas parroquias de Reis (Pontevea), Calo (Socastro) e Cacheiras-Os Tilos (Costenla) cunha superficie total de 24.402 m².

Ademais, no municipio localízanse un albergue de peregrinos en Calo (Vilares da Rúa de Francos). Existe un tanatorio de titularidade privada en Montouto.

. Equipamento Relixioso

Debido á existencia das igrexas vinculadas ás parroquias, así como algunhas ermidas e santuarios máis, a oferta de equipamento relixioso é ampla no termo municipal.

Ademais existe unha Igrexa Evanxélica na parroquia de Lucí.

. Cemiterios

O cemiterio municipal de Teo localízase na parroquia de Cacheiras-Os Tilos. Todas as parroquias tradicionais teñen activos os seus cemiterios parroquiais. Existe un cemiterio privado na parroquia de Luou.

O cemiterio municipal ten unha superficie de 3.471 m². Os cemiterios parroquiais en parcela propia teñen unha superficie de 21.071 m² aos que se engade a superficie dos instalados no contorno das igrexas parroquiais. O cemiterio privado ten unha superficie de 11.948 m².

O estándar que resulta das superficies especializadas, representa 2,34 m²/hab., tendo en conta a poboación actual.

Dadas as previsións de crecemento do municipio, haberá de preverse o crecemento da reserva municipal.

. Reservas de equipamento

Corresponden estas dotacións a edificios e parcelas de titularidade municipal afectas ao uso público carecentes de uso neste momento, que poderán ser destinadas a equipamentos de usos diversos. A súa superficie de solo, total, ascende a 20.476 m².

. Espazos libres e zonas verdes

O sistema de espazos libres está formado polas zonas verdes, xardíns, campos de festa e zonas de xogos de nenos que, sendo de titularidade pública permiten o uso de esparcemento da poboación. Entre as zonas verdes existentes as de maior dimensión son as dos Tilos, das que aínda existe unha superficie de 10.000 m² aproximadamente sen formalizar.

Nótase a falta dun parque de dimensións axeitadas de servizo para todo o termo municipal e en particular para os agregados urbanos en formación. Tamén deberían estenderse as zonas de xogos para nenos a todos os núcleos, aparecendo, de ser o caso, vinculadas a outros equipamentos de tipo local como os socioculturais.

Na actualidade a superficie de zonas verdes e espazos libres acada un total de 190.354 m², o que supón un estándar de 12 m²/hab., tendo en conta a poboación actual.

Dentro das determinacións do Plan Xeral cómpre establecer as zonas verdes de Sistema Xeral. De entre as zonas verdes actuais considérase que terían o carácter propio de sistema xeral a Carballeira de San Martiño (Vilares de Rúa de Francos), a zona verde Casal do Castro Mouro e a zona recreativa do Xirimbao, que acadan un total de 29.540 m², o que ofrecería un estándar de 1,8 m²/hab. tendo en conta a poboación actual, moi por debaixo do estándar legal (5 m²/hab.).

11. DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO

11.1. O MODELO DE ORDENACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE 1996

11.1.1. Obxectivos xerais de ordenación das Normas Subsidiarias de 1996

Na introducción das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Teo de 1996 destacábase que o momento que atravesaba o municipio, iniciando un incipiente proceso de crecemento urbanístico, facía que a redacción das Normas Subsidiarias foran sentidas como unha necesidade perentoria, “a fin de canalizar de forma axeitada á realidade e axustando á legalidade as tendencias existentes, o tempo que permitirán concretar aquelas determinacións necesarias para *guiar* o desenvolvemento do municipio de forma harmónica e ordenada”.

Tras seis anos de vixencia de este planeamento tense constatado que os seus efectos foron os contrarios aos desexados, tal e como ven a constatar a Resolución da Consellería de Política Territorial de Obras Públicas e Vivenda de 18 de febreiro de 2002. Tales efectos indesexados teñen que ver, en parte, coa renuncia inicial de producir un planeamento máis ambicioso que “*representaría*” a formulación dun Plan Xeral (véxase o apartado correspondente á Oportunidade e Conveniencia da Revisión e Adaptación das Normas Subsidiarias).

Na Memoria de Ordenación das Normas Subsidiarias Municipais de 1996 formulábanse como obxectivos xerais de ordenación os seguintes:

- A). Reestruturación funcional do tecido urbano dos núcleos de A Ramallosa, Pontevea, Cacheiras e Balcaide.
 - A.1. Mellorar a multifuncionalidade e superposición de usos.
 - A.2. Equilibrio urbanístico entre as diferentes áreas do Municipio ao traveso de asentamentos rurais, apoiados na malla da infraestrutura viaria, xerarquizada funcionalmente para garantir as comunicacións e as relacións interparroquiais no medio rural.
 - A.3. Impedir a invasión indiscriminada do territorio, para salvagardar e protexer os valores naturais.
 - A.4. Reconcentración de industrias compatibles co resto das actividades en zonas destinadas a tal efecto.

- B). Consideración e importancia do medio rural.
 - B.1. Mantemento e fortalecemento do actual sistema de núcleos. O modelo de ordenación territorial identifica, recoñece e consolida o crecemento edificatorio no territorio tomando como base os asentamentos de poboación existente.
 - B.2. Conservar a parroquia como institución básica de convivencia.
 - B.3. Potenciación das actividades forestais.
- C). Conservación Ambiental.
 - C.1. Conservar as pezas de estrutura urbana que forman parte da Memoria Colectiva.
 - C.2. Protexer a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados, danada pola forte incidencia da presión edificatoria, polo que supuxo de destrución da morfoloxía anterior dos bloques agrarios e a ruptura do modelo tradicional que representou a superposición dunha rede de camiños que propiciou por medio da súa xeometría rectiliña a dispersión e falta de estruturación do territorio.
- D). Dotación de Elementos Comunitarios.
 - D.1. Mellora das actuais infraestruturas que supoñen unha recuperación da calidade (saneamento, viario, eliminación de lixos, dotacións públicas, etc.).
- E). Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do Concello, conservando cada un as súas particularidades.
 - E.1. Respecto a distribución descentralizada e xerárquica da poboación do municipio.
 - E.2. Defensa do equilibrio intersectorial existente.

11.1.2. Criterios e solucións de Ordenación das Normas Subsidiarias de 1996

Os criterios e solucións xerais de ordenación das Normas resumíanse nos seguintes epígrafes:

A). No que atinxe ao solo urbano de núcleo rural.

1. Realizar as alteracións necesarias das determinacións das N.S. vixentes, para axeitalas á realidade existente no que atinxe as aliñacións, fondos, volume, condicións tipolóxicas, etc.
2. Para aqueles aspectos que a práctica de varios anos de vixencia das N.S. aconsellaba modificar, facelo na procura de manter os fundamentos que presidiron ditas Normas, aínda que regulamentando novamente os aspectos en que a realidade contradecía o sinalado.
3. Procurar a adecuada vertebración dos viais estruturantes do núcleo o traveso da revisión do papel da rúa no proxecto urbano, que permita recuperar o seu carácter en canto institución cívica, ademais da súa clásica funcionalidade como canle do tráfico peonil e rodado.
4. Procurar incorporar varias áreas (gracias a clasificación como aptas para urbanizar) á oferta de solo para acoller edificación para usos residenciais e, sobre todo, dotacións equipamentais e grandes espazos libres.

B). No que fai referencia aos núcleos rurais.

1. Recoller a realidade existente –Núcleos Rurais Tradicionais- (NT).
2. Incrementar a potencialidade dos núcleos rurais existentes, favorecendo a edificación neles e nas súas áreas de dependencia (G1 e G2 respectivamente) para o que a oferta de solo dentro deles apura ao máximo os preceptos da lexislación urbanística vixente (L.S.G.).
Esta estratexia posibilitaría a rendibilidade das inversións urbanísticas a realizar, dotacións de servizos (auga, luz, rede de sumidoiros, pavimentacións, etc.), ao tempo que en posibles inversións para equipamentos (escolas, centros culturais e sociais, etc.) ao mesmo tempo apoia outra estratexia, a da potencialización do sector agrícola, ao non favorecer parcelacións de ditas explotacións con fins residenciais.

C). No que atinxe ao resto do territorio.

1. Trátase de poñer restriccións ao proceso de construción fóra dos núcleos, máis sen chegar ao impedimento total.
2. Incorporáanse ordenanzas de chan especialmente protexido, de acordo co establecido na LSG.

3. Protéxense os elementos do patrimonio Histórico-Artístico de acordo co artigo 36.a) do Regulamento de Planeamento da L.S.G.
4. Prevese alí onde as condicións requiridas son mais axeitadas (auga, comunicacións, topografía, ausencia de valores a protexer, etc) a posibilidade de desenvolver solo destinado a usos industriais (Sector de A Ramallosa e de Cacheiras).

Ao respecto destes criterios indicar que o contraste coa realidade actual leva a concluír a súa inadecuación práctica, toda vez que o desenvolvemento do planeamento non foi quen de crear unha estrutura urbana na que apoiar un desenvolvemento inmobiliario que sen embargo multiplicou por dez a súa intensidade a partir da entrada en vigor das Normas Subsidiarias, cunhas clasificacións de solo que apoian o seu desenvolvemento na rede de estradas municipais como único soporte infraestrutural.

Igualmente, e cunha discrecionalidade na identificación e delimitación dos asentamentos rurais que conformaban a base nuclear do territorio municipal, as Normas Subsidiarias de 1996 fomentaron un proceso de non consolidación dos mesmos ao non integrarse nun modelo de desenvolvemento territorial harmónico e ter que competir coa ocupación individualizada, tolerada xeneralizadamente, nun solo rústico amplamente infraestruturado pola acción da Concentración Parcelaria. Este fenómeno de non regulación incidiu igualmente no escaso desenvolvemento das áreas de planeamento parcial, onde tan só o SAU-4 e, recentemente, o SAU-2 están parcialmente en execución.

11.1.3. Modelo Territorial proposto nas Normas Subsidiarias de 1996

A incoherencia entre obxectivos e criterios declarados e a concreta normativa urbanística implantada configurou un modelo de ordenación territorial cando menos confuso, onde a base territorial nuclear se desfigura e as formas urbanas se espallan nunha estrutura lineal que utiliza o sistema de estradas como exclusivo soporte infraestrutural; onde as proteccións e cautelas en relación a ámbitos naturais, ambientais e produtivos non acadan a ter expresión territorial, malia a presenza de elementos tan significativos como o río Ulla e da notable calidade da paisaxe rural do municipio.

O pronunciamento que en relación o Modelo Territorial establecen as Normas Subsidiarias, evidencia a dislocación entre as propostas programáticas do planeamento e a súa real formulación operativa. Estas fórmulas substanciábanse nos seguintes elementos:

- A zonificación, evitando a segregación de usos, facendo compatible os residenciais cunha diversificación e baixa especialización funcional do solo, que constituirá unha garantía para o desenvolvemento equilibrado.
- A ordenación contida nas Normas Subsidiarias obtense como resultado da suma producida por operacións urbanas en ámbitos menores. E tamén o resultado da obrigada compatibilidade do conxunto das operacións urbanas estimadas e da integración coherente no modelo que deste xeito se produce.
- O desenvolvemento urbano nas áreas máis densas verifícase ao redor do novo trazado viario proposto, que se constitúe nun elemento positivo de desconxestión e complementación do tecido urbano existente favorecendo a estruturación dun crecemento equilibrado.
- Facilitar a conexión entre os distintos núcleos ao traveso dun sistema de comunicacións eficaz, evitando que a rede arterial poida crear novas expectativas ou degrade os tecidos existentes.

Unha lectura atenta da ordenación proposta permitía anticipar os negativos efectos que habería de producir no territorio, de darse a circunstancia dunha aceleración da actividade inmobiliaria como a que sucedeu a partir da aprobación das Normas.

11.2. O PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO

Desde o ano 1996, ano no que se aprobaron definitivamente as Normas Subsidiarias, tramitouse o planeamento de desenvolvemento de tres ámbitos de Solo Apto para Urbanizar residencial dos cinco delimitados nas Normas.

O conxunto dos tres ámbitos desenvolvidos acada unha superficie total de 270.543 m², aproximadamente o 32% da superficie total delimitada, e posibilita a execución de 715 vivendas (o 33% do total previsto nas cinco áreas). Á súa vez supón a obtención en breve de aproximadamente 27.700 m² de zonas libres de uso público, 8.600 m² de equipamento docente, así como parcelas destinadas a outros equipamentos sociais que totalizan unha superficie aproximada de 3.700 m².

Os trazados principais e a zonificación proposta polos planos parciais, ao non existir directrices nas Normas Subsidiarias, realízase en xeral baixo criterios de estricta funcionalidade interna dos solos a desenvolver. Iso leva consigo a aparición de viario en “fondo de saco” ou a localización de ámbitos de cesión en áreas pouco apropiadas para o enriquecemento da zona na que se implanta a actuación.

En concreto, no SAU-4 de Vilar-Pedrouso, as vías en fondo de saco precisan ser completadas coa implantación dun novo viario que as conecte, introducindo novas posibilidades de circulación e novos percorridos tanto rodados como peonís.

Da mesma maneira deberan abordarse actuacións puntuais de corrección nos viarios propostos no SAU-2 (As Galanas-Balcaide) e SAU-3 (Ramallosa) de maneira que garantan a adecuada conexión con futuras actuacións de desenvolvemento exteriores ou coas vías xerais de acceso.

No que respecta ao SAU-2 (As Galanas-Balcaide), o plan parcial resólvese cunha excesiva autonomía de actuación, que se agrava ao desenvolverse parcialmente o ámbito delimitado do SAU, conectando puntualmente na estrada N-550 e desenvolvéndose alleo ao trazado desta e mesmo a espazos cun certo interese ambiental, como as beiras do rego de Carballal, que sen dúbida deberán ser acondicionadas e incorporadas ao espazo de uso e dominio público, corrixindo as previsións da ordenación. Do mesmo xeito, bótase en falta maior sensibilidade á hora de definir e delimitar as zonas dotacionais para ás que se reservan espazos residuais afectados por reservas viarias.

A ordenación prevista no SAU-4 (Vilar-Pedrouso) presenta unha trama viaria incompleta con moitos fondos de saco que conviría relacionar. O xeneroso consumo de solo

noutros usos (zona verde e comercial privado) relega ás dotacións públicas a localizacións e formas inadecuadas; situación que debería ser resolta, sobre todo no caso de recoser os fondos de saco cun novo viario que deberá discorrer necesariamente, en parte, pola zona verde.

A ordenación do SAU-3 (A Ramallosa) plantea unha rede viaria excesivamente autónoma con escasas conexións coa rede viaria exterior, particularmente coa estrada CP-0205 Bertamiráns-A Ramallosa, coa que conecta nun so punto e a través dun camiño de escasa sección e trazado irregular, en tanto que os novos eixes proxectados ao interior do ámbito soamente teñen continuidade nunha única conexión rodada coa estrada AC-841.

Dos tres ámbitos de Solo Apto para a urbanización encóntrase en execución o SAU-4 (Vilar-Pedrouso) así como o SAU-2 (As Galanas), que foi iniciado recentemente, en tanto que o documento de tramitación do Planeamento Parcial do SAU-3 (A Ramallosa) acadou a Aprobación Definitiva.

PLAN XERAL MUNICIPAL DE TEO

FICHEIRO DE PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO.

SAU-2 AS GALANAS-BALCAIDE. SECTOR I

Edificabilidade: 0,60 m²/m²

Densidade: 35 viv./Ha

1. ESTADO DE TRAMITACIÓN

Plan Parcial:	Aprobación Definitiva: 15-11-2002
Proxecto de Urbanización:	Aprobación Definitiva: 13-05-2003
Sistema de Actuación:	Compensación
Modificación Puntual:	Aprobación Inicial

2. CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO E OBRIGAS POR PLANEAMENTO

Superficie:	73.500 m ²
Edificabilidade:	44.100 m ² construídos
Residencial:	29.700 m ² construídos
Comercial:	12.100 m ² construídos
Usos dotacionais privados:	2.300 m ² construídos
Número de vivendas:	250 viv.
Espazos libres públicos:	7.686 m ²
Centros docentes:	2.574 m ²
Outras dotacións públicas:	-
Sistema viario:	15.486 m ²
Reserva viaria:	2.290 m ²

Modificación puntual na Normativa do Plan Parcial: Aprobación Inicial 28-01-2004
(DOG 17-02-2004)

PLAN XERAL MUNICIPAL DE TEO

FICHEIRO DE PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO.

SAU-3 A RAMALLOSA

Edificabilidade: 0,40 m²/m²

Densidade: 25 viv./Ha

1. ESTADO DE TRAMITACIÓN

Plan Parcial:	Aprobación Definitiva: 21-11-01
Proxecto de Urbanización:	En redacción
Sistema de Actuación:	Compensación

2. CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO E OBRIGAS POR PLANEAMENTO

Superficie:	129.040 m ²
Edificabilidade:	51.616 m ² construídos
Residencial:	46.816 m ² construídos
Comercial:	4.800 m ² construídos
Número de vivendas:	297 viv.
Espazos libres públicos:	12.920 m ²
Deportivo:	5.493 m ²
Docente:	6.065 m ²
Outras dotacións:	2.048 m ²
Sistema viario:	37.622 m ²

PLAN XERAL MUNICIPAL DE TEO

FICHEIRO DE PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO.

SAU-4 VILAR-PEDROUSO

Edificabilidade: 0,25 m²/m²

Densidade: 25 viv./Ha

1. ESTADO DE TRAMITACIÓN

Plan Parcial:	Aprobación Definitiva 10-5-00
Proxecto de Urbanización:	Aprobación Definitiva
Sistema de Actuación:	Compensación
Proxecto de Compensación:	Aprobación Definitiva 31-07-00

2. CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO E OBRIGAS POR PLANEAMENTO

Superficie:	68.003 m ²
Edificabilidade:	17.000 m ² construídos
Residencial:	15.960 m ² construídos
Comercial:	704 m ² construídos
Sociocultural privado:	336 m ² construídos
Número máximo de vivendas:	168 viv.
Espazos libres públicos:	7.135 m ²
Equipamento comunitario:	1.684 m ²
Sistema viario:	16.777 m ²

Xunto a estas actuacións do planeamento de desenvolvemento do solo urbanizable redactáronse 28 Estudos de Detalle en solo .

Dos 28 ámbitos de aplicación dos denominados Estudos de Detalle da ordenanza URTA redactados en desenvolvemento das Normas entre os anos 1997 e 2004, 22 deles están localizados no ámbito Cacheiras-Montouto sobre o eixe da estrada AC-841. Estes Estudos de Detalle supuxeron o desenvolvemento dunhas 13 Ha de solo con capacidade para a execución de máis de 128.000 m² de solo edificado (uns 124.000 destinados a vivenda e uns 4.000 m² a usos comerciais) o que posibilita a execución dunhas 1.200 vivendas.

Indícase no cadro seguinte as características dos Estudos de Detalle aprobados en desenvolvemento da ordenanza URTA. Para valorar as consecuencias de suburbanización xeradas por estas actuacións, baste dicir que as dotacións para o sistema de espazos libres e equipamentos públicos do Plan Parcial dos Tilos, elaborado hai máis de 20 anos e de menor capacidade residencial, triplica as cesións destes estudos de detalle (62.700 m², sen considerar os espazos entre bloques, fronte a 21.100 m²); un estándar de a penas 17,6 m²/viv que, de considerarse os previstos no Regulamento de Planeamento para os plans parciais, debería ascender a 41 m²/viv, sen considerar as reservas de aparcamento.

CADRO Nº 50. ESTUDIOS DE DETALLE DA ORDENANZA URTA

Nº	Nº VIVENDAS	M2 CONSTRUIDOS		TOTAL	CESIÓNES			TOTAL
		Residencial	Outros		Viario	Zonas Libres	Dotacións	
1/97	66	5.987,55	0,00	5.987,55	509,54	1.211,72	212,25	1.933,51
2/97	16	1.256,30	481,09	1.737,39	605,15			605,15
3/97								
4/97	60	6.015,00	621,00	6.636,00	2.580,00	512,00		3.092,00
5/97	4	499,93	225,00	724,93				
6/97	59 *	5.900,00		5.900,00				
1/98	37	2.732,00	160,00	2.892,00		760,00		760,00
2/98	66 *	6.580,00		6.580,00	600,00	1.390,00		1.990,00
3/98	25	3.670,20		3.670,20	406,00	450,00		856,00
4/98	38	3.500,00		3.500,00	599,02	684,00		1.283,02
5/98	20 *	1.961,34		1.961,34	385,34			385,34
6/98	130 *	12.990,20		12.990,20	2.158,35	2.338,24		4.496,59
7/98	49 *	4.931,00	207,80	5.138,80	674,32	936,91		1.611,23
1/99	50	7.069,33		7.069,33		900,00		900,00
2/99	6 *	543,00		543,00			98,52	98,52
3/99	72	6.439,29		6.439,29	1.918,00	1.159,00		3.077,00
4/99	177 *	17.742,00		17.742,00	2.639,00	3.194,00		5.833,00
5/99	42 *	4.200,00		4.200,00		756,00		756,00
6/99	48	4.687,71		4.687,71	668,00	865,00		1.533,00
7/99	38 *	3.820,00		3.820,00	438,63	690,00		1.128,63
8/99	14	2.131,20		2.131,20	184,16			184,16
9/99	67 *	6.750,00		6.750,00	360,00	1.308,00		1.668,00
1/2000	15	3.239,25		3.239,25	453,14	669,53		1.122,67
2/2000	24 *	2.455,60		2.455,60	789,49	442,54		1.232,03
3/2000	49 *	4.968,81	1.931,59	6.900,40	1.294,45	1.874,64		3.169,09
4/2000	29 *	2.910,00		2.910,00	475,00	526,00		1.001,00
5/2000	4 *	400,20		400,20		127,00		127,00
6/2000	16 *	1.607,23		1.607,23				
TOTAL				128.613,62	17.737,59	20.794,58	310,77	38.842,94

* Estimación 1 vivienda cada 100 m² construídos.

12. DIAGNOSE CONCLUSIVA

Analizada a situación urbanística municipal dun xeito temático nos apartados anteriores, procede establecer as primeiras conclusións diagnósticas que sirvan de punto de partida para orientar a acción urbanística municipal na redacción do documento do Plan Xeral.

Á luz desto a primeira reflexión que xorde é o enorme impacto que o desenvolvemento e xestión das Normas Subsidiarias de 1996 veñen de producir na realidade actual do Termo Municipal malia aos escasos cinco anos de vixencia.

O Concello de Teo é un municipio en expansión demográfica e sobre todo inmobiliaria. Nos cinco anos de vixencia do planeamento municipal de 1996, acelerarse a progresiva integración do municipio á dinámica de crecemento urbano xerado en torno á cidade de Santiago de Compostela, que, cun carácter cada vez máis expansivo territorialmente, vén de configurar unha área urbana que se desenvolve en dirección sur.

Son as interrelacións que se establecen entre as distintas pezas deste complexo comarcal e a cidade central as que explican a evolución municipal do pasado inmediato, no que o municipio de Teo, pese a perder peso en relación a Ames presenta unha taxa de crecemento anual acumulativa da poboación que máis que duplica aos da cidade central no período 1991-2000.

Este proceso, que levou á consolidación duns espazos suburbanos que sen entrar dentro dos límites administrativos do municipio compostelán, forman parte do que podemos chamar a “cidade real”, determina que sexan estas relacións comarcais as que contribúan ao fundamento de calquera reflexión sobre o futuro da evolución urbanística do municipio.

Neste contexto, a análise da evolución da poboación no período 96-01 -coincidente co de vixencia das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal- cun crecemento de case que 1.500 habitantes, e o que aínda é máis significativo, un incremento do parque de vivendas en número de 2.200, permite confirmar a irrupción dun proceso de crecemento moi por riba do ritmo de crecemento de períodos anteriores.

As parroquias do norte e oeste (Cacheiras-Os Tilos, Calo, Luou e Recesende), tradicionalmente máis poboadas e afectadas en maior medida pola dinámica da cidade de Santiago, concentraron o crecemento demográfico, polo que as restantes parroquias, ademais de perder efectivos, perderon peso relativo no total municipal, e fronte ao 42,4% que representaban no ano 1970 soamente representan xa o 25,6% dos totais do municipio e agrupados en entidades de moi pequeno tamaño.

Funcionalmente a dependencia de Santiago é, a todos os niveis, moi importante. A nivel municipal, cabe establecer unha primeira xerarquía en función da importancia demográfica relativa. No nivel superior teríamos o asentamento urbano de Cacheiras-Montouto-Os Tilos. Nun segundo nivel sitúanse as conurbacións que se producen no contorno da estrada N-550 e na estrada Luou-Balcaide na parroquia de Calo, a partir dos seus núcleos tradicionais. Os núcleos urbanos da Ramallosa e Pontevea ocupan o terceiro nivel na xerarquía urbana.

O instrumento urbanístico de ordenación do termo municipal que constituíron as Normas Subsidiarias de 1996, serviu como novo marco normativo para canalizar a singular dinámica de crecemento do municipio no seu aspecto demográfico e, singularmente residencial.

Este feito e a súa plasmación no territorio é o que permite extraer a primeira conclusión diagnóstica: as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de 1996 representan un instrumento inadecuado en canto foi incapaz de conducir ese desenvolvemento urbanístico excepcional cara a formación dunha estrutura urbana complexa, convenientemente dotada de infraestruturas, servizos e equipamentos, autocentrada e respectuosa co medio natural e produtivo onde se desenvolve.

A renuncia a canalizar racionalmente o desenvolvemento urbanístico, a ausencia de modelo territorial, a utilización abusiva da ordenanza URTA, a permisividade na edificación diseminada sobre un territorio con condicións homoxéneas de accesibilidade, etc., son aspectos que determinan a insostibilidade e en definitiva o fracaso dun modelo de facer urbanismo.

No municipio de Teo, a transformación do sistema tradicional de asentamentos en sistemas urbanos lineais baseados na accesibilidade conferida pola rede de estradas, singularmente a AC-841 e a N-550, foi primada polas determinacións de ordenación establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento de 1996, sen chegar a establecer unha estrutura urbana complexa á marxe desta escueta infraestrutura viaria rexional.

Así, se atendemos aos trazos dominantes relacionados co grao de urbanización, elementos de equipamento, tipoloxía edificatoria, complexidade morfolóxica, usos implantados, etc., conclúese que as expansións residenciais xurdidas nos últimos anos, en desenvolvemento do planeamento, malia ao seu grao elevado de densidade residencial e poboacional, non posúen ditos trazos en condicións tales que permitan adxectivalos como feitos urbanos e si dentro dun carácter que habería que definir como suburbano.

Nas estruturas tradicionais, as tipoloxías con tendencia ao adose que as conforman entremestúranse coas xeradas polo desenvolvemento do planeamento recente, que está representado nos núcleos urbanos de Pontevea, a Ramallosa e en treitos do desenvolvemento lineal sobre a estrada N-550 en A Casalonga. Fronte a aquelas estruturas atopamos outras de formación recente, en bloque aberto e intensidade en torno a $1 \text{ m}^2/\text{m}^2$, froito do desenvolvemento da ordenanza URTA, que foi quen de absorber o 67,50% do grande desenvolvemento inmobiliario que experimentou o municipio e, dentro das diferentes tipoloxías edificatorias, o 85,80% da vivenda colectiva, propiciando un crecemento desestruturado e alleo á base territorial que, nin contribuíu ao reforzo das estruturas urbanas tradicionais, nin xerou unha nova estrutura con trama, infraestruturas, dotacións e servizos capaces de sustentar unha realidade urbana integrada, nin foi quen de inserirse no territorio co mínimo coidado como para permitir con facilidade a superposición dunha posterior estrutura urbana.

A outra expresión territorial da desorde e insostibilidade dun modelo espontáneo á marxe da ordenación urbana e da urbanización primaria e secundaria, está presente na xeneralización de actuacións individuais de construción de vivendas unifamiliares á marxe dos núcleos, en parcelas grandes (de concentración) apoiadas exclusiva e diseminadamente nas pistas, camiños e estradas secundarias, consumindo extensas superficies de solo agrícola detraído do mercado da terra para xerar un submercado urbano que evade calquera das cargas propias da urbanización, hipoteca o desenvolvemento urbanístico futuro e nega calquera aportación á creación de infraestruturas, servizos e mesmo tramas urbanas sostibles.

A infravaloración polo planeamento anterior das consecuencias territoriais e urbanísticas da diseminación xeneralizada da edificación, acadou nas parroquias de Cacheiras e Calo unha magnitude tal que non cabe senón consideralo como un proceso de suburbanización de espazos moi vastos, que terá que ser reintegrado “a posteriori” a un sistema urbanizado.

Este modo de urbanización sub-estándar non só ten repercusión no tipo de colonización do territorio, senón que se traslada ao ámbito das densidades de poboación e residencial. As parroquias de Cacheiras e Os Tilos acollen xa ao 40% da poboación actual (6.623 habitantes de dereito), despegándose longamente do único ámbito comparable -o eixe tradicional da estrada N-550 e a parroquia de Calo co 24,7%- e presentando xa unha densidade poboacional de 532 habitantes/ Km^2 que máis que duplica a media da comarca, con niveis de densidade residencial que apuntan unha escala de concentración de natureza claramente urbana.

A estes fenómenos engádese o sistema de urbanizacións xurdidas do planeamento anterior ao de 1996 que se ben xurdiu igualmente á marxe da estrutura territorial de base, buscando espazos de oportunidade nos límites con Santiago de Compostela, cando menos representan estruturas urbanas por veces complexas, coma no caso dos Tilos, un xeito de colonización que pon por diante a urbanización, en clara contraposición co desenvolvemento das URTAs, e cunhas intensidades menores que facilitan mellores resultados de calidade das formacións urbanas.

O resto do territorio municipal non escapa á forte presión degradadora producida pola edificación anárquica e diseminada. A gravidade da situación observada nas parroquias periurbanas do norte, cun evidente grao de suburbanización, ameaza con comprometer, tamén noutras parroquias, a consolidación e mellora dos núcleos rurais de orixe, a óptima explotación dos recursos naturais do municipio, o desenvolvemento do crecemento urbano, e mesmo dificulta a implantación de novas infraestruturas territoriais.

Para un territorio tan tensionado, as Normas Subsidiarias vixentes non conseguiron asentar un modelo coherente de ordenación pola conxunción de diversos factores, entre os que destacan:

- A ampliación desmedida e inxustificada dalgúns núcleos tradicionais seguindo as infraestruturas viarias.
- A introducción da posibilidade de edificar en solo rústico dun modo indiscriminado, fomentando a diseminación.
- O establecemento das proteccións nos solos rústicos de xeito inconexo e cunha contradictoria permisividade na implantación de usos residenciais.
- A carencia dunha estrutura xeral do territorio consecuente coa ordenación proposta.

Neste contexto, a multiplicación de actuacións illadas de vivendas unifamiliares seguiu distorsionando notablemente o sistema tradicional de asentamentos e os usos agrarios sufriron un negativo impacto deste uso residencial extensivo e diseminado. Deste xeito, nalgúns sectores, o espazo agrícola perdeu a súa continuidade.

As zonas forestais sofren tamén os efectos do crecemento desordenado nas proximidades dos núcleos ao non ter sido debidamente protexidas e acoller indiscriminadamente usos industriais e dotacionais así como novas expansións residenciais diseminadas.

A aparición de crecementos apoiados nas novas infraestruturas viarias da concentración parcelaria, sen relación nin vencellamentos co medio rural e fundamentados nunha mal entendida apropiación dos valores paisaxísticos e ambientais están a condicionar as posibilidades de mellora da rendibilidade das explotacións, ocasionando a dilapidación de importantes recursos, a proliferación e difusión de diferentes impactos ambientais, e -ao cabo- o deterioro das condicións e calidades que o fixeron atractivo aos novos residentes.

Faise patente a necesidade de reconducir a actividade e o uso edificatorio aos límites dos asentamentos rurais tradicionais. Nestes, a capacidade residencial está lonxe de estar esgotada, quedando solo de compleción así como arquitectura tradicional para recuperar.

É este conxunto de desadecuacións o que está na base do Decreto 115/2001 de 25 de maio que suspendeu a vixencia das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Teo en determinadas zonas, e a posterior Resolución de 18 de febreiro de 2002 polo que se acorda formular un Proxecto de Ordenación do Medio Rural e suspender licencias en determinados ámbitos, poñendo colofón a unha etapa de forte impronta negativa no territorio municipal que o Plan Xeral Municipal debe vir a superar compatibilizando o crecemento urbano equilibrado coa eficiencia funcional das infraestruturas municipais, comarcais e rexionais e coa preservación e valoración dos recursos ambientais e produtivos.